



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de maio de 2021

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (online)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez (online)
D. Carlos López Font (online)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e un de maio de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(406).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 10 de maio e ordinaria do 13 de maio de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(407).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 13627/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/05/21, asinado polo xefe de Área Xudicial de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA.

1.- Contencioso. Expediente nº 11194/111

Providencia do 8 de abril de 2021

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1.

Casación : 4700/2020

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública.

Obxecto: Inactividade polo incumprimento do Convenio CZFV/XUNTA do 10/02/2009.

Expte(s): 1474/110

Contía: 11.500.000,00 €

Inadmite o recurso de casación do Concello por carencia de interese casacional obxectivo (polo marcado casuísmo da controversia), con custas taxadas.

O Concello de Vigo e a XMU deben executar o resolto na sentenza nº 136/2020 nos seus termos, volvendo os inmobles (obxecto da acta de entrega do 10-2-2009) á titularidade da CZFV e/ou tramitando e formalizando un novo acordo entre o CZFV e o Concello que regularice a situación (como xa se fixo entre o CZFV e a Xunta de Galicia o 2-8-2017).

Procedemento de orixe: RCA 4580/2017 PO – TSXG Sección 2, sentenza nº 136/2020 do 24/02/2020, estimatoria.

2.- Contencioso. Expediente nº 13245/111

Sentenza nº 41 do 8 de abril de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 312/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución estimatoria parcial de responsabilidade patrimonial, na que se condena a Mapfre o aboamento de indemnización en concepto de danos e prexuízos.

Expte(s): 5738/243

Contía: 9.808,05 €

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso, con custas taxadas. Este recurso é singular, é a aseguradora municipal a que impugna un acto administrativo que estima parcialmente unha RPA (con repetición contra a contratista das obras no lugar).

Por esta razón impugnamos a lexitimación activa da demandante, con base na súa relación contractual co Concello e na aplicación da lexislación do contrato de seguro.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 13318/111

Sentenza nº 39 do 5 de abril de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 341/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do TEA de 18/09/2020 que inadmite reclamación económica administrativa contra dilixencia de embargo en relación co imposto sobre IBI.

Expte(s): 5155/550



Concello de Vigo

Contía: 548,36 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso anulando a inadmisión polo TE-A do Concello de Vigo da reclamación, con retroacción das actuacións para que se dite un novo acto administrativo substitutivo do anulado conforme ao resolto no fallo da sentenza. O TE-A do Concello de Vigo debe executar, en tempo e forma, o xudicialmente resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 13393/111
Sentenza nº 55 do 3 de maio de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 34/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución de data 13/11/2020 de responsabilidade patrimonial que desestima recurso de reposición contra outra de data 10/06/2019.
Expte(s): 5551/243
Contía: 13.635,78 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Patrimonio - RPA debe coñecer o resolto e verificar que a contratista cumpra co acto municipal confirmado xudicialmente.

5.- Contencioso. Expediente nº 13402/111
Sentenza nº 78 do 15 de abril de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 42/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Decreto de data 02/12/2020 a inadmisión dos recursos extraordinarios de revisión das sancións de tráfico impostas.
Expte(s): 1786844833, 188635254 e 178862626
Contía: 736,52

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula os actos recorridos e os expedientes sancionadores, con condena á devolver as cantidades embargadas (736,52 €). O departamento de Seguridade e a Tesourería Recadación Municipal deben executar o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 13414/111
Sentenza nº 46 do 20 de abril de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 25/2021
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Resolución sobre reclamación patrimonial polo mal funcionamento do servizo de subministro de auga potable.
Expte(s): 5991/243
Contía: 1.089,00 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso e:
a) anula o acto administrativo do Concello.

b) declara a obriga da concesionaria Aqualia FCC Vigo UTE de indemnizar á recorrente polo importe de 1.089 € cos xuros legais dende a data da reclamación administrativa (31-7-2019).

O departamento de Patrimonio - RPA debe coñecer o resolto e verificar que se execute pola contratista.

7.- Contencioso. Expediente nº 13415/111
Sentenza nº 54 do 28 de abril de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 48/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos no vehículo.
Expte(s): 6211/243
Contía: 1.049,31 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso en canto ao importe da indemnización (que se fixa en 1.049,31 €), mantendo a súa imputación á contratista (Contenur) conforme ao establecido no art. 196 da LCSP e na cl.25.6 do PCAP.

O departamento de Patrimonio - RPA e o de Limpeza deben coñecer o resolto e verificar que se execute pola concesionaria.

8.- Contencioso. Expediente nº 13417/111
Auto nº 96 do 13 de abril de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela
Abreviado: 521/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada o 19/10/2020 en expediente sancionador, que desestima recurso de reposición contra sanción de 900 € por presunta infracción.
Expte(s): 2018/22458
Contía: 900,00 €

Declara rematado o procedemento por recoñecemento en vía administrativa (revogación: estimación de reposición o 3-12-2020).

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Executiva deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 13420/111
Auto nº 16 do 18 de marzo de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 52/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada en expediente sancionador, que desestima recurso de reposición.
Expte(s): 283981-280
Contía: 300,00 €

Declara o arquivo do procedemento.



Concello de Vigo

O Departamento de Seguridade e a Tesourería Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 13459/111
Sentenza nº 66 do 6 de abril de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 69/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Acordo do Tribunal Económico Administrativo desestimatorio da reclamación sobre autoliquidación e devolución de ingresos indebidos do IIVTNU.
Expte(s): 5185/550
Contía: 1.239,32 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O TE-A C.V., a Administración de Tributos (IIVTNU) e a Inspección Tributaria deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 13486/111
Sentenza nº 98 do 29 de abril de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 78/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 15/12/2020 desestimatoria do Recurso de Reposición contra outra do 5/11/2020 que impón sanción de 300 € e retirada de 2 ptos do carne de conducir.
Expte(s): 284055-280
Contía: 300,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Seguridade e a Tesourería Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 13487/111
Sentenza nº 96 do 23 de abril de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 84/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución desestimatoria do Recurso de Reposición no expediente sancionador nº 2020/06178.
Expte(s): 284084/280
Contía: 500.00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

B/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE SOCIAL.

1.- Social. Expediente nº 12538/111
Sentenza nº 211 do 13 de abril de 2021

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Despedimento/cesamento en xeral: 1006/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Despi. disciplinario, contrato servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en determinadas praias de Vigo.

Contía: 1.028,82 €

Esta sentenza, que non é firme, estima a demanda en relación coa empresa MOVE SERVICIOS DE OCIO, DEPORTE S.L., declara improcedente o despedimento e declara extinguida a relación laboral con indemnización determinada.

Como se recolle no FD Primeiro. 3 o actor desistiu, no curso do proceso, do pretendido fronte ao Concello, polo que nada temos que executar.

Os departamentos de Medio Ambiente, Contratación e Persoal deben coñecer o resolto.

2.- Social. Expediente nº 12658/111

Sentenza do 24 de marzo de 2021

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 2379/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento da relación laboral co concello de Vigo como fixo e, subsidiariamente, indefinido como mestre de formación de encaixe de palillos na Escola municipal de Artes e Oficios

Resolve os dous recursos de suplicación (da demandante e do Concello) contra a sentenza nº 48/2020 de instancia, o primeiro é desestimado (FFDD 1o e 2o), e o do Concello (FFDD 3o e 4o) é estimado, revogando a sentenza recorrida e desestimando a demanda. O departamento de Persoal e o de Educación - EMAO deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe: PO 860/2019 – Xulgado do Social nº 2 de Vigo, sentenza nº 48 do 28/01/2020, (estimatoria parcial), comunicada na sesión da XGL do 06/03/2020.

3.- Social. Expediente nº 13046/111

Sentenza nº 246 do 27 de abril de 2021

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 564/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación de salarios e cantidades.

Contía : 1.808,81 €

Esta sentenza, firme, estima a demanda en relación coas empresas demandadas.

O Concello alegou a súa falta de lexitimación pasiva no proceso.

Os departamentos de Cultura, Museos e o de Persoal deben coñecer o resolto.

4.- Social. Expediente nº 13308/111

Acta de conciliación do 19 de abril de 2021

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 785/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación de cantidades.



Concello de Vigo

Contía : 548,36 €

Na conciliación previa ao xuízo sinalado para o 19-4-2021 o demandante desiste en relación con Concello

O departamento de Cultura debe coñecer o resolto e verificar que se aplique a cl.26 do PCAP.

5.- Social. Expediente nº 13479/111

Sentenza nº 259 do 20 de abril de 2021

Xulgado do Social nº 1 de VIGO

Sanción: 170/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Incoación de expediente disciplinario con adopción de medida cautelar de suspensión de emprego e soldo.

Expte(s): 17877/77

Esta sentenza, firme, estima parcialmente a demanda, revoga a sanción (de 51 días de emprego e soldo), cualifica a falta como leve, e autoriza ao Concello a sancionar ao demandante no prazo de 10 días por esta falta.

O departamento de Emprego debe executar o resolto en canto á sanción ao demandante, e reintegralo nos dereitos afectados pola sanción inicialmente imposta e anulada (suspensión de haberes e cotizacións entre o 15-2-2021 e o 3-3-2021).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(408).- PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DE LIQUIDACIÓN DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR – 1º SEMESTRE 2021: CENTROS DE DÍA TEIS (ATALAIA), COIA E VALADARES. EXPTE. 214951/301.

Dáse conta do informe-proposta do 11/05/21, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira de Política de Benestar Social e conformado pola titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tiveron entrada no Rexistro deste Concello, na data que se indica, as seguintes liquidacións definitivas aprobadas e remitidas pola Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB), correspondentes ós Centros de Día de Teis (Atalaia), Coia e Valadares:

EXERCICIO: 2021 (1º semestre)						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
172/2021	23.04.2021	26.04.2021	210069708	TEIS	1º semestre 2021	22.500€ (18 prazas x 1.250€/praza)
198/2021	23.04.2021	26.04.2021	210069708	COIA	1º semestre 2021	58.750€ (47 prazas x 1.250€/praza)



Concello de Vigo

199/2021	23.04.2021	26.04.2021	210069708	VALADARES	1º semestre 2021	38.750€ (31 prazas x 1.250€/praza)
----------	------------	------------	-----------	-----------	------------------	---------------------------------------

I.2. Tal como se informa nas comunicacións remitidas polo Sr. Xerente do Consorcio, de non efectuarse o pagamento de forma voluntaria (prazo: 3 meses), «a débeda contraída poderá ser obxecto de compensación coa participación do Concello no Fondo de Cooperación Local ao ter as cantidades que corresponda aboar ao Concello derivadas do réxime de cofinanciamento previsto no artigo 69 da Lei 2/2017, a consideración de débedas firmes, líquidas e esixibles».

De feito, mediante Resolución do Director Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Admóns. Públicas da Xunta de Galicia de data 20.10.2020 acordouse, a instancias do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar practicar unha retención de fondos do Fondo de Cooperación Local (FCL) ó Concello de Vigo polas débedas reclamadas polo CGSIB derivadas das liquidacións dos Centros de Día da Xunta en Vigo correspondentes ó período 1º semestre 2017 – 1º semestre de 2020, por un importe total de 1.157.500,00 €.

Esa Resolución foi recorrida xa polo Concello de Vigo perante o TSXG (RCA nº 72/2021; Exp. nº 13472/111), segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 23.12.2020 (Exp. nº 203494/301) xunto coa Resolución do Xerente do CGSIB aprobatoria da liquidación do 2º semestre de 2020.

O recurso foi admitido a trámite, atopándose actualmente en fase de formulación da demanda. Reseñar que a medida cautelar instada de suspensión do acto impugnado ata a resolución do RCA foi denegada mediante Auto nº 47/202, do 06.04.2021.

I.3. Como se expresa nas correspondentes notificacións, contra aquelas Resolucións do Xerente do Consorcio, que esgotan a vía administrativa, cabe formular potestativamente o requirimento previo de anulación/revogación perante ese mesmo órgano no prazo de dous (2) meses ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do CA do TSXG (Art. 10.1.g] LRXCA).

II. DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA

II.1. No Expediente nº 11220/111 da Asesoría Xurídica Municipal (conexo co nº 146526/301 de Benestar Social) tramitouse perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o Recurso Contencioso-Administrativo (RCA) interposto por este Concello mediante acordo da XGL do 17.01.2018 contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 08.09.2017 pola que se aprobou a “1ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DÍA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 244/2017, 270/2017 e 271/2017].

II.2. Solicitada pola Asesoría Xurídica Municipal a acumulación da Resolución da 2ª liquidación ó referido RCA, que se tramitou como procedemento ordinario PO 42/2018 pola Sección 1ª da Sala do CA do TSXG, tal pedimento foi desestimado mediante Providencia do 18.06.2018, o que determinou a necesidade de interpoñer un RCA diferenciado a respecto

desa nova Resolución e así foi acordado pola XGL do 12.07.2018, que decidiu impugnar en vía contencioso-administrativa a “2ª liquidación semestral 2017 – Réxime de cofinanciamento para os CENTROS DE DIA xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” [liquidacións núms. 630/2017, 605/2017 e 631/2017].

II.3. Por STSX de Galicia nº 90/2020 do 06.02.2020, ditada no RCA nº 4050/2019, foi desestimado o primeiro recurso presentado polo Concello de Vigo. Esta sentenza é firme, pero non así a STSX de Galicia nº 667/2020 do 04.12.2020 que desestima o RCA formulado sobre requirimento de revogación das liquidacións correspondentes á 2ª liquidación semestral de 2017 dos Centros de día da Xunta de Galicia en Vigo.

Contra esta última Sentenza cabe recurso de casación perante o Tribunal Supremo e tanto a Concellería de Política de Benestar Social como a Asesoría xurídica municipal (Exp. nº 13383/11; acordo da XGL do 11.02.2021) consideraron que debía plantexarse en todo caso para esclarecer definitivamente o réxime competencial en materia de servizos sociais logo da promulgación da L.27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; cuestión non abordada nin resolta debidamente, na nosa opinión, nesas dúas sentenzas do TSXG. A preparación deste recurso de casación atópase actualmente en trámite na Asesoría xurídica do Concello.

II.4. Por congruencia e por entender que as Resolucións obxecto de controversia e a normativa autonómica na que se pretenden abeirar (L.2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación) constitúen unha infracción da lexislación estatal de Réxime local en materia de distribución de competencias e da propia lexislación sectorial autonómica reguladora dos Servizos sociais, ademais dunha grave vulneración da garantía institucional da autonomía local na súa vertente financeira (Art. 142 CE, LO.2/2012, etc.), considerouse tamén xustificada e conforme a Dereito a interposición de recurso contencioso – administrativo contra as Resolucións do Xerente do CGSIB de datas 19.02.2020, 20.02.2020, 24.02.2020 e 23.04.2020 polas que se aprobaron as liquidacións correspondentes ós Centros de día de Coia, Teis (Atalaia) e Valadares dos exercicios de 2018, 2019 e 1º semestre de 2020.

Así foi acordado pola XGL na súa sesión ordinaria do 17.07.2020, interpoñéndose pola Asesoría xurídica municipal RCA perante a Sala do CA do TSXG o 28.07.2020 (Exp. nº 12920/111), estando o pleito (PO 257/2020) pendente aínda de sentenza.

II.5. Idéntica resposta propúxose pola Concellería de Política de Benestar Social a respecto da Resolución aprobatoria das liquidacións definitivas referidas ó 2º semestre de 2020 (Exp. nº 203494/301 e 13471/111). A XGL decidiu interpoñer igualmente RCA na súa sesión do 23.12.2020; recurso (nº 71/2021) que foi xa admitido a trámite (Decreto do 18.03.2021).

II.6. Polos argumentos xa expostos, considerando que só unha das Resolucións notificadas polo CGSIB gañou firmeza (liquidacións do 1º semestre de 2017 – STSX de Galicia nº 90/2020 do 06.02.2020) e que neste intre atópase en fase de preparación o recurso de casación perante o TS contra a STSX de Galicia nº 667/2020 do 04.12.2020, entendemos que procedería interpoñer tamén RCA contra a nova Resolución do Xerente do Consorcio aprobatoria das liquidacións definitivas do 1º semestre de 2021, notificadas ó Concello o 26.04.2021.



Concello de Vigo

II.7. Dase por emitido polo Asesor xurídico adxunto da Área de Benestar social, nos termos recollidos neste informe-proposta, o informe xurídico previsto nos Arts. 54.3 do TRRL e 221.1 do ROF, segundo os que os acordos para o exercicio de accións necesarias para a defensa dos bens e dereitos das Entidades Locais deberán adoptarse previo ditame do Secretario ou, de ser o caso, da Asesoría xurídica e, en defecto destes, dun Letrado.

II.8. É competente para acordar da interposición deste recurso a Xunta de Goberno Local, segundo o previsto no Art. 127.1.j] da LRBRL (L.7/1985) e no Apdo. Primeiro Pto. 1.5 da Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, segundo a que correspóndelle a este órgano colexiado o «*exercicio de accións xudiciais e administrativas na materia das atribucións delegadas*».

III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Interpoñer recurso contencioso – administrativo contra a Resolución do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de data 23.04.2021, notificada o 26.04.2021 (Doc. nº 210069708) pola que se aprobaron as liquidacións definitivas correspondentes ós Centros de día de Teis (Atalaia), Coia e Valadares do exercicio de 2021 (1º semestre) que se recollen na seguinte táboa:

EXERCICIO: 2021 (1º semestre)						
LIQUIDACIÓN Nº	DATA RESOL. XERENTE CGSIB	DATA REXISTRO MUNICIPAL	Nº DOC.	CENTRO DE DIA	PERIODO	IMPORTE
172/2021	23.04.2021	26.04.2021	210069708	TEIS	1º semestre 2021	22.500€ (18 prazas x 1.250€/praza)
198/2021	23.04.2021	26.04.2021	210069708	COIA	1º semestre 2021	58.750€ (47 prazas x 1.250€/praza)
199/2021	23.04.2021	26.04.2021	210069708	VALADARES	1º semestre 2021	38.750€ (31 prazas x 1.250€/praza)

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo e do expediente administrativo de referencia do servizo xestor (Exp. nº 214951/301) á Asesoría xurídica municipal para os efectos indicados».

Con todo, a Xunta de Goberno Local, co seu superior criterio, resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(409).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES”. EXPTE. 215705/301.

Visto o informe xurídico do 22/04/21 e o informe de fiscalización do 10/05/21, dáse conta do informe-proposta do 21/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ven traballando coa “Asociación Misión del Silencio”, entidade que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social “*Virgen de Lourdes*”.

I.3. Durante a situación extraordinaria de confinamento domiciliario provocado pola pandemia da COVID-19 no ano 2020, a necesidade esencial e imprevista de reparto de alimentos básicos e subministro diario de comidas foi atendida de urxencia desde a Concellería de Política de Benestar Social, entre outros medios, derivando ás persoas e familias vulnerables ós comedores sociais da cidade para recoller ás comidas alí preparadas, como no xestionado na nosa cidade por esta Asociación, que elaborou e entregou, entre mediados de marzo e xuño do ano pasado, un total de 10.821 menús, recibindo unha subvención municipal de 10.821€ (Exp. núms. 204596/301 e 207891/301).

I.4. Así as cousas, estímase conveniente a continuación desa colaboración, como mínimo, para os exercicios de 2021-2024, a fin de atender as necesidades das persoas usuarias derivadas polos servizos sociais municipais, garantir o normal funcionamento do comedor social “*Virgen de Lourdes*” e dotar ós servizos prestados pola “Asociación Misión del Silencio” da necesaria estabilidade que lle permita seguir atendendo ás necesidades básicas de alimentación das persoas e familias usuarias; especialmente as máis afectadas pola crise sanitaria e social derivada da actual pandemia.

I.5. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2021 existe consignación de crédito, por importe de 26.200€, na aplicación orzamentaria nº



Concello de Vigo

2310.489.00.14 – “*Convenio Misioneros del Silencio*”. As subvencións previstas para os exercicios posteriores de 2022, 2023 e 2024 (outros 26.200€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.6. Faise constar que a contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Asociación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de 1€/menú; que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais.

A Concellería de Política de Benestar Social propónse aplicar paulatinamente este mesmo criterio obxectivo de cofinanciamento municipal ós demais convenios subscritos coas entidades sociais titulares doutros comedores sociais da cidade que contan tamén con subvención deste Concello.

I.7. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.8. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.9. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2021-2024), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

De calquera xeito, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que, de ser o caso, se consigne nos respectivos orzamentos de 2022, 2023 e 2024.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES” (2021–2024)»; recurso complementario dos municipais destinados á atención das necesidades básicas de alimentación de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 104.800€, a razón de 26.200€/ano, con cargo no exercicio de 2021 á aplicación orzamentaria n.º 2310.489.00.14 – “*Convenio Misioneros del Silencio*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2022, 2023 e 2024) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN MISIÓN DEL SILENCIO” PARA A ATENCIÓN DAS PERSOAS DERIVADAS POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS Ó COMEDOR “VIRGEN DE LOURDES” (2021–2024)».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a M^a Guadalupe Egido Pérez, Presidenta da «Asociación Misión del Silencio», con DNI nº 36.015.246-Y e enderezo para os efectos de notificación na rúa Urzáiz nº 39 de Vigo.



Concello de Vigo

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D^a M^a Guadalupe Egido Pérez, actuando en representación da «Asociación Misión del Silencio» (CIF R3600388G), segundo así resulta dos seus Estatutos e da demais documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira – Delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación Misión del Silencio» é unha institución privada relixiosa fundada en 1974 que conta na nosa cidade cun comedor social na rúa Urzáiz nº 39 (*“Comedor social Virgen de Lourdes”*), en funcionamento desde hai moitos anos. Dispón de 44 prazas autorizadas pola Xunta de Galicia e atende nel a persoas e familias en situación de grave vulnerabilidade social.

II.- Que durante a situación extraordinaria de confinamento domiciliario provocado pola pandemia da COVID-19 no ano 2020, a necesidade esencial e imprevista de reparto de alimentos básicos e subministro diario de comidas foi atendida de urxencia desde a Concellería de Política de Benestar Social, entre outros medios, derivando ás persoas e familias vulnerables ós comedores sociais da cidade para recoller ás comidas alí preparadas, como no xestionado na nosa cidade pola «Asociación Misión del Silencio», que elaborou e entregou, entre mediados de marzo e xuño do ano pasado, un total de 10.821 menús.

Os servizos ofrecidos pola «Asociación Misión del Silencio» foron:

- Dispensación de comidas preparadas.
- Orientación social e profesional ás persoas que a demandaron.
- Información, orientación e acompañamento por parte de profesional do Traballo Social.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que seguen a ter a necesidade de acudir a este tipo de recursos para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementarios dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra

En virtude deste Convenio, o *“Comedor social Virgen de Lourdes”* da «Asociación Misión del Silencio» súmase ós dispositivos existentes na nosa cidade que contan con subvención municipal para atender ás persoas derivadas polos servizos sociais do Concello e garantir o seu normal funcionamento.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais



Concello de Vigo

que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2021, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Misión del Silencio» para a atención das persoas derivadas polos servizos sociais municipais ó comedor social “*Virgen de Lourdes*”, situado na rúa Urzáiz nº 39 de Vigo, contribuíndo ó seu normal funcionamento e dotando ós servizos prestados pola Asociación da necesaria estabilidade que lle permita seguir atendendo ás necesidades básicas de alimentación das persoas e familias usuarias.

SEGUNDA.- A «Asociación Misión del Silencio» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo na atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social e, concretamente a:

1º) Xestionar o funcionamento dun comedor social para a atención de persoas en situación ou risco de exclusión social con necesidades de manutención que residen temporal ou permanentemente neste Concello, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica.

2º) Atender no comedor social “*Virgen de Lourdes*” ás persoas derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello de Vigo.

3ª) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación Misión del Silencio» unha subvención para cada un dos exercicios de (2021-2024) por importe máximo de 26.200€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 104.800€. O gasto correspondente a 2021 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.14 – “*Convenio Misioneros del Silencio*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2022-2024) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

A contía anual da subvención prevista calculouse de forma obxectiva e con base nas previsións da propia Asociación, acordándose polas partes que a achega municipal fose a razón de

1€/menú; que representaría, aproximadamente, un 25% do custo das comidas servidas ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais .

A Concellería de Política de Benestar Social propónse aplicar paulatinamente este mesmo criterio obxectivo de cofinanciamento municipal ós demais convenios subscritos coas entidades sociais titulares doutros comedores sociais da cidade que contan tamén con subvención deste Concello.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2021, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2022-2024, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. Para xustificar o gasto correspondente ós meses de outubro, novembro e decembro tomarase como referencia o do mes de setembro. De existir diferencias co gasto real executado, estas serán obxecto de reaxuste no primeiro trimestre da seguinte anualidade.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de que non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria



Concello de Vigo

deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
A comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2021–2024), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da «Asociación Misión del Silencio» e dous/dúas técnicos/as municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO CUARTA.- A «Asociación Misión del Silencio» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A «Asociación Misión del Silencio» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

Ademais, con periodicidade mínima trimestral, a «Asociación Misión del Silencio» remitirá á Concellería de Política de Benestar Social unha relación completa das persoas usuarias derivadas polos servizos sociais municipais que foron atendidas no comedor social “*Virgen de Lourdes*”, que permita ir verificando durante a súa execución o cumprimento do acordado neste Convenio.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; RLC e RNT como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.



Concello de Vigo

- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicita a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de

Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

5(410).- ADDENDA 2021 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ACOLLEMENTO FAMILIAR “VACACIONES EN PAZ”(2019-2021). EXPTE. 215799/301.

Visto o informe de fiscalización do 12/05/21, dáse conta do informe-proposta do 15/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Área, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A Asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharai» (SOGAPS) ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o pobo galego e o pobo saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre ámbolos dous pobos e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

I.2. Estes fins materialízanse no seu proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIONES EN PAZ”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais desde os campamentos de refuxiados de Tindouf á nosa cidade para seren acollidos/as por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto. Facilitarlles asistencia médica, ofertar unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

I.3. Este proxecto desenvólvese desde hai uns 25 anos, amosando unha capacidade de organización e responsabilidade notorias, contando cunha grande experiencia e unha ampla rede de solidariedade en Vigo. Enténdese que as Administracións Públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias destes cidadáns; apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes/as nenos/as ata a nosa cidade.

I.4. Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 09.05.2019 aprobouse o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIONES EN PAZ” (2019-2021)», que foi asinado polas partes o 14.05.2019 (Exp. nº 180641/301).

I.5. Nos orzamentos anuais para o exercicio de 2021, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo o 23.12.2019 (BOP nº 248, do 28.12.2020) figura consignado, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 (“*Convenio saharais*”), un importe de 70.000€. A subvención a SOGAPS ten, pois, a consideración de subvención directa (nominativa)

segundo o Art. 28 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.6. Na situación actual, aínda baixo os efectos da grave crise sanitaria e social ocasionada pola pandemia do COVID-19, as partes entenden que, ó igual que sucedeu o ano pasado, resulta de todo punto imposible desenvolver este ano o proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIÓNS EN PAZ” e o máis recomendable é que os/as nenos/as participantes permanezan nas súas *jaimas*, nos campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria).

I.7. Por parte da Delegación do Pobo Saharai en Galicia e da Asociación SOGAPS propúxose ó Concello de Vigo substituír tamén en 2021, con carácter excepcional, o financiamento do proxecto “VACACIÓNS EN PAZ” por outro consistente na subministración de axuda alimentaria á poboación refuxiada saharai, tal como figura no “PROXECTO: Axuda alimentaria para a Poboación Refuxiada Saharai en Tindouf”, cun orzamento de gastos de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS) e co que se pretende contribuír a mellorar as súas condicións de vida.

I.8. Por todo o anteriormente exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar, co contido indicado, unha ADDENDA para o ano 2021 ó Convenio de colaboración coa Asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharai» asinado o 14.05.2019 que afecta ás súas Estipulacións Primeira, Segunda e Cuarta.

I.9. De acordo co previsto na súa Estipulación Décimo quinta: *«Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente Addenda»*.

I.10. Tal como se recollía expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» sometida á aprobación da XGL en 2019, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.11. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), esta Addenda deberá ser sometida a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Base nº 40.3), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

I.12. Como queira que os compromisos económicos asumidos en virtude deste Convenio modificado pola Addenda en cuestión non superan os 600.000€, non será necesaria a súa remisión electrónica ó Tribunal de Contas ou ó órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das facultades que teñen legalmente atribuídas para



Concello de Vigo

reclamar cantos datos, documentos e antecedentes estimen pertinentes (Art. 53 LRXSP), como así se recollía xa no Convenio aprobado o 09.05.2019.

I.13. A competencia para aprobar a Addenda ó precitado Convenio e, previamente, o gasto que representa, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e Apdo. terceiro, Ptos. 5, 13 e 14 das Resolúcións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área.

I.14. A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa (Resolúcións do 18.06.2019 e 26.06.2019, Apdo. Terceiro, Pto. 5 e Base nº 40.2), á Concelleira delegada de Política de Benestar Social.

I.15. O preceptivo informe xurídico (Base nº 40.3 das de execución do orzamento xeral) dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á ADDENDA ó convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo e a «Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai» para o exercicio de 2021, co texto que a seguir se transcribe.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 -*Convenio saharauis*–, destinado a financiar en 2021 o proxecto alternativo: “PROXECTO: Axuda alimentaria para a Poboación Refuxiada Saharai en Tindouf”, por imposibilidade de levar a cabo o proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIONS EN PAZ” a causa da pandemia do COVID-19.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO EN 2021 DO “PROXECTO: AXUDA ALIMENTARIA PARA A POBOACIÓN REFUXIADA SAHARAUI EN TINDOUF”

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a. María Isla Aviión, con DNI nº 35.544.300-P, Presidenta da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» (SOGAPS), CIF nº G-15924558, con sede social na Avda. Gregorio Espino, nº 57, baixo, de Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D^a. María Isla Aviión, actuando en representación da Asociación «SOGAPS», segundo así resulta da certificación do acordo adoptado na súa Asemblea xeral extraordinaria do 08.10.2018 e dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización da presente Addenda e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. O 14.05.2019 foi asinado polas partes o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIONES EN PAZ” (2019-2021)», aprobado previamente na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 09.05.2019 (Exp. nº 180641/301).

II. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai (SOGAPS)» para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “VACACIONES EN PAZ”, que consiste no



Concello de Vigo

traslado a Vigo de nenos e nenas saharauis procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria) para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas.

III. Na situación actual, aínda baixo os efectos da grave crise sanitaria e social ocasionada pola pandemia da COVID-19, as partes entenden que resulta de todo punto imposible desenvolver tamén neste ano 2021, con todas as garantías esixibles, o proxecto de acollemento familiar temporal "VACACIÓNS EN PAZ" e o máis recomendable é que os/as nenos/as participantes permanezan nas súas *jaimas*, nos campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria).

Así as cousas, tanto a Delegación do Pobo Saharai en Galicia como a Asociación SOGAPS propuxeron ó Concello de Vigo, ó igual que o ano pasado, substituír en 2021, con carácter excepcional, o financiamento do proxecto "VACACIÓNS EN PAZ" por outro consistente na subministración de axuda alimentaria á poboación refuxiada saharai, tal como figura no "PROXECTO: Axuda alimentaria para a Poboación Refuxiada Saharai en Tindouf", presentado formalmente o 07.04.2021 (Doc. nº 210055444; Exp. nº 215798/301), cun orzamento de gastos de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS) e co que se pretende contribuír á mellora das súas condicións de vida.

O número total estimado de beneficiarios do Proxecto é de 173.600 persoas.

Tocante á execución deste proxecto alternativo, tal como se indica na Memoria presentada pola Asociación SOGAPS: *«O proxecto responde a unha necesidade detectada pola Media Luna Roja Saharai e polas autoridades saharauis (...) Todos os proxectos de desenvolvemento, cooperación ou axuda humanitaria nos Campamentos de Refuxiados Saharauis de Tindouf han ter como contraparte local á Media Luna Roja Saharai e foron financiados por institucións públicas e privadas, tanto españolas como europeas, ademais de organismos internacionais como P.M.A., ACNUR, etc. (...) Aportaranse almacéns e camións para a distribución local. Ademais, polas condicións propias e organizativas do Pobo Saharai, as persoas que van desenvolver o proxecto son voluntarias e as encargadas de executar o proxecto (...) Os almacéns serán cedidos polo Goberno Saharai, a compra realizarase co financiamento do proxecto. A distribución farase a través do persoal local da Media Luna Roja Saharai».*

Tendo en conta o anteriormente exposto as partes,

«ACORDAN

PRIMEIRO: Autorizar que para o exercicio de 2021, con carácter excepcional e motivado pola situación extraordinaria ocasionada pola pandemia da COVID-19, se substitúa a execución do "PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL "VACACIÓNS EN PAZ" por outro proxecto humanitario de axuda alimentaria ("PROXECTO: Axuda alimentaria para a Poboación Refuxiada Saharai en Tindouf") cun custo de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS), financiable con cargo á aplicación nº 2310.489.00.11 – *convenio saharauis*.

SEGUNDO: A presente Addenda, que modifica as Estipulacións Primeira, Segunda e Cuarta do Convenio asinado o 14.05.2019, estará en vigor durante 2021».

E en proba de conformidade, as partes asinan esta Addenda, por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

6(411).- RECOÑECEMENTO DE DEREITO A CLECE S.A. A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE DINAMIZACIÓN INFANTIL COMO CONSECUCENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 6465/241.

Visto o informe de fiscalización do 11/05/21, dáse conta do informe-proposta do 19/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020)
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer frente ao COVID-19
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19



Concello de Vigo

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acorda o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data amplíase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Segundo.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Terceiro.- Mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Cuarto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Quinto.- O Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dous apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sexto.- En data 22 de marzo de 2020, D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ VILLALBA, con DNI 12.379.700-L, en representación de CLECE, S.A., empresa adxudicataria por acordo da Xunta de Goberno local do 23 de marzo de 2015, presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo solicitude de declaración de imposibilidade de execución do contrato de XESTIÓN DOS SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL (4.156-336) como consecuencia do coronavirus COVID-19.

Este contrato formalizouse o 15 de abril de 2015, iniciándose a prestación ao día seguinte. O contrato atópase na última prórroga por acordo da Xunta de Goberno local do 20 de febreiro de 2020.

Sétimo.- En data o 9 de abril de 2020 a XGL acordou:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a XESTIÓN DOS SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL (4.156-336), formalizado con CLECE, S.A., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

Oitavo.- En data 26 de xuño de 2020 a XGL adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Reanudar a execución total do contrato de xestión dos servizos de dinamización infantil (4.156-336) o luns, 29 de xuño de 2020 nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Xuventude, limitando o aforo a 30 participantes, organizando aos participantes en grupos de ata 10 persoas incluído o monitor/a.”

Noveno.- En data 20 de xullo de 2020, CLECE S.A., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello escrito de solicitude de indemnización como consecuencia da suspensión do contrato administrativo do servizo de dinamización infantil, de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

O 7 de outubro de 2020 a xefa do servizo de Xuventude emitiu informe en relación coa documentación presentada. Con data 15 de outubro de 2020 a xefa do Servizo de Contratación asinou, coa conformidade da concelleira delegada, informe proposta para o abono da indemnización solicitada.

Devolto o expediente pola Intervención Xeral ao servizo xestor, este remite novamente o expediente a Contratación. Consta presentada nova documentación por CLECE S.A o 10 de decembro de 2020, que complementa á de data 20 de xullo (documento nº 200259357).

Décimo.- O 18 de decembro de 2020, a xefa do servizo de Xuventude informa o seguinte:

“Primeiro.- Con data 20 de xullo de 2020, a mercantil CLECE S.A, presenta escrito no que manifesta que:

O contrato administrativo do servizo de dinamización infantil da Concellería de Xuventude foi suspendido totalmente con data de efecto 14 de marzo de 2020, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de abril de 2020.

Que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de xuño de 2020 comunicouse á mercantil a reanudación do servizo dende o día 29 de xuño de 2020.



Concello de Vigo

Segundo.- A empresa CLECE S.A, ten dereito segundo o art. 34.1 do Real Decreto Lei 8/2020 de 17 de marzo de 2020, onde se establece: “ Cuando con arreglo a lo dispuesto en el párrafo anterior, la ejecución de un contrato público quedará totalmente en suspenso la entidad adjudicadora deberá abonar al contratista los daños y perjuicios efectivamente sufridos por éste durante el periodo de suspensión, previa solicitud y acreditación fehaciente de su realidad, efectividad y cuantía por el contratista.

Os danos e perxuízos polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.- Os gastos salariais que efectivamente houbera abonado o contratista ao persoal que figurara adscrito con data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión.

2.- Os gastos por mantemento da garantía definitiva, relativos ao período de suspensión do contrato.

3.- Os gastos de alugueres ou custes de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión del contrato, adscritos directamente á execución del contrato, sempre que el contratista acredite que estes medios no puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.- Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato que haxan sido subscribas por o contratista e estean vixentes no momento da suspensión do contrato”.

Terceiro.- Con data 10 de decembro de 2020 CLECE S.A presenta documentación complementaria e explicativa para a solicitude de indemnización formulada por para o tempo de suspensión do contrato do Servizo de Dinamización Infantil del Concello de Vigo. Entre a documentación aportada figura:

** Declaración xurada modificada e nominativa.*

** Explicación detallada dos custes de persoal en base ás nóminas xa aportadas*

** RNT de traballadores dos meses afectados pola suspensión.*

Cuarto.- En base a esta nova achega de documentación, a contía total da cantidade reclamada a esta administración ascende a 8.334,28 € de acordo cos seguintes cálculos e custes, para o cal acompaña documentos asinados por cada unha das traballadoras adscritas ao contrato, conforme a que a empresa complementará a prestación por desemprego que recibirán as traballadoras dende o 23 de marzo de 2020 e ata o 28 de xuño, con motivo da súa inclusión no expediente de regulación de emprego Nº 3908-2020, por forza maior derivado da COVID 19, ata a totalidade das súas retribucións mensuais, así como nóminas do mes de febreiro.

Con esta nova achega de documentación onde se reflicten exclusivamente os gastos de persoal (nóminas e seguridade Social) non inclúen os gastos de seguros reclamados nun principio.

Quinto.- Unha vez analizada a documentación aportada, coa que a funcionaria que subscribe como responsable do contrato manifesta a súa conformidade e verificando os pagos efectivos mediante os certificados de ingreso bancario que presenta a empresa e que co-

rrespóndense con 30 % do salario completado pola mesma a cada unha das traballadoras adscritas ao contrato.

Acompañan as nóminas asinadas e os RNT de gastos de Seguridade Social dos traballadores afectados e polos meses de suspensión do contrato.

Dos gastos relativos ás retribucións das traballadoras adscritas ao contrato desgánase do seguinte xeito:

Gastos de persoal :

<i>Días sen ERTE: do 15 ao 22 de marzo</i>	<i>Importe salarios e Seguridade Social: 1.963,68 €</i>
<i>Días en ERTE: do 23 de marzo ata o 28 de xuño</i>	<i>Importe salarios e Seguridade Social :6.370,6 €</i>
<i>TOTAL SALARIOS, COMPLEMENTO ERTE E S.S DO 15 MARZO AO 28 DE XUÑO</i>	<i>8.334,28 €</i>

IMPORTE TOTAL INDEMNIZACIÓN SOLICITADA: 8.334,28 €

Sexto.- Estimase procedente unha indemnización a CLECE S.A ,pola suspensión do contrato do Servizo de Dinamización Infantil dende o 14 de marzo ata o 29 de xuño de 2020, por importe de 8.334,28 €. Esta cantidade aplicarase á partida orzamentaria 3370 2279900 RC202000004475

Achégase a este informe a seguinte documentación:

- Táboa de cálculo de gastos de persoal, onde se especifica o salario bruto, o % de xornada realizada, o importe do salario bruto, o importe o 30% abonado e o importe do 25 % de SS para cada unha das traballadoras adscritas ao contrato, así como o cálculo por mes de duración da suspensión do contrato (15/03- 27/06); posto que aínda que o servizo foi reanudado o día 28, foi necesario que as traballadoras se reincorporasen un día antes para a preparación da programación de campamentos de verán.*
- Documentos relativos á cotización da empresa á Seguridade Social polas traballadoras adscritas ao contrato durante os meses de marzo, abril, maio e xuño.*
- Declaración responsable da empresa.*
- Xustificantes de transferencia bancaria dos pagos de salarios”.*

Undécimo.- En data 14 de xaneiro de 2021, a Intervención xeral devolve o expediente ao servizo xestor porque *“Unha vez pechado o exercicio orzamentario 2020 sen terse informados os expedientes (...) actualmente non existe crédito no orzamento en vigor para facer fronte aos gastos derivados dos mesmos”.*

Duodécimo.- O 6 de abril de 2021, a xefa do servizo de Xuventude emite un novo informe sobre a indemnización solicitada por CLECE, S.A. pola suspensión do contrato obxecto deste informe no que se indica que o importe da indemnización se aplicará *“á aplicación orza-*



Concello de Vigo

mentaria 3370 2279900 ou a súa bolsa de vinculación, non afectando ao normal funcionamento deste servizo”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

+—

RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en conta na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugamentos ou custes de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se abonarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá ter executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

-II-

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19:

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, iso de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do



Concello de Vigo

prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En relación co complemento de salarios ou cotizacións á Seguridade Social, os informes 4/2020, do 19 de maio de 2020 e 2/2020, do 17 de maio, da Comisión Permanente da Xunta de Contratación Pública de Navarra, referidos ao artigo 2 da Lei foral 7/2020, do 6 de abril, que regula a indemnización dos gastos salariais en idénticos termos que o artigo 34 do RD 8/2020, indican que este complemento debe tamén computarse de cara ao cálculo das indemnizacións. Lembra a Xunta de Contratación Pública de Navarra que sempre que os gastos teñan a consideración de salariais e se teñan abonado “efectivamente”, deberán ser indemnizados.

Afonda, tamén, sobre os posibles conceptos que se inclúen dentro de “gastos salariais”, sinalando que:

“A este respecto merece la pena abundar en el concepto de costes salariales (que se convertirán en gastos para la persona empleadora cuando se hagan efectivos conforme se ha señalado anteriormente), que se pueden definir como el importe total que le supone a una empresa tener a una persona trabajadora contratada. Este concepto incluye, al menos, tanto el salario bruto de la persona trabajadora (salario neto, retenciones IRPF, cotización a la seguridad social) como los costes sociales a cargo de la empresa (aportación por contingencias comunes, cotización por desempleo, FOGASA y formación profesional)”.

Ademais, engade que:

“Si es facultativo para la empresa solicitar un ERTE (dado que puede no hacerlo y en ese caso percibirá la indemnización contemplada en la cuestión 1 de este informe, que conforme a la última redacción del artículo 2 LF7/2020 incluye de forma expresa las cotizaciones a la Seguridad Social), parece lógico que no resulte perjudicada por una decisión que se toma, también de forma facultativa, en beneficio de las personas trabajadoras y, que, en conjunto, supone una carga menor para el órgano de contratación. Son, por tanto, indemnizables, las cuantías salariales que la empresa haya abonado efectivamente, aún cuando se haya aplicado un ERTE”.

En consecuencia, tendo en conta que a indemnización solicitada encaixa nos supostos indemnizables recollidos no artigo 34.1 do RD 8/2020 (“Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión”) e que a xefado Servizo de Xuventude expresa no seu informe de data 18 de decembro de 2020 a súa

conformidade coa documentación achegada polo contratista, sen prexuízo do que resulte da fiscalización previa da Intervención Xeral, procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de servizos de dinamización infantil, declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 28 de xuño de 2020 (o día 29 reanudouse o servizo), por importe de 8.334,28 euros. O importe da indemnización aplicarase á aplicación orzamentaria 3370 2279900 ou a súa bolsa de vinculación.

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“Recoñecer o dereito de CLECE, S.A. a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de servizos de dinamización infantil, declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 28 de xuño de 2020 (o 29 de xuño reanudouse o servizo), por un importe total de 8.334,28 euros, en concepto de gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato.

O importe da indemnización aplicarase á aplicación orzamentaria 3370 2279900 ou a súa bolsa de vinculación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(412).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO PINTOR LAXEIRO. EXPTE. 655/441.

Dáse conta do informe-proposta do 13/05/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas



Concello de Vigo

• Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de maio de 2021 adoptou o seguinte acordo:

1. *“Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:*

- *Sesión do 4 de marzo de 2021: enténdese retirada a proposición presentada polo primeiro clasificado, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., por non cumprimentar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido.*
- *Sesión do 8 de abril de 2021: enténdese retirada a proposición presentada polo segundo clasificado, EICROS GESTIÓN, S.L., por non cumprimentar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido.*

2. *Adxudicar a CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. (B-94.075.207) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 157.354,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.309,42 euros.*

II. Con data do 10 de maio de 2021 formalizouse o contrato. Con posterioridade á sinatura detectouse un erro material no importe de adxudicación e, consecuentemente, na cota correspondente ao IVE. O motivo do erro débese a que este procedemento adxudicouse ao licitador clasificado en terceiro lugar porque os licitadores clasificados no primeiro e segundo lugar non atenderon ao requirimento do artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido para o efecto, entendéndose retiradas as súas ofertas. De feito, os importes recollidos no acordo de adxudicación correspóndense coa oferta formulada polo licitador clasificado en primeiro lugar.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectouse un erro material no acordo de adxudicación no que se recolleron os importes correspondentes ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., en lugar dos importes do licitador clasificado en terceiro lugar, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.

En consecuencia, o acordo debería quedar redactado como segue:

1. *“Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:*
 - *Sesión do 4 de marzo de 2021: enténdese retirada a proposición presentada polo primeiro clasificado, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., por non cumprimentar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido.*
 - *Sesión do 8 de abril de 2021: enténdese retirada a proposición presentada polo segundo clasificado, EICROS GESTIÓN, S.L., por non cumprimentar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. (B-94.075.207) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 153.758,84 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.685,42 euros”.*

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

ACORDO

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión do 6 de maio de 2021 que quedará redactado como segue:

1. *“Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:*
 - *Sesión do 4 de marzo de 2021: enténdese retirada a proposición presentada polo primeiro clasificado, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., por non cumprimentar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido.*
 - *Sesión do 8 de abril de 2021: enténdese retirada a proposición presentada polo segundo clasificado, EICROS GESTIÓN, S.L., por non cumprimentar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. (B-94.075.207) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 153.758,84 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.685,42 euros”.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(413).-RECOÑECEMENTO DO DEREITO DE SERVICIOS SECURITAS S.A. A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN CENTROS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19. EXPTE. 2962/341.

Visto o informe de fiscalización do 13/05/21, dáse conta do informe-proposta do 04/05/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLRSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de

2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia

- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 24 de abril de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou (expte 6458/241):

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) formalizado con SERVICIOS SECURITAS, S.A como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o día 14 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Segundo.- Con data do 22 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Reanudar a execución total do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expte 2299-341) o martes 26 de maio de 2020 nos termos e condicións que a tal efecto determine a concellería delegada de Cultura. “

Terceiro.- O 18 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Recoñecer o dereito de SERVICIOS SECURITAS, S.A. a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de atención ao público en dependencias da rede de Museos do Concello de Vigo (2299-341), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 24 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 25 de maio de



Concello de Vigo

2020, por importe de 31.357,58 euros, en concepto de gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato.

2º.- Esta contía aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación contable AD 202100002639”

Cuarto.- Na sesión do 4 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou:

“1º.- Declarar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

- a) [...]*
- b) [...]*
- c) Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) adxudicado a SERVICIOS SECURITAS, S.A., agás as prestacións da parte fixa do contrato que afecta aos servizos de coordinación e organización do servizo.*
- d) [...]*
- e) [...]*

2º.- A suspensión terá efectos desde o 27 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde.

3º.- O levantamento da suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.

4º.- Requirir ós responsables dos contratos o levantamento dun acta de suspensión na que se consignen as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato”.

Quinto.- O 19 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Levantar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 15 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

- Contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2299-341) adxudicado a SERVICIOS SECURITAS, S.A.*
- [...]*

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos desde o 17 de febreiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde”.

Sexto.- O 18 de marzo de 2021, SERVICIOS SECURITAS, S.A. (contratista) presenta no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documentos nº 210044116, 210044126,

210044136, 210044148 e 210054896) escritos de solicitude de indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do contrato administrativo de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (expediente 2.962-341), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 27 de xaneiro a 16 de febreiro de 2021.

Acompaña á solicitude declaracións responsables con relación do persoal adscrito, nóminas dos traballadores dos meses de xaneiro e febreiro, reclamación de indemnización por compras e xustificantes, copia de facturas, declaración de ingresos IRPF e porcentaxe de retención de cada traballador, declaración IRPF modelo 111 e recibo de pagamento, xustificantes de transferencias, declaración de pagamento de nóminas e ingreso bancario, xustificantes ingreso bancario auxiliares RMM xaneiro-febreiro, declaración de pagamentos á TGSS (xaneiro), liquidación TGSS (xaneiro), recibo de liquidación de cotizacións, relación nominal traballadores xaneiro, poder do representante de Servicios Securitas, S.A., acta de suspensión temporal asinada por Servicios Securitas S.A. e táboa co detalle de gastos da RMM, modelo 111 IRPF Servicios Securitas, S.A. e xustificantes de ingreso bancario dos meses de febreiro e marzo 2021, relación nominal do persoal relacionado co contrato (xaneiro e febreiro), recibos da liquidación de cotizacións e xustificantes de ingresos bancarios bancarios (xaneiro e febreiro) e información complementaria con explicación do método de cálculo e conceptos incluídos no documento 4 sobre importe dos gastos salariais.

Sétimo.- En data 9 de abril de 2021 o xefe do Servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural emiten informe sobre a indemnización solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.



Concello de Vigo

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

-II-

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e prexuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitude: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os mo-

tivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitude de indemnización do período 27 de xaneiro a 16 de febreiro de 2021. Esta indemnización abarca os seguintes conceptos: gastos salariais e custos de alugueres e compras. Tal e como informa o servizo xestor en data 9 de abril de 2021:

*“7.- Servicios Securitas S.A. presenta **documentación acreditativa dos pagamentos ao persoal auxiliar de servizos de atención ao público (os servizos de coordinación non foran suspendidos)**, dos custos e pagamentos de Seguridade Social, dos ingresos de retencións de IRPF dos meses de xaneiro e febreiro de 2021, nos que se encontra incluído o período de suspensión do contrato. Tamén presenta informe sobre os conceptos das nóminas que estimaron a efectos de determinar a contía de indemnización e a táboa cos importes dos cálculos correspondentes, que se verifican por este servizo e resultan correctos; polo que os importes indemnizables serían os seguintes:*

- Gastos salariais do período 27-31/01/2021: 1.630,65 €*
- Gastos salariais do período 1-16/01/2021: 5.471,30 €*
- **Total gastos salariais do período 27/01 - 16/02/2021: 7.101,95 €***

8.- Servicios Securitas S.A. tamén presenta “reclamación de indemnización por compras” ou “gastos por custos de alugueres ou compras”, por importe de 755,37 € e ex-



Concello de Vigo

poñen que “o artigo 208.2 la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público determina os conceptos polos que o contratista poderá ser indemnizado que no seu punto 4º describe: os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato”

Achegan copias de 5 facturas de 17/01/2020, 12/02/2020, 28/08/2020, 14/10/2020, correspondentes a licencias e dominios informáticos, deseño e aplicación da plataforma tecnolóxica prevista no contrato dos servizos de atención ao público, subministración de totems e outros recursos, subministración de auriculares. A solicitude que formulan da indemnización polo concepto “custo de alugueres e compras” ascende a 755,37 € (IVE incluído), que lles resulta de calcular a parte correspondente a 21 días de suspensión de contrato, respecto ao importe de 26.258,22 € das facturas e considerando o período de duración do contrato (730 día, 2 anos).

Na acta de suspensión do contrato a empresa declara unha relación de equipos dedicados en exclusiva ao contrato (paquete office 5 licencias domino e hosting web, aplicación informática rede de museos (app); 3 totems para información ao público en museos; auriculares en orella teléfonos dependencias RMM, actualización equipos informáticos) e que os citados medios adscritos ao contrato non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a execución do contrato xa que se trata de material comprado e deseñado especificamente para o seu uso na rede de museos.

*Compre ter en conta que o artigo 208.2 da LCSP refírese a “gastos de **alugueres** ou **custos de mantemento**” e os conceptos das copias das facturas que achega a empresa Servicios Securitas SA refírense a subministracións ou servizos, pero non inclúen nin alugueres nin custos de mantemento; tampouco achegan acreditacións de que estes gastos ou calquera outros estean relacionados con alugueres ou mantementos.*

Por tanto, en relación aos conceptos alegados neste apartado, anque estean relacionados coa implantación e execución do contrato, para os funcionarios que subscriben este informe, os documentos non son adecuados para a xustificación do custo indemnizable previsto no artigo 208.2.a)4º da LCSP, polo que este aspecto non se terá en conta na valoración da indemnización, a expensas de mellor criterio dos servizos especializados do Concello.

9.- A empresa non achega ningunha documentación relativa aos seguintes conceptos indemnizables: gastos de mantemento da garantía definitiva (artigo 208.2.a)1º); indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos (artigo 208.2.a)2º); alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos (...) (artigo 208.2.a)4º), nin gastos correspondentes a pólizas de seguros (artigo 208.2.a)6º).

10.- O contrato de servizos de atención ao público nos centros da Rede de Museos Municipais non é estrictamente un expediente vinculado ás necesidades da Administración Municipal (de feito as FEC do PCAP que rexeu a licitación indica no seu apartado 3.L que non o é), xa que o contrato se desenvolve de acordo cuns horarios e servizos estables para apertura dos centros e funcionamento de salas, ao longo de todo o ano e polo tanto implica a prestación de servizos de auxiliares de atención ao público.

A parte de facturación variable do contrato ten que ver coas necesidades puntuais de ampliación deses horarios habituais como consecuencia da programación expositiva en salas ou ben das necesidades de servizos especiais por outras circunstancias (Belén Monumental, actos institucionais, gravacións de Nadal...)”.

Con respecto á **contía da indemnización** determina o citado informe do servizo xestor que:

“11.- Por tanto, procedería a indemnización a Servicios Securitas S.A. dos gastos salariais derivados e acreditados pola suspensión do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de Museos do Concello de Vigo, durante o período 27/01/2021-16/02/2021 polos seguintes importes:

- Gastos salariais do período 27-31/01/2021: 1.630,65 €
- Gastos salariais do período 1-16/01/2021: 5.471,30 €
- **Total gastos salariais do período 27/01 - 16/02/2021: 7.101,95 €**

12.- Esta contía aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación que se indica de seguido:

Nº expte: 2299-341

Importe: 7.101,95 €

Operación contable: AD 202100002639

13.- En canto á solicitude de indemnización por importe de 755,37 €, por “reclamación de indemnización por compras” ou “gastos por custos de alugueres ou compras”, considérase que os conceptos contidos nos xustificantes achegados pola empresa non corresponden con conceptos indemnizables definidos no artigo 208.2.a)4º da LCSP, (se ben son gastos da adxudicataria para a execución do contrato durante o seu prazo e prórrogas, no seu caso, pero non están incluídos nos conceptos indemnizables no citado artigo 208)”.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, tendo en conta que a indemnización solicitada encaixa nos supostos indemnizables recollidos no artigo 34.1 do RD 8/2020 (“Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión”), e que o xefe do Servizo de Museos e o xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural expresan no seu informe de data 9 de abril de 2021 a súa conformidade coa documentación achegada polo contratista, sen prexuízo do que resulte da fiscalización previa da Intervención Xeral, procede acordar o recoñecemento a SERVICIOS SECURITAS, S.A., do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión (agás as prestacións da parte fixa do contrato que afecta aos servizos de coordinación e organización do servizo) da execución do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de Museos do Concello de Vigo, declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de febreiro de 2021, polo período do 27 de xaneiro a 16 de febreiro de 2021 do



Concello de Vigo

mesmo ano, por importe de 7.101,95 euros, que serán aboados con cargo os créditos comprometidos e contabilizados na operación contable AD 202100002639.

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

*“1º.- Recoñecer o dereito de **SERVICIOS SECURITAS, S.A.** a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de atención ao público en dependencias da rede de Museos do Concello de Vigo (2.299-341 e 2.692-341) (agás as prestacións da parte fixa do contrato que afecta aos servizos de coordinación e organización do servizo), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 4 de abril de 2021 con efectos desde o 27 de xaneiro ao 16 de febreiro de 2021, por importe de 7.101,95 euros, en concepto de gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato.*

2º.- Esta contía aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación contable AD 202100002639”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(414).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS ÁREAS E ELEMENTOS DOS PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, PISTAS DEPORTIVAS E INSTALACIÓNS DE USO PÚBLICO AO AIRE LIBRE NO CONCELLO DE VIGO PARA O CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO COVID-19. EXPTE. 48804/446.

Visto o informe de fiscalización do 14/05/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de servizo de LIMPEZA E DESINFECCIÓN DAS ÁREAS E ELEMENTOS DOS PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, PISTAS DEPORTIVAS E INSTALACIÓNS DE USO PÚBLICO AO AIRE LIBRE NO CONCELLO DE VIGO PARA O CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO COVID-19, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 24 de febreiro de 2021 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 1 de marzo de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 99.944,51€, que inclúe un IVE de 9.085,86€ , o cal se imputará á partida 1710.2279903 “Desinfección de parques infantís e control de aforo COVID”, do vixente orzamento 2021.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 6 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	87,75
2	OTRAPLASA, S.L.	81,38



Concello de Vigo

	Licitador	Puntuación
3	AGRONERGA, S.L.	72,70

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., o día 6 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida os días 10 e 12 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., de conformidade cos informes de valoración das proposicións

avaliables mediante xuízo de valor e as proposicións avaliáveis a través de fórmula de datas 20 e 30 de abril de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663) o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19 (48.804-446) por un prezo total de 99.944,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.085,86 euros, e cunha porcentaxe de desconto único de aplicación ao prezo unitario fixado no apartado 3.G do Anexo I - FEC- do PCAP do 12,088%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(415).- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "REPOSICIÓN E REPARACIÓN DE MURO NO PARQUE DO CASTRO". EXPTE. 733/441.

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación do 14/05/21, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP)



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reposición e reparación de muro no Parque do Castro" (733-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras do proxecto de "Reposición e reparación de muro no Parque do Castro" (733-441).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 13 de abril de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 10 de maio.

Terceiro.- Consultada a plataforma de Contratos do Sector Público e segundo o indicado no o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 12 de maio de 2021 non se presentou ningunha proposición dentro do prazo de presentación de ofertas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- Establece o artigo 150.3 da LCSP que o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación e non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

"A sensu contrario", o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación ben cando no se teñan presentado ofertas, ben cando estas non sexan admisibles conforme aos pregos.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se constata na plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 12 de maio de 2021, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reposición e reparación de muro no Parque do Castro" (733-441) por non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo de presentación de ofertas".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(416).- APROBACIÓN DA MEMORIAS DE OBRA DE INTERESE SOCIAL PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, PARA O EXERCICIO DO ANO 2021. EXPTE. 18242/77.

Visto o informe de fiscalización do 14/05/21, dáse conta do informe-proposta do 13/05/21, asinado pola técnica de xestión (Instucción do concelleiro-delegado de Área do 23/04/21) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia núm. 78, do martes 27 de abril de 2021, a consellería de Emprego e Igualdade vén de publicar a "ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR351F)."

A través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un periodo de contratación subvencionable de nove (9) meses e a xornada de traballo será como máximo do 75%, non podendo, en ningún caso, ser inferior ao 50%, de persoas en situación ou risco de exclusión social cunha antigüidade mínima de seis meses como perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- **Beneficiarias:** persoas perceptoras da RISGA e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.
- **Máximo** de ata 40 contratacións, tendo en conta que Vigo ten máis de 700 persoas perceptoras da RISGA.
- **A axuda** abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade, en concepto de retribución ás persoas participantes, que o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 27 de maio de 2021.



Concello de Vigo

É por isto que dende a Concellería de Cultura e Emprego solicitouse ao departamento municipal de Vías e Obras dependente da Área de Fomento, actuacións de interese para o seu ámbito competencial que puidesen acollerse a esta subvención.

Para o presente ano 2021 e, de resultas desta solicitude, o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local achega memoria, por un importe total de **431.409,59 €** resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de **40** persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que existiría unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, vixente para este ano e coas táboas salariais actualizadas a efectos desde 01/01/2021 tal e como recolle o BOPPO número 61 do 31 de marzo de 2021.

Resúmense no cadro que se xunta á presente proposta os datos básicos do proxecto presentado polo servizo que finalmente serán presentados á convocatoria de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da RISGA neste ano 2021, especificando, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita), cun período de contratación de 9 meses e unha xornada do 75%.

Memoria: “Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo”

N.º persoas a contratar: 40

Custos Salariais: 431.409,59 €

PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- **Desenvolvemento Local e Emprego**
 - 9 meses e co 75% da xornada (28 horas 7,5 minutos semanais)

Para o desenvolvemento das actividades previstas na memoria a aportación económica do Concello de Vigo contempla os seguintes gastos que se relacionan a continuación:

◦ 2410 2100000 MATERIAIS CONSTRUCCIÓN E OBRAS	22.923,54€
◦ 2410 2210400 VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO	7.662,68€
◦ 2410 2210400 EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	5.877,32€
◦ 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE	13.890,80€
◦ 2410 2279913 FORMACIÓN	13.755,00€
◦ 2410 2260200 CARTEIS	350€

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Con carácter previo á adopción do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, remítase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello, sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que deriven do outorgamento da subvención.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de

dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Aprobar a memoria do servizo de *Desenvolvemento Local e Emprego*, “**Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo**”, que se xunta para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para o ano 2021, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.
2. Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **431.409,59 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.
3. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.
4. Delegar no concelleiro de Cultura e Emprego, D. Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: Resumo de proxecto memoria do servizo:

“Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo”

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO_2021											
Grupo de cotización	Categoría	Postos	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total (bruto+ssocial)	9 meses 75% Xornada
8	Oficial albanel	6	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/d	37,80	470,11	1.713,77	69.407,79 €
	Of. conducción	3	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/d	37,80	470,11	1.713,77	34.703,90 €
	Oficial xardinería	2	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/g	34,70	431,55	1.675,22	22.615,46 €
	Oficial Pintor	2	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/d	37,80	470,11	1.713,77	23.135,93 €
	Oficial fontaneiro	1	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/d	37,80	470,11	1.713,77	11.567,97 €
	Oficial Electricista	1	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/d	37,80	470,11	1.713,77	11.567,97 €
10	Peón construción	18	958,55 €	159,76 €	1.118,31 €	1.118,31	84/d	37,80	422,72	1.541,03	187.235,01 €
10	Peón xardinería	7	958,55 €	159,76 €	1.118,31 €	1.118,31	84/g	34,70	388,05	1.506,36	71.175,57 €
		40			9.698,62 €						431.409,59 €



Concello de Vigo

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

○ 2410 2100000 MATERIAIS CONSTRUCIÓN E OBRAS	22.923,54€
○ 2410 2210400 VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO	7.662,68€
○ 2410 2210400 EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	5.877,32€
○ 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE	13.890,80€
○ 2410 2279913 FORMACIÓN	13.755,00€
○ 2410 2260200 CARTEIS	350€

12(417).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCÍONS. EXPTE. 18033/77.

Visto o informe xurídico do 11/05/21 e o informe de fiscalización do 12/05/21, dáse conta do informe-proposta do 10/05/21, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 2/03/2021, o Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego, resolveu iniciar o expediente de contratación do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCÍONS.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego en data 2/03/2021

- b) Memoria económica do contrato de data 8 de marzo de 2021, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura e Emprego.
- c) Documento contable de retención de crédito de 10/03/2021 (RC núm. operación: 202100022878)
- d) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de xestión, de data 5/04/2021.
- e) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 5 de abril de 2021, asinado pola técnica de xestión do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- f) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 6 de abril de 2021, asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura e Emprego.
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación, de data 28/04/2021
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 28 de abril de 2021, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020). O Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego, en resolución de 2 de marzo de 2021 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de xestión do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e apro-



Concello de Vigo

bará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (18033-77) por procedemento aberto simplificado abreviado do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 5 de abril de 2021, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 28 de abril de 2021, que rexerán a contratación do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS

3º.- Aprobar o gasto de 21.199,55 € para a contratación do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2277990 “PRESTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS (P. EMPREGO)”, do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2021.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(418).- PROXECTO DE CONVENIO COA UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE VIGO PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE CARÁCTER SOCIOLABORAL DE INTERESE PARA A CIDADANÍA NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO. EXPTE. 18069/77.

Visto o informe de fiscalización do 18/05/21, dáse conta do informe-proposta do 12/04/21, asinado pola técnca de xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- D. Amelia Pérez Álvarez, con DNI *****833Z, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (CIF: G-15103112) solicita, mediante escrito remitido en data 23/03/2021, a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento núm. 210045804) e emenda á solicitude presentada cos documentos núm. 210050684 e 210050709 de data 30/03/2021, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento das actividades da entidade, no marco do fomento do emprego, no período comprendido entre o 01/01/2021 e 30/09/2021

- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado (Anexo II)
- declaración responsable das axudas recibidas para o programa (Anexo III)
- orzamento de gastos do proxecto
- proposta de convenio de colaboración

Ademais, forman parte do expediente:

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedida en data 06/04/21
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 07/04/21
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 06/04/21
- certificación de non ter débedas tributarias pendentes co Concello de Vigo, de 07/04/21

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co co nº 487/96, segundo resolución de data 30/09/96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800003 “Convenio CCOO Fomento do Emprego”, por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 26/03/2021 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 7/04/2021 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, achegou memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa por importe de 35.547,64 € á “Unión Comarcal CCOO Vigo”, que se instrumentaliza mediante a tramitación do presente convenio co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Co presente convenio, dáse continuidade ás actividades obxecto de anteriores colaboracións conxuntas para axudar ao financiamento dos custos da Oficina de Atención á Cida-



Concello de Vigo

danía da entidade en materias de interese xeral, así coma para a organización de xornadas informativas de interese, como a proposta pola entidade no actual contexto de crise sanitaria: "Impacto do Covid-19 no sistema produtivo".

Así mesmo, engádesse no presente convenio unha nova liña de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal CCOO Vigo" en atención ás graves repercusións da crise sanitaria no ámbito sociolaboral, mediante o reforzo do asesoramento xurídico a traballadores/as da cidade de Vigo, para o cal, se propón a contratación dunha persoa inscrita no rexistro de demandantes de emprego co perfil de graduado/a en Relacións laborais.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2021, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión Comarcal CCOO Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2021.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio D. Amelia Pérez Álvarez, con DNI *****833Z, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo, con CIF: G15103112, ou representante debidamente acreditado, de ser precisa a súa substitución.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016, 2017, 2019 e 2020 mediante a sinatura de convenios coa **UNIÓN COMARCAL DE COMISIONES OBRERAS (CCOO) DE VIGO***, para o axuda ao financiamento das actividades da entidade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de **35.547,64 euros** imputaranse con cargo á partida 2410 4800003 “Convenio CCOO Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización



Concello de Vigo

das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2021 ao 31/10/2021).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Unión Comar-

cal de Comisiones Obreras de Vigo está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal de Comisiones Obreras (CCOO) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2021**.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, tendo que ser incorporado ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En cumprimento do disposto no artigo 3 da Lei 19/2013 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se incorporan ao Pacto 9º as obrigas de publicidade previstas ás que resultan suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.



Concello de Vigo

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 4/09/2020 e corrección posteriores, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1) Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Unión Comarcal CCOO Vigo, con CIF: G-15103112, para fomento do emprego.
- 2) Autorizar o gasto de **35.547,64 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021
- 3) Facultar ao Concelleiro de Cultura e Emprego, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.
- 4) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-

Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE VIGO PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE CARÁCTER SOCIOLABORAL DE INTERESE PARA A CIDADANÍA NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO. (EXPTE. 18069/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinte e un

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Fermín Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro delegado de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. Amelia Pérez Álvarez, con DNI *****833Z, en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (CIF: G15103112) e domicilio social na e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11- entresollado, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 18069/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que de acordo coas resolución de delegacións de competencias da Alcaldía, de data 4 de setembro de 2020 , lle corresponden ao concelleiro da área de Cultura e Emprego, entre outras, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras, impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego e en materia de relación cos sindicatos, actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade, así como, a planificación e execución das políticas públicas mu-



Concello de Vigo

nicipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

SEGUNDO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016, 2017, 2019 e 2020, mediante a sinatura de convenios coa **UNIÓN COMARCAL DE COMISIONES OBRERAS (CCOO) DE VIGO***, para o axuda ao financiamento das actividades da entidade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Ante as novas necesidades xurdidas da crise sanitaria e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, que provocaron cifras históricas de destrución de emprego, e tamén, dentro das medidas de fomento do emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais mais significativas no

desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

TERCEIRO: Que CCOO é unha organización sindical democrática, formada por traballadores e traballadoras afiliados de forma voluntaria para defender os seus intereses e conseguir unha sociedade máis xusta, democrática e participativa.

Segundo contempla o art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, a Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender as reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- ✓ Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia
- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

Deste xeito, co obxecto de contribuír á consecución dos fins públicos obxecto de protección, a través de fórmulas de colaboración con axentes sociais de ampla representatividade, dáse trámite ao procedemento de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal de Comisiones Obreras, para colaborar no desenvolvemento de accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego”:

MANIFESTAN

I.- - Que a Unión Comarcal de CCOO de Vigo, conforme á proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo remitido en data 23/03/2021, a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento núm. 210045804) e emenda á solicitude presentada cos documentos núm. 210050684 e 210050709 de data 30/03/2021, ten por obxecto a organización das seguintes accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego:



Concello de Vigo

1. Oficina de Atención á Cidadanía, para información sobre cuestións relacionadas con:

1. Urbanismo municipal
2. Declaración da Renda
3. Información sobre emprego
4. Información e asesoramento sobre os trámites e solicitude de concesión de axudas da Lei de Dependencia

2. Xornada de información cidadá: "Impacto do Covid-19 no sistema produtivo "

3. Reforzo do asesoramento xurídico a traballadores/as, ante as graves repercusións da crise sanitaria no ámbito sociolaboral, para o cal, se propón a contratación dunha persoa graduada en relacións laborais inscrita no rexistro de demandantes de emprego.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de CCOO de Vigo, a condición de participe na súa contribución na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da igualdade no emprego contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de CCOO de Vigo entre o tecido económico e laboral, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2021, para o desenvolvemento dun convenio coa CCOO para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto para axudar ás persoas máis vulnerables, especialmente necesario nas actuais circunstancias, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

V.- Que a Unión Comarcal de CCOO de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de CCOO de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Unión Comarcal de CCOO de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, e a levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente:

1. Oficina de Atención á Cidadanía, para información sobre cuestións relacionadas con:
 - Urbanismo municipal
 - Declaración da Renda
 - Información sobre emprego
 - Información e asesoramento sobre os trámites e solicitude de concesión de axudas da Lei de Dependencia
2. Organizar e desenvolver unha Xornada de información cidadá: "Impacto do Covid-19 no sistema produtivo "
3. Reforzar o asesoramento xurídico a traballadores/as, ante as graves repercusións da crise sanitaria no ámbito sociolaboral, mediante a contratación dunha persoa graduada en relacións laborais, empadroada en Vigo e inscrita no rexistro de demandantes de emprego.
4. Realizar convocatoria pública da oferta de emprego do persoal a contratar con cargo á subvención, mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días naturais antes da realización da selección, debendo o secretario ou secretaria da entidade certificar a súa publicación ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, en relación cos postos a contratar.
5. Elaborar materiais informativos e divulgativos.
6. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
7. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
8. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
9. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
10. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.



Concello de Vigo

11. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
12. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de CCOO de Vigo.
3. Conceder directamente á Unión Comarcal de CCOO de Vigo unha subvención por importe de 35.547,64 € que corresponden aos custos salariais e de seguridade social do persoal asignado ao proxecto, material de oficina e gastos de organización de xornada, necesarios para o desenvolvemento do convenio, con cargo á partida 2410 4800003 "Convenio CCOO Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións

ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá á conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vayan empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura e Emprego.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Décimo.- Selección do persoal a contratar

A entidade beneficiaria deberá realizar a convocatoria pública da oferta de emprego, cando menos, 5 días naturais antes da realización da selección mediante os seguintes medios:

- a) Inserción de anuncios na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade
- b) Inserción na páxina web municipal "Asociacións en rede" (<http://asociacions.vigo.org>), no formato establecido no Anexo (Oferta de emprego asinada electronicamente, con expresión da Asociación que realiza a oferta, os posto/s



Concello de Vigo

ofertado/s e perfil/ís solicitado/s cos requisitos esixidos na convocatoria, data de presentación de currículums e data de publicación), que será enviado pola entidade en formato dixital ao enderezo electrónico ofi.emprego@vigo.org, cando menos cun día hábil de antelación á data de publicación.

O/A secretario/a ou representante da entidade certificará a publicación da oferta de emprego do posto a contratar.

Unha vez efectuada a convocatoria pública da oferta de emprego nos termos expostos nos apartados a), e b) a entidade que teña unha proposta de contratación remitirá **a través da sede electrónica do Concello de Vigo** a documentación resultante do proceso de selección, asinada electronicamente polo/a representante da entidade, tal e como se indica a continuación:

a) Certificado do/a secretario/a ou representante da entidade indicando o período de publicación das ofertas de emprego dos postos a contratar e a publicación da/s oferta/s de emprego na páxina web, rede social e/ou taboleiro de anuncios da entidade.

b) Certificado do/a secretario/a ou representante da entidade coa listaxe das persoas presentadas a cada un dos postos a contratar, con indicación da/s persoa/s seleccionada/s e, no seu caso, das suplentes.

c) DNI, tarxeta de demanda de emprego, certificado de empadramento e currículo das persoas propostas para a contratación, e das suplentes, se as houberse.

d) Calquera outra documentación relacionada co proceso e que lle sexa requirida polo servizo.

Logo do exame da documentación achegada pola entidade, o servizo emitirá un informe no que se verifique o cumprimento dos requisitos establecidos nos pactos deste convenio para proceder á contratación.

De resultar necesario subsanar ou completar a documentación exixida, ben, porque a persoa seleccionada pola entidade non cumpre os requisitos exixidos no convenio ou na oferta, ou ben, porque fose necesario subsanar ou acompañar documentos preceptivos, a entidade disporá dun prazo de 10 días para atender ao requirimento efectuado mediante notificación electrónica, transcorrido o cal, se lle terá por desistida da súa petición.

O informe favorable remitirase á entidade solicitante mediante notificación electrónica, podendo proceder á contratación da/s persoa/s seleccionada/s unha vez remitido.

Décimo primeiro.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal de Comisiones Obreras (CCOO) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2021**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>. A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).



Concello de Vigo

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 ao 30 de setembro de 2021.

Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade

e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sétimo- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo oitavo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



Concello de Vigo

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo noveno.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de CCOO de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Vixésimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo primeiro.- O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2021.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2021.

14(419).- BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2020/2021 OU DO ANO 2021 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPTE. 10806/224.

Visto o informe xurídico do 29/04/21 e o informe de fiscalización do 12/05/21, dáse conta do informe-proposta do 29/04/21, asinado pola axente de Igualdade de

Oportunidades (Resolución do 04/04/21) a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que promovan o deporte feminino (licencias femininas en equipos ou en categorías individuais), teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e reúnan os requisitos establecidos nestas bases, co obxecto de contribuír a financiar os gastos ocasionados polo seu funcionamento e a súa actividade deportiva na tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir



Concello de Vigo

esa situación de desigualdade, axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impoñelles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución; así como: “o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión.”*

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia no seu artigo 3.b) establece o *dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha,* e no artigo 5.3: *no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrarase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitarase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta.*

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 25.2 apartado l) e apartado o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. “n” e “o” da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específica, destinou 27.000 € para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incrementouse esta cantidade a 45.000 €, e foron aumentando as entidades beneficiarias. Así, no ano 2020 foron 84 os clubs que se beneficiaron desta liña de subvencións.

Para este mesmo fin, destínase no ano 2021 un crédito máximo de 45.000,00 € que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* dos orzamentos aprobados para o ano 2021 da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba

o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia do réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; as Bases de execución dos orzamentos do Concello de Vigo para o exercicio 2021; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar as bases reguladoras específicas da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual, cos seus correspondentes anexos, que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino na tempada 2020/2021 ou do ano 2021 no caso de modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento aprobado para o ano 2021 da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2020/2021 OU DO ANO 2021 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXAANUAL. EXPEDIENTE 10.806-224

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a



Concello de Vigo

personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto, confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impónlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que *todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución*; así como: *o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión*

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia no seu artigo 3.b) establece o *dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha*, e no artigo 5.3: *no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrarase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evítase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta*.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específica, destinou 27.000 € para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incre-

mentouse esta cantidade a 45.000 €, e foron aumentando as entidades beneficiarias. Así, no ano 2020 foron 85 os clubs que se beneficiaron desta liña de subvencións.

Para este mesmo fin, destínase no ano 2021 un crédito máximo de 45.000,00 € que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento aprobado para o ano 2021 da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- pagamento de licencias federativas femininas;
- viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús) de deportistas femininas ou dos equipos femininos nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación;
- inscricións en competicións e probas de deportistas ou equipos femininos;
- arbitaxes de competicións e probas de deportistas femininas;
- equipo técnico e deportivo adestrador das deportistas ou de equipos femininos;
- equipamento (sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo), que sexa destinado a deportistas femininas;
- compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas ou dos equipos femininos;
- alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital;
- adquisición de produtos de desinfección e limpeza, así como produtos de hixiene e material de protección fronte a COVID-19, etc.
- En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao



Concello de Vigo

longo da tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese mesmo importe fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a consecución da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministrados ou servizos, excedan estes de 15.000,00 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A tempada 2020/2021 ou 2021 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos obtidos das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou das deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de Igualdade, no informe que se xuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma. O órgano instrutor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento aprobado para o ano 2021 da Concellería de Igualdade. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

d) Cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que contén, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.

f) Que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base 11ª desta convocatoria.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- As solicitudes presentadas por clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais
- As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Existe a posibilidade de acreditar simplificadaamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado RD 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000 €, como é o caso desta convocatoria, tal e como se establece no apartado 3 da base oitava.

5.- Igualmente, as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.

2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.



Concello de Vigo

- 6.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización do programa subvencionado.
- 7.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- 8.- Cumprir coa normativa sanitaria vixente, adaptando a organización da actividade do club ás normas e instrucións que vaian ditando as autoridades sanitarias en cada momento, en relación a prevención sanitaria fronte á COVID-19.
- 9.-Aboar as taxas, impostos, permisos, seguros e todos os demais gastos derivados da realización do programa subvencionado.
- 10.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Para efectuar a proposta de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 26 puntos.

1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2020-2021, ou na tempada do ano 2021, para tempadas deportivas anuais. Ata un máximo de 16 puntos:

1.a.-Volume de licenzas femininas e puntuación: (*Excepto: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel)

- a) Con menos de 35 licenzas femininas: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

1.b.- Volume de licenzas femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel:

- a) Con menos de 70 licenzas femininas: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a dúas disciplinas deportivas distintas (sexan do mesmo ou de distinto subapartado, 1.a ou 1.b), calcularase a puntuación que corresponda a cada deporte, e logo sumarase, para acadar a puntuación total do apartado 1.

2.-Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas na tempada 2020/2021. Ata un máximo de 5 puntos:

2.a.- Porcentaxe de licenzas femininas e puntuación: (*Excepto: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tennis e Pádel):

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas ata o 100%: 5 puntos

2.b.- Porcentaxe de licenzas femininas e puntuación para: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tennis e Pádel:

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas ata o 100%: 3 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a dúas disciplinas distintas (sexan do mesmo ou de distinto subapartado, 2.a ou 2.b), calcularase a porcentaxe do número de licenzas femininas de cada modalidade deportiva con respecto ao total de licenzas da entidade. Calcularase a puntuación para cada deporte e despois sumarase, para acadar a puntuación total do apartado 2.

A documentación que se terá en conta para facer o reconto de licenzas, así como para clasificar as modalidades deportivas, será o certificado emitido pola federación correspondente no que consta o número de licenzas por categoría e sexo. Este datos, ademais, cotexaranse co Anexo II, asinado polo/a secretario/a e presidente/a da entidade (documentación que se relaciona na base décimo primeira). Nos casos nos que se atopen discrepancias entre datos reflectidos nestes documentos, terase en conta a certificación da federación deportiva, salvo erros materiais detectados.

3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos:

- a) 0% de mulleres: 0 puntos
- b) Ata o 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40% de mulleres: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres ata o 100%: 5 puntos

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS

1. O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a parti-



Concello de Vigo

cipar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.

2. O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

3. Establécese unha contía mínima e máxima da axuda a conceder: 200 € é a contía mínima establecida e 1.500 € o importe máximo da axuda. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, as entidades que consigan unha axuda superior a 1.500 € quedarán limitadas e esta contía e as entidades que non consigan unha axuda por importe igual ou superior a 200 € quedarán excluídas. En caso de quedar crédito libre, repartirase entre as beneficiarias de forma proporcional aos puntos acadados, tendo en conta o límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, o da contía solicitada pola entidade.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

As entidades que concorren a esta convocatoria deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade petionaria.

A solicitude, segundo modelo normalizado (Anexo I), presentarase exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases da convocatoria.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda.

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Na presentación da solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- 1.- ANEXO I. Solicitude asinada pola persoa representante da entidade.
- 2.- ANEXO II. Certificado das licenzas do club na tempada de referencia, asinado pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e. Deberá indicarse: as que corresponden a deportistas, a persoal adestrador, a persoal delegado e a persoal técnico, e desagregarse todas elas por sexo.
- 3.- ANEXO III. Orzamento equilibrado da previsión de ingresos e gastos para o período de referencia (tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual). Asinado pola/o secretaria/o e pola presidenta/e.
O importe do orzamento que se reflicta neste Anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorarse o importe da axuda concedida no caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao 100% do importe indicado neste Anexo III. A axuda concedida sería entón minorada na mesma proporción.
- 4.- ANEXO IV. Declaración responsable asinada pola/o secretaria/o e pola/o presidenta/e.
- 5.- ANEXO V. Certificado emitido pola/o secretaria/o da entidade, coa conformidade de quen ostente a representación da entidade, onde conste a composición da xunta directiva desagregada por sexo.
- 6.- Certificado ou certificados emitidos pola Federación de cada unha das disciplinas deportivas que se presenten coa solicitude, no que conste o número de licenzas por categoría e sexo, da tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.
- 8.- Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.
- 9.- DNI da/o presidenta/e da entidade.
- 10.- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licencias femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, número de equipos por categoría e sexo, logros acadados, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, etc).



Concello de Vigo

Porén, a solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que as persoas interesadas non estarán obrigadas a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente a través das súas redes corporativas, ou consulta mediante a Plataforma de Indeterminación de Datos, os documentos que deban integrar o procedemento, que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra Administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

A Concellería de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da LPACAP, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á data da notificación, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei xeral de subvencións, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicaranse en:

- As bases reguladoras, no BOP da provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A Convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A BDNS publicará o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org.

2.-Publicidade das subvencións concedidas.

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa, e crédito presupostario ao que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade da subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

3.-Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións deben deixar constancia do financiamento municipal en todas as comunicacións e en calquera actividade enmarcada no programa subvencionado coa inclusión da imaxe corporativa oficial do Concello de Vigo (equipamento, web e redes sociais, publicidade, etc)

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e dúas técnicas, funcionarias adscritas á Concellería de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

O órgano instrutor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas. (Artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de catro meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co



Concello de Vigo

previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remítanse ás/aos interesadas/os os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 45.1.b) da Lei 39/2015 da LPACAP.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPACAP.

A resolución da Xunta de Goberno Local sobre concesión das axudas esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.

En todos os casos, os prazos contaranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación, ou de desestimación do recurso de reposición.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 10 días, a contar a partir do día seguinte ao da notificación, a comunicarlle por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. A falta de manifestación expresa entenderase aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente declarando conclusivo o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

1.- Prazo de xustificación:

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o **30 de setembro de 2021** (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa emenda ou entrega. Transcorrido o prazo sen atender ao requirimento e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 35/2015 PAC, teranse por desistidas da súa petición.

Conforme establece o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente,

este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

De non presentar a xustificación no prazo adicional perderase o dereito a percibir a subvención.

2.- Cantidade a xustificar:

A entidade beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel equivalentes ao importe da axuda concedida e copias de facturas polo resto do orzamento do proxecto presentado. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto non subvencionado pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Terase en conta como importe xustificativo a base impositivo do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da Axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo VI que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida pola Concellería de Igualdade de Vigo é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

3.- Sistema e documentos necesarios para a xustificación:

A teor do disposto no art. 81 do regulamento da LXS establececese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007), do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a rendición da conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) Anexo VI: Solicitude de pagamento e certificación, asinado pola/o secretaria/o e pola presidenta/e da entidade:

Coa sinatura deste modelo acredítase, entre outros, os seguintes extremos:

- Que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade, indicando o seu custo total. Cando o gasto xustificativo que se indique neste anexo sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto que presentou a entidade na súa solicitude de subvención (Anexo III), procederase a minorar a axuda concedida na mesma proporción.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.



Concello de Vigo

- Cando se xustifican gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se a entidade está exenta ou non do IVE e , de ser o caso, que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida pola Concellería de Igualdade de Vigo é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder asumilo.

b) Anexo VII: Xustificación do gasto do proxecto correspondente ao importe da axuda concedida, asinada pola tesoureira/o e pola presidenta/e do club:

Consiste nunha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar o importe da contía da axuda concedida , con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión.

c) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, asinadas electronicamente pola/o representante legal da entidade:

As facturas corresponderán a gastos que deben estar vinculados directamente co fomento de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas, ou das deportistas individuais.

Deberán estar ordenadas e numeradas seguindo a orde de clasificación do anexo VIII polo importe total da subvención outorgada.

As ditas facturas deberán estar asinadas electronicamente polo/a representante da entidade, e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contra-prestación.
- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

d) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos subvencionados na tempada de referencia facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licencias femininas, ou no seu caso, as deportistas individuais, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso..., valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, facendo fincapé nas actividades e logros realizados por mulleres e posibles necesidades detectadas).

e) No caso de xustificar a axuda concedida con facturas de gastos para equipamento, este deberá incorporar o logo do Concello de Vigo. Nese caso achegaranse fotografías do dito equipamento.

f) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria:

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

Atendendo á especificidade de actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas e outros conceptos análogos poderán xustificarse a través de documentos orixinais emitidos polas federacións ou pola propia entidade deportiva: certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento das xogadoras e persoal técnico, etc. Estes documentos deberán recoller adecuadamente os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia do mesmo.

En relación á xustificación do pagamento de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos; sempre e cando este mesmo importe non fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á Universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa á tempada 2020/2021 ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual, e non terá por que constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

DECIMO OITAVA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez remate o programa obxecto da subvención e sexa debidamente xustificado.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maiores ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de Igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art. 31.7. e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.-Perda do dereito á cobranza

Dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito á cobranza, ou no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.



Concello de Vigo

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución dos orzamentos do Concello de Vigo aprobados para o ano 2021, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓ DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2020/2021 OU DO ANO 2021 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL.
EXPEDIENTE 10.806-224

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- pagamento de licencias federativas femininas;
- viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús) de deportistas femininas ou dos equipos femininos nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación;
- inscricións en competicións e probas de deportistas ou equipos femininos;
- arbitrxes de competicións e probas de deportistas femininas;
- equipo técnico e deportivo adestrador das deportistas ou de equipos femininos;
- equipamento (sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo), que sexa destinado a deportistas femininas;
- compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas ou dos equipos femininos;

- alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital;
- adquisición de produtos de desinfección e limpeza, así como produtos de hixiene e material de protección fronte a COVID-19, etc.

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a consecución da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento aprobado para o ano 2021 da Concellería de Igualdade. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.
- e) Que conten cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que conten, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.
- f) Que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base 11^a desta convocatoria.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- As solicitudes presentadas por clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais
- As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a



Concello de Vigo

presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Existe a posibilidade de acreditar simplificadaamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado RD 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000 €, como é o caso desta convocatoria, tal e como se establece no apartado 3 da base oitava.

5.- Igualmente, as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

QUINTA.- PROCEDIMENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo .

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e dúas técnicas, funcionarias adscritas á Concellería de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas (artigo 21.4, parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de catro meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o **30 de setembro de 2021**.

DÉCIMA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez remate o programa obxecto da subvención e sexa debidamente xustificado.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2020/2021 OU DO ANO 2021 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPEDIENTE 10.806-224

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8 a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatorias>):”

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto das subvencións responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.



Concello de Vigo

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- pagamento de licencias federativas femininas;
- viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús) de deportistas femininas ou dos equipos femininos nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación;
- inscricións en competicións e probas de deportistas ou equipos femininos;
- arbitrxes de competicións e probas de deportistas femininas;
- equipo técnico e deportivo adestrador das deportistas ou de equipos femininos;
- equipamento (sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo), que sexa destinado a deportistas femininas;
- compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas ou dos equipos femininos;
- alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital;
- adquisición de produtos de desinfección e limpeza, así como produtos de hixiene e material de protección fronte a COVID-19, etc.

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2020/2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento aprobado para o ano 2021 da Concellería de Igualdade.

CUARTA. - BENEFICIARIAS.

Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro, contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2020-2021, ou do ano 2021 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual (a excepción de entidades que contén con licenzas femininas de deporte adaptado, para as que o mínimo de licenzas femininas será de 1) e cumpran os demais requisitos que establecen as bases e convocatoria.

QUINTA.- PROCEDIMIENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o **30 de setembro de 2021**.

15(420).- BASES E CONVOCATORIA DAS "SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2021". EXPTE. 10077/320.

Visto o informe de fiscalización do 13/05/21, dáse conta do informe-proposta do 30/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

ANTECEDENTES

Con data 26 de marzo de 2021, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciara a tramitación de expediente de "Bases reguladores das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2021".

O obxecto destas subvencións é, colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades. Con carácter excepcional, estas axudas tamén permitirían atender a novas necesidades emerxidas no actual contexto de crise sanitaria provocada polo COVID-19, así como, a adquisición de material informático e audiovisual para a adaptación e implantación das novas tecnoloxías nas actividades asociativas, así como, a adecuación dos locais sociais ás novas condicións de seguridade.



Concello de Vigo

1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA

Para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Se ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, e así, atopamos os seguintes antecedentes máis inmediatos:

1. Ano 2020: Expte. Núm. 9530/320
2. Ano 2019: Expte. Núm. 8627/320
3. Ano 2018: Expte. Núm. 8011/320
4. Ano 2017: Expte. Núm. 7754/320
5. Ano 2016: Expte. Núm. 7353/320
6. ...

3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCÍONS

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCÍONS

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 375.000,00 euros (trescentos setenta e cinco mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

- 200.000,00 € (douscentos mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000 “Subvencións a entidades cidadás ” (Programa I “Gastos de mantemento”)

- 175.000,00 € (cento setenta e cinco mil euros) con cargo a aplicación 9240 7800010 “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” (Programas II “Gastos de investimento: equipamento” e Programa III “Gastos de investimento: obras e adquisición de inmo- bles”).

5. CONDICIÓN E FINALIDADE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS E ENTIDADES BE- NEFICIARIAS

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Re- xistro Municipal de Asociacións (RMA), que operen no movemento veciñal e que traballen no ámbito sociocomunitario, de participación cidadá e das relacións cidadás, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xe- ral, realizadas ou pendentes de realizar (*dende o 1 de decembro de 2020 ata o 30 de se- tembro de 2021*) e que cumpran os requisitos enumerados na Base 2ª da norma reguladora da subvención, así como a finalidade ou obxectivo perseguido coa convocatoria.

Coa finalidade de coaduxar ao cumprimento dos seus fins e ao desenvolvemento das súas actividades, a través desta convocatoria, se financian os seguintes programas, nos que se inclúen os gastos derivados das necesidades emerxidas como consecuencia do COVID-19:

- Programa I: “Gastos de mantemento”
- Programa II: “Gastos en investimento: equipamento”
- Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmoables”

6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA

Tal como dispón o artigo 22.1 da LXS, o procedemento ordinario de concesión de subven- cións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, o cal se inicia de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, levándose a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de avaliación das solicitudes establecidos na Base 11ª da convocatoria na que se detalla a ponderación relativa atribuída a cada un deles, de conformidade co art. 60 do RLXS.

7. SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convoca- toria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Proce- demento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados coas bases e que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto na Base 12^a da convocatoria e arts. 20 a 24 da LSG, así como ao establecido na LPAC, no referente á presentación de solicitudes, a súa emenda, a instrución do procedemento, a resolución (no prazo de 6 meses), e a notificación electrónica. Por último, as beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á subvención concedida, no prazo de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da concesión da axuda, podendo ser a renuncia, total ou individual, por Programas, e a mesma será aceptada de plano pola administración, que declarará concluído o procedemento.

9. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar as presentes bases reguladoras da convocatoria e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

10. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- APROBAR a convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2021*”, de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais que operen no movemento veciñal, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do RMA, e que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, co fin de contribuír no desenvolvemento, tanto das súas actividades propias, como as derivas das medidas adoptadas como consecuencia do COVID-19, e por unha contía total de 375.000,00 € (trescentos trinta mil euros).

SEGUNDO.- APROBAR, como **modelos oficiais**, os 12 modelos normalizados:

1. Anexo I: Solicitud
2. Anexo II: Programa de actividades para o ano 2021
3. Anexo III: Orzamento dos programas subvencionables
4. Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos
5. Anexo V: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas
6. Anexo VI : Autorización expresa á consulta e verificación de datos
7. Anexo VII: Publicidade Corporativa-Cartería
8. Anexo VIII: Solicitud de aboamento do Programa I. Gastos de Mantemento
9. Anexo IX: Solicitud de aboamento do Programa II. Equipamento
10. Anexo X: Solicitud de aboamento do Programa III. Obras
11. Anexo XI: Memoria de actividades 2021 (ou equivalente)
12. Anexo XII: Renuncia

TERCEIRO.- PUBLICAR, unha vez aprobadas, a **convocatoria e bases reguladoras** das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2021*” en:

- a) A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www. Vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial de Provincia (BOP).
- b) As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www. Vigo.org](http://www.vigo.org)).

CUARTO.- AUTORIZAR o gasto, por importe de **200.000,00 €** (douscentos mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos su-



Concello de Vigo

Subvencionables no Programa I (“Gastos de mantemento”) das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2021”.

QUINTO.- AUTORIZAR o gasto, por importe de **175.000,00 €** (cento setenta e cinco mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos Programas II (“Gastos en investimento: equipamento”) e III (“Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”), das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2021”.

SEXTO.- RECURSOS: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2021

A Concellaría de Participación Cidadá e Festas convoca anualmente un programa de subvencións cuxos destinatarios son Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais que operen no movemento veciñal.

O obxecto destas subvencións é, colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades.

A contía total destinada a estas axudas para o vixente exercicio presupostario é de **375.000,00 euros**. Considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de decembro de 2020 ata o 30 de setembro de 2021**, e que se encadren en algún dos seguintes programas:

- Programa I: Gastos de mantemento
- Programa II: Gastos en investimento. Equipamento.
- Programa III: Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmobles

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2021

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas, do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

- Programa I: “Gastos de mantemento”
- Programa II: “Gastos en investimento: equipamento”
- Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais e sociedades culturais, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Fomentar proxectos de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.
- Potenciar a dinamización social e as relacións da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edición de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.
- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.



Concello de Vigo

- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que **operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións** (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, agás as excepcións reflectidas na base primeira, e que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. Para dar cumprimento a este requisito, a persoa que ostente o cargo de secretario/a deberá achegar unha certificación nos que se contemplen estes términos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo nos termos establecidos na Base 7.2.1 desta convocatoria.
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na base décima desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos

supostos do apartado anterior (“Gastos de mantemento, equipamento e obras ou adquisición de inmobles”).

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, **son gastos subvencionables** os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de decembro de 2020 ata a data de finalización do prazo de xustificación (30 de setembro de 2021)**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar, e que teñan acomodo nalgún dos dous programas obxecto de convocatoria:

1- Programa I: “Gastos de mantemento”: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- **Subministrados:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos...
- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, xestión ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación...
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) organizadas polas entidades...
- **Impostos directos:** Imposto de Bens Inmobles (IBI); Taxa de lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados)...
- **Arrendamento local social.**
- **Material fungible:** consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina...
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación :** avarías, carpintería-aluminio, electricidade, ferretería...
- **Investimento na adaptación da actividade asociativa á normativa de protección e prevención fronte ao COVID-19:** máscaras, xel hidroalcohólico, desinfección...
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os **gastos do persoal contratado para a xestión e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.**

2- Programa II :“Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (*considerase material inventariable*,



Concello de Vigo

aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade);

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz....
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores...
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas...
- **Material COVID-19:** equipamento que puidese ser preciso coa finalidade de garantir a continuidade ou adaptación de novos servizos á cidadanía como consecuencia do COVID-19: mamparas, expendedor de xel, purificador de aire....
- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

Estes gastos son finalistas e a subvención atenderá soamente ao aprobado pola Xunta de Goberno Local, non admitíndose cambios na compra deste material que non fosen expresamente autorizados.

Deberá acreditarse mediante certificación do/a secretario/a da entidade que equipamento adquirido se incorporou ao inventario da entidade, con indicación expresa do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo, de dous anos.

3- Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”:

- Adquisición, **obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarias**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- **Inversións realizadas nas instalacións e no entorno dos locais sociais como consecuencia das medidas adoptadas para dar cumprimento ás esixencias derivadas do COVID-19.**
- **Obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares.**
- Poderán incluírse, como **gastos indirectos**, ata un máximo dun 20% do orzamento presentado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrais, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesmo.

En ningún caso, se aboará a subvención en concepto de obras, se a beneficiaria non conta coa preceptiva licenza municipal ou, no seu caso, comunicación previa, de seren esixibles conforme a normativa urbanística.

No caso de adquisición, nova construción, rehabilitación e mellora integral de bens inmobles inventariables, inscribibles no Rexistro da Propiedade, deberá facerse constar na escritura, obrigatoriamente, o destino do/s bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin, que, como mínimo, será de cinco anos.

Cando o importe dos gastos exceda de 40.000 € para a execución da obra, ou de 15.000 €, no caso de subministro de bens de equipo ou prestación de servizos, a beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista no mercado entidades suficientes que o subministren ou que o gasto tivera lugar antes da solicitude da subvención. A elección da oferta, que deberá xustificarse expresamente cando non recaia na proposta económica mais económica, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 375.000,00 € (trescentos setenta e cinco mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de **6.000 €**.

2.- Programas II e III: 175.000 € (cento setenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000 €.

QUINTA.- ANTICIPO A CONTA

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da contía total da axuda outorgada polo Concello, previa petición razoada da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos



Concello de Vigo

mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade da subvención outorgada, tal e como se establece na cláusula 14 destas bases.

En todo caso, a entidade deberá achegar, xunto coa solicitude de anticipo, en función dos programas subvencionados, a seguinte documentación:

- **Programa I Gastos de Mantemento:** unha relación detallada (emisor/proveedor, concepto, número, data e importe ...) das factura ou xustificante de gasto realmente realizados e por un importe igual ou superior ao do anticipo solicitado.
- **Programa II Gastos en Equipamento:** no suposto de investimentos realizados con anterioridade á petición do anticipo, presentarse unha relación similar ao Programa I, en caso contrario, presentarse os orzamentos da inversión prevista.
- **Programa III Gastos en Obras:** ao igual que no suposto anterior, de ser posible presentarse unha relación das facturas correspondentes á obras xa executadas, en caso contrario, deberá achegarse o orzamento das obras previstas sempre e cando sexa distinto ao presentado no momento da solicitude, así coma o número de expediente ou copia da licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo, e no caso das comunicacións previas, o servizo de Participación Cidadá, solicitará un informe de conformidade emitido por dita Xerencia, xa que en ningún caso se aboará o anticipo se a entidade beneficiaria non conta coa preceptiva conformidade urbanística.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003I, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, **a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.**

Conforme ao previsto no arti 42 e ss do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS)..

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Participación Cidadá e Festas, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SÉTIMA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima de 5 puntos na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base décima ("Solicitud e Documentación").

2.- Con carácter xeral:

- A non xustificación ou xustificación fóra de prazo, sen achegar renuncia, das subvencións obtidas durante o ano inmediatamente anterior ao desta convocatoria.
- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.
- Aqueles que non respondan á natureza do programa subvencionado
- Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente co obxecto subvencionable.



Concello de Vigo

- Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.

3.- No Programa III:

- Aqueles proxectos sobre locais arrendados, cando o **contrato de alugamento sexa inferior a 5 anos, e ou, non conte coa autorización expresa do propietario ou propietaria do local para levar a cabo devanditas obras.**
- Aqueles proxectos de obras realizadas en locais de titularidade municipal sen a previa autorización ou conformidade do departamento de Participación Cidadá.
- Aqueles proxectos de obras, pendentes de executar, en locais cedidos por outros entes públicos ou privados, e non se acredite a súa autorización expresa para realizar ditas obras.
- Aqueles gastos en man de obra directa derivada do voluntariado.

OITAVA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados a que se refiren os Programas I, II e III, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Comunicar calquera eventualidade ou modificación na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de unidades de obra, servizo ou equipamento, comunicarse no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzan ou coñeza, en todo caso, antes de resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación á baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.
4. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades, as obras ou no equipamento adquirido, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo VII (modelos de cartelería)** aprobado nesta convocatoria e que estarán a disposición no Servizo de Participación Cidadá para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o cofinanciamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2021 publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de mantemento e/ou investimento (equipamento e/ou obras) da asociación, para o fomento das actividades sociocomunitarias e, en xeral, do asociacionismo e da participación cidadá.
5. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira

6. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
7. Contar coa preceptiva licenza municipal de obras ou, no seu caso, cando a actuación no estivese sometida a réxime de autorización, a oportuna comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística.
8. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
9. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
10. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
11. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
12. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
13. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
14. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos a raíz do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do Título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000,00 euros

NOVENA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (*tramitación en liña*)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.



Concello de Vigo

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Todas as solicitudes, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

DÉCIMA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Os anexos de solicitude e a documentación complementaria deberán presentarse electronicamente. Os/as solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os/as solicitantes deberán presentar necesariamente os seguintes anexos e documentación complementaria:

- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA común para os tres programas:

Certificación da persoa que ostente o cargo de secretario/a ou persoa habilitada para o efecto pola entidade, na que conste que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, esta ten obxectivos e finalidades coincidentes coas establecidos nas bases de esta convocatoria (base 1^a.c), así como, que a entidade conta coa estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e a experiencia e capacidade necesarias para aca-
dalos.

- ANEXOS (I, II, III, IV, V e VI)

ANEXO I. SOLICITUDE

1. Datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

2. Información básica sobre protección de datos
3. Datos bancarios
4. Custe do proxecto presentado e importe da subvención solicitada
5. Datos do Rexistro Municipal de Asociacións

6. Información relativa á titularidade do local da entidade, autorizacións, fotografías e orzamento das obra previstas
7. Xestión económica e financeira da entidade no ano 2020
8. Sistemas de información, comunicación e publicidade do financiamento municipal (*conforme aos modelos do anexo VII de cartelería*)
9. Niveles de cooperación con outras entidades (*criterio de valoración*)
10. Sinatura dixital do/a representante leda da entidade

ANEXO II. PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2021 incluídas as xa realizadas e as pendentes de realizar e, que serven de fundamento para a concesión da subvención:

- descrición da actividade
- duración media da actividade
- categoría (formación, deporte, lecer, saídas culturais, artesanía, exposicións, ...)
- colectivo ao que se dirixe
- número de participantes (se xa se coñecen) e sector ou colectivo de poboación destinatario
- financiamento
- medios empregados (materiais e humanos)
- lingua empregada no desenvolvemento da actividade

ANEXO III. ORZAMENTO DOS PROGRAMA SUBVENCIONABLES

Programas para os que solicita a subvención:

1. Detalle dos gastos do **Programa I**: Gastos xerais de mantemento
2. Detalle dos gastos do **Programa II**: Gastos en equipamento inventariables
3. Detalle dos gastos do **Programa III**: Obras

Con respecto ao programa de obras, deberá presentarse ademais:

- No suposto de locais arrendados, deberase presentar a **copia do contrato de alugamento** (*cunha duración como mínimo de 5 anos*) e a **autorización da persoa propietaria** do local para levar a cabo devanditas obras.
- No suposto de locais cedidos polo Concello de Vigo, a entidade peticionaria deberá marcar a cela correspondente de petición de **autorización do Servizo de Participación Cidadá**, como tramite previo para solicitar a preceptiva licenza municipal ou oportuna comunicación previa para acometer as obras de reforma ou melloras no local social de titularidade municipal.
- No suposto de locais cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades peticionarias deberán presentar, igualmente, a **autorización expresa** de ditos entes para realizar as obras obxecto de subvención.



Concello de Vigo

- **Reportaxe fotográfica** sobre os estado actual do/s espazo/s obxecto das obras:
Antes das obras Despois das obras (no suposto de estar xa executadas)
- **Orzamento da obra** redactado pola empresa executora das obras, no que deberá reflectirse o importe da actuación por conceptos, desagregando, en todo caso, traballos, materiais e man de obra e, que deberá axustarse ao orzamento presentado na Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo no expediente de comunicación previa ou licenza urbanística.
- No momento da xustificación das subvencións recibidas, haberá que indicar o número de expediente ou copia da correspondente licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo, e no caso das comunicacións previas, o servizo de Participación Cidadá, solicitará un informe de conformidade emitido por dita Xerencia
- O inspector municipal poderá xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS

ANEXO VI: AUTORIZACIÓN EXPRESA Á CONSULTA E VERIFICACIÓN DE DATOS POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO.

Esta autorización expresa para consultar as certificacións de non ter débedas tributarias e coa Seguridade Social, deberá presentarse asinado electrónicamente. No caso de que a entidade solicitante se opoña expresamente, terá que presentar o documento de identidade correspondente e/ou as certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a 6 meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A entidade solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A Administración actuante poderá consultar ou recadar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recadar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que emende a falta no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos
- | | |
|-----------------|---|
| Ano 87 a 93 | 5 |
| Ano 94 a 2000 | 4 |
| Ano 2001 a 2006 | 3 |
| Ano 2007 a 2013 | 2 |
| Ano 2013 a 2019 | 1 |
| En adiante | 0 |



Concello de Vigo

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1
0 anos	0

- b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos
Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

- Socios

Ata 500 socios	1
De 501 a 1000 socios	2
De 1001 a 1500 socios	3
De 1501 a 2000 socios	4
Mais de 2000 socios	5

- c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2020): Ata 5 puntos

Presuposto: Ata 10.000 €	5
De 10.001 a 50.000 €	4
Do 50.001 a 70.000 €	3
Do 70.001 a 100.00 €	2
Mais de 100.000 €	1

- Segundo a porcentaxe económica que chega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

Solvencia: Do 56% ata o 100%	1
Do 41% ata o 55%	2
Do 26% ata o 40%	3
Do 16% ata o 25%	4
Ata o 15%	5

- d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos.

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.

Duración media dos programas ou grupos estables (máximo 8 puntos)

Ata 3 meses: 2 puntos

Ata 6 meses:	4 puntos
Ata 9 meses:	6 puntos
Ata 12 meses:	8 puntos

B) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.

Número de actividades formativas (máximo 8 puntos)

1-10 actividades:	2 puntos
11-20 actividades:	4 puntos
21-30 actividades:	6 puntos
Máis de 31 actividades:	8 puntos

C) Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.

Número de actividades formativas (máximo 5 puntos):

1-3 programas:	2 puntos
4-7 programas:	3 puntos
8-11 programas:	4 puntos
12 ou mais programas:	5 puntos

D) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si:	2 puntos
Non:	0 puntos
Parcial:	1 puntos

E) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede (máximo 2 anos):

0 entidades:	0 puntos
1-3 entidades ou colaboración puntual:	1 puntos
4 ou mais entidades ou colaboración estable:	2 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

f) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 30 por Programa.

Distribuirase un total de 25 puntos por tramos en base ao custe do proxectos achegados para cada un dos Programas (*gastos en mantemento, gastos en equipamento e gasto en obras*):

De 1 € a 1.000 €: 1 punto

De 4.001 a 4.500 €: 11 puntos



Concello de Vigo

De 1.001 a 1.250 €: 2 puntos	De 4.501 a 5.000 €: 12 puntos
De 1.251 a 1.500 €: 3 puntos	De 5.001 a 5.500 €: 13 puntos
De 1.501 a 1.750 €: 4 puntos	De 5.501 a 6.000 €: 14 puntos
De 1.751 a 2.000 €: 5 puntos	De 6.001 a 6.500 €: 15 puntos
De 2.001 a 2.250 €: 6 puntos	De 6.501 a 7.000 €: 16 puntos
De 2.251 a 2.500 €: 7 puntos	De 7.001 a 8.000 €: 17 puntos
De 2.501 a 3.000 €: 8 puntos	De 8.001 a 9.000 €: 18 puntos
De 3.001 a 3.500 €: 9 puntos	[...]
De 3.501 a 4.000 €: 10 puntos	De 15.001 en adiante : 25 puntos

- Mellora da accesibilidade, cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, tecnolóxicas ou de integración : Ata 5 puntos

Porcentaxe do custe do proxecto adicado a esta finalidade:

100 %	5 puntos
Igual ou superior ao 75%	4 puntos
Igual ou superior ao 50 %	3 puntos
Igual ou superior ao 25 %	2 puntos
Menos do 25 %	1 punto

g) Colaboración das entidade coa acción da Administración Local. Ata 20 puntos

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...). Máximo 10 puntos:
 - Ata 3 rexistros: 4 puntos
 - De 4 a 6 rexistros: 8 puntos
 - Mais de 7 rexistros: 10 puntos
- Participación noutros programas municipais: valorase con 2 puntos cada un dos programas municipais nos que se participe, ata un máximo de 10 puntos.

h) Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas.

- Grao de cumprimento na presentación da documentación: Restarase un punto polo incumprimento da base 14^a:
*"Deberá presentarse electronicamente **unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados**, segundo os Anexos VIII (mantemento), IX (equipamento) e X (obras),*

cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentarse como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XI: "Memoria de actividades 2020" ou documento equivalente conforme se detalla no apartado 4 desta base.

- Restarase un punto por cada unha das emendas ou documentos requiridos para subsanar a xustificación presentada no 2020
- A aquelas entidades as que se lles aplicou a redución proporcional por xustificación incompleta, restaráselle 2 puntos mais cando a porcentaxe xustificada supere o 50% e, 3 puntos cando a porcentaxe xustificada sexa inferior ao 50 %.
- Aquelas entidades que non xustificaron ou presentaron renuncia expresa obterán unha puntuación de 0 puntos.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal técnico de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colegiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Festas
- 2 Vogais: A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima Primeira.

4- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.



Concello de Vigo

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co NIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

6- O prazo de resolución e notificación será de 6 meses contados a partir da publicación desta convocatoria.

7- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítiranse ás entidades interesadas os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnico, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que

debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XII**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións do servizo de Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

12.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 30 de setembro de 2021.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de factu-



Concello de Vigo

ras e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. **O criterio para verificar que os gastos foron realizados dentro do período subvencionable será o da data da factura ou documento xustificativo que se presente.**

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular no sexa a entidade beneficiaria.**

Excepcionalmente, admitirase a presentación de pagos en efectivo. Para xustificar este tipo de pagos, achegarase un recibo no que conste que o emisor/proveedor recibiu o importe, con identificación da factura que lle corresponda, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto se deixe constancia de que se recibiu o importe debido e a data de dita transición.

Tamén se considerará efectivamente pagado un gasto coa cesión do crédito ou do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado, así como coa entrega de efecto mercantil garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido nos **Anexos VIII, IX, e X** respectivamente, nos cales se inclúen, entre outros, os seguintes apartados:

- 1. Declaración do representante da entidade na que declara baixo a súa responsabilidade que “responde da veracidade da información achegada, así como, que a documentación xustificativa dixitalizada que se presenta é fiel reprodución da documentación orixinal”**
- 2. Relación clasificada dos gastos en cada un dos programas subvencionados:** en dita relación xustificárase gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade. Así mesmo, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas e asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:**
 - os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE

Deberá presentarse electrónicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento), IX (equipamento) e X (obras), cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentárase como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XI: “Memoria de actividades 2021” ou documento equivalente conforme se detalla no apartado 4 desta base.

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterán a seguinte documentación e información:

1. Anexo VIII. “Solicitude de aboamento do Programa I. Gastos de Mantemento”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención
2. Datos do/ representante legal: no suposto de que dita representación non corresponda co/a presidente/a da entidade solicitante, deberá presentarse unha certificación do/a secretario/a no que figure o acordo de nomeamento de dito/a representante.
3. Domicilio a efectos de notificación: identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar), e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos de posta a disposición das notificacións enviadas á entidade solicitante.



Concello de Vigo

Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

4. Detalle dos gastos xerais de mantemento, por un importe igual ou superior ao custo do proxecto subvencionado

5. Documentación complementaria:

- Para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse:

- copia das **nóminas** correspondentes aos meses imputados.
- o **Modelo 111** de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas **acreditacións bancarias de pago**.
- **Seguros Sociais**: Relación de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT). O RLC deberá ir acompañado do xustificante bancario de pago.

- Cando se xustifiquen gastos de alugueiro, **Modelo 115** de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento.

- Cando se inclúan, como documentación orixinal, os recibos dos gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado (**póliza**).

- Acreditar, mediante a presentación das fotografías correspondentes, a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, mediante a inserción, en lugar preferente, do logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo **Anexo II ("Publicidade corporativa- cartelería")** desta convocatoria. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2021, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de mantemento da asociación, para o fomento das actividades sociocomunitarias e, en xeral, do asociacionismo e da participación cidadá.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 7*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **copia electrónica da resolución de concesión** das mesmas.

6. Declaración responsable (veracidade dos datos e cumprimento das bases, aplicación dos gastos á actuación subvencionada, abono dos gastos, retención do IRPF, non dedución do IVE, non percepción doutras axudas, estar ao corrente das obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e fronte á Seguridade Social, non incursión nas prohibicións do art. 13 da LXS e non aplicación da documentación económica xustificativa achegada á xustificación doutras subvencións).

7. **Relación clasificada dos gastos subvencionados** no programa I de Mantemento, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun “x” diante do documento cuxo “orixinal” se achega (*facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais*), e reflectindo a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos “orixinais” presentados.

8. Sinatura dixital do/a representante da entidade

2. Anexo IX. “Solicitud de aboamento do Programa II. Equipamento”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención
2. Datos do/ representante legal
3. Domicilio a efectos de notificación
4. Detalle dos gastos xerais de equipamento, por un importe igual ou superior ao custo do proxecto subvencionado
5. Documentación complementaria:

- **certificación do/a secretario/a** da entidade conforme o equipamento adquirido e subvencionado se incorporou ao seu inventario da entidade, con indicación expresa dos bens adquiridos e subvencionados e do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s, e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo de 2 anos.

- **Reportaxe fotográfica** do equipamento subvencionado coa correspondente etiqueta identificativa do cofinanciamento municipal conforme o Anexo II. “Publicidade corporativa-cartelería”, así como, as fotografías que acrediten a exposición da cartelería nas instalacións da entidade e, de ser o caso, na súa páxina web.

- De ser o caso, os **tres orzamentos** que, en aplicación do art. 31.3 da LXS debe ter solicitado a beneficiaria, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 € no subministro de bens de equipamento ou prestación de servizos. Non serán esixibles cando os gastos se tiveran realizado con anterioridade á solicitude desta subvención.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 7*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica **da resolución de concesión** das mesmas.



Concello de Vigo

6. **Declaración responsable.**

7. **Relación clasificada dos gastos subvencionados** no programa II de Equipamento.

8. **Sinatura dixital do/a representante da entidade**

3. Anexo X. “Solicitud de aboamento do Programa III. Obras”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención

2. Datos do/ representante legal

3. Domicilio a efectos de notificación

4. Detalle dos gastos xerais das obras, por un importe igual ou superior ao custe do proxecto subvencionado

5. Documentación complementaria:

- **Reportaxe fotográfica** sobre o estado final do/s espazo/s obxecto das obras, así como, as fotografías que acrediten a exposición da cartelería nas instalacións da entidade e, de ser o caso, na súa páxina web, conforme ao Anexo II. “Publicidade corporativa-cartelería”.

- Indicar o número de expediente ou copia da correspondente **comunicación previa** presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo, coa finalidade de que o servizo de Participación Cidadá solicite un informe de conformidade emitido por dita Xerencia.

- No suposto de obras suxeitas a **licenza urbanística**, presentárase o número de expediente ou copia da licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

- No suposto de nova construción, rehabilitación e mellora integral de bens inventariables e inscribibles nun rexistro público, a **inscrición no Rexistro da Propiedade**. Na mesma deberá figurar, necesariamente, o destino do/s ben/s ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin que, como mínimo, será de cinco anos.

- Cando o obxecto subvencionado sexa a adquisición dun ben inmovible, deberá achegarse **escritura de compravenda**, na que deberán figurar os extremos indicados no apartado anterior.

- De ser o caso, os **tres orzamentos** que, en aplicación do art. 31.3 da LXS debe ter solicitado a beneficiaria, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000 € na execución de obras. Non serán esixibles cando os gastos en obras se tiveran realizado con anterioridade á solicitude desta subvención.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 7*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica **da resolución de concesión** das mesmas.

6. **Declaración responsable.**

7. **Relación clasificada dos gastos subvencionados** no programa III de Obras.

8. **Sinatura dixital do/a representante da entidade**

4. **Anexo XI “Memoria de actividades 2021”**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s outorgadas, e na que deberá figurar, como mínimo, a seguinte información:

1. Breve referencia sobre en que medida a subvención, por cada un dos programas subvencionado, contribuíu ao desenvolvemento das actividades da entidade beneficiaria

2. Descrición das actuacións ou actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado

- Denominación da actividade
- Datas e lugar de celebración
- Número de participantes ou colectivo destinatarios
- Recursos empregados (materiais e humanos)
- Nos cursos de formación (novas tecnoloxías, idiomas, educación...), detallarase, brevemente, o programa do curso xunto coa identificación do monitor
- Material publicitario empregado para a súa difusión (carteis, anuncios en prensa...)
- Calquera outra documentación complementaria

Este Anexo Xi) poderá substituírse por unha memoria de actividades en formato libre, sempre e cando, se inclúan os datos solicitados e se faga mención a cada unha das actividades detalladas no Anexo II) presentado no momento da solicitude (“Proxecto de Actividades”).

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.



Concello de Vigo

DÉCIMO QUINTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da referida Lei.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento e estudo da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que se incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, dando lugar a súa desestimación, desistimento ou caducidade da solicitude de aboamento, así como, a renuncia á subvención.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, por tratarse de gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude, admítense unha variación de ata un máximo do 15% nos importes parciais do proxecto de referencia no Programa I ("Gastos de Mantemento"). No caso de superarse este importe dará lugar, en todo caso, a unha redución proporcional da cantidade outorgada.

DÉCIMO SEXTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida polo servizo de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

DÉCIMO SÉTIMA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os programas subvencionados.

DÉCIMO OITAVA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Cuarta
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

Procederá a revogación parcial, por Programas, cando os incumprimentos a que se refire o apartado anterior se produzan unicamente respecto dun dos Programas para os que obtivo subvención.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da Lei Xeral de Subvencións. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará



Concello de Vigo

as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o Título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no que se regula a potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial.

DÉCIMO NOVENA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lícito das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do asociacionismo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021 as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMA PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

CONVOCATORIA DAS SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2021

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIONS

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, consti-



Concello de Vigo

tuídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar entre o **1 de decembro de 2020 ata o 30 de setembro de 2021**.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

- Programa I: “**Gastos de mantemento**”
- Programa II: “Gastos en investimento: **equipamento**”
- Programa III: “Gastos en investimento: **obras e adquisición de inmobles**”

c) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as **entidades que operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. Para dar cumprimento a este requisito, a persoa que ostente o cargo de secretario/a deberá achegar unha certificación nos que se contemplen estes términos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo nos termos establecidos na Base 7.2.1 desta convocatoria.
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base Décima.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos

do apartado anterior ("Gastos de mantemento, equipamento e obras ou adquisición de inmobles").

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

1- Programa I: "Gastos de mantemento": gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- **Subministrados:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos...
- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, xestión ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación...
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) organizadas polas entidades...
- **Impostos directos:** Imposto de Bens Inmóveis (IBI); Taxa de lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados)...
- **Arrendamento local social.**
- **Material fungible:** consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina...
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación :** avarías, carpintería-aluminio, electricidade, ferretería...
- **Investimento na adaptación da actividade asociativa á normativa de protección e prevención fronte ao COVID-19:** máscaras, xel hidroalcohólico, desinfección...
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os **gastos do persoal contratado para a xestión e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.**

2- Programa II : "Gastos en investimento: equipamento": equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade);

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz....
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores...
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas...



Concello de Vigo

- **Material COVID-19:** equipamento que puidese ser preciso coa finalidade de garantir a continuidade ou adaptación de novos servizos á cidadanía como consecuencia do COVID-19: mamparas, expendedor de xel, purificador de aire....
- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

3- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles":

- Adquisición, **obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarias**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- **Inversións realizadas nas instalacións e no entorno dos locais sociais como consecuencia das medidas adoptadas para dar cumprimento ás esixencias derivadas do COVID-19.**
- **Obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares.**
- Poderán incluírse, como **gastos indirectos**, ata un máximo dun 20% do orzamento presentado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrals, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesmo.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **375.000,00 €** (trescentos setenta e cinco mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada "Subvencións a entidades cidadás" do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de **6.000 €**.

2.- Programas II e III: 175.000 € (cento setenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada "Subvencións Capital Asociacións e Atrios" do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto

ou, en todo caso, os 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000 €. en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €.

QUINTA.- ANTICIPO A CONTA

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da contía total da axuda outorgada polo Concello, previa petición razoada da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade da subvención outorgada, tal e como se establece na cláusula 14 destas bases.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCÍONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SÉTIMA.- SOLICITUDE, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por Internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas



Concello de Vigo

electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

OITAVA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adjudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos
- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2020): Ata 5 puntos
- Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos.

Valorarase o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.
- Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.
- Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.
- Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

e) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 30 por Programa.

- Custe do proxecto achegado para cada un dos Programas: Ata 25 puntos
- Mellora da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas ou tecnolóxicas: Ata 5 puntos

f) **Colaboración das entidade coa acción da Administración Local.** Ata 20 puntos

- Valorarase o número de rexistros tramitados na Xestión de Expedientes relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...): Ata 10 puntos
- Experiencia, traxectoria e participación en outros programas municipais: Ata 10 puntos

g) **Xustificación das subvencións.**- Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas. Calculase tendo en conta a calidade da xustificación presentada e, se os proxectos subvencionados xustificáronse ao 100 % ou aplicóuselle algunha redución proporcional.

NOVENA.- PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal técnico de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Festas
- 2 Vogais: A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décimo Primeira.

4- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.



Concello de Vigo

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co NIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

6- O prazo de resolución e notificación será de 6 meses contados a partir da publicación desta convocatoria.

7- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electrónicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XII**, aprobado con estas bases.

DÉCIMA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xusti-**

ficación das mesmas finaliza o 30 de setembro de 2021. Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. **O criterio para verificar que os gastos foron realizados dentro do período subvencionable será o da data da factura ou documento xustificativo que se presente.**

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular no sexa a entidade beneficiaria.**

Excepcionalmente, admitirase a presentación de pagos en efectivo. Para xustificar este tipo de pagos, achegarase un recibo no que conste que o emisor/proveedor recibiu o importe, con identificación da factura que lle corresponda, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto se deixe constancia de que se recibiu o importe debido e a data de dita transición.

DÉCIMO PRIMEIRA .- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lícito das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.



Concello de Vigo

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas da participación cidadá" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO CONCELLO DE VIGO DE --/--/2021, POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2021.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as **entidades que operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- OBXECTO

A convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas económicas para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar entre o **1 de decembro de 2020 ata o 30 de setembro de 2021**.

Considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

1- Programa I: "Gastos de mantemento": gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- **Subministrados:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos...
- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación...
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) organizadas polas entidades...
- **Impostos directos:** Imposto de Bens Inmóveis (IBI); Taxa de lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados)...
- **Arrendamento local social.**
- **Material funxible:** consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina...
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación :** avarías, carpintería-aluminio, electricidade, ferretería...



Concello de Vigo

- **Investimento na adaptación da actividade asociativa á normativa de protección e prevención fronte ao COVID-19:** máscaras, xel hidroalcohólico, desinfección...
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os **gastos do persoal contratado para a xestión e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.**

2- Programa II : "Gastos en investimento: equipamento": equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens mobles inventariables (considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade);

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz....
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores...
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas...
- **Material COVID-19:** equipamento que puidese ser preciso coa finalidade de garantir a continuidade ou adaptación de novos servizos á cidadanía como consecuencia do COVID-19: mamparas, expendedor de xel, purificador de aire....
- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

3- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles":

- Adquisición, **obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarias**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- **Inversións realizadas nas instalacións e no entorno dos locais sociais como consecuencia das medidas adoptadas para dar cumprimento ás esixencias derivadas do COVID-19.**
- **Obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares.**
- Poderán incluírse, como **gastos indirectos**, ata un máximo dun 20% do orzamento presentado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrals, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesmo.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de --/--/2021, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **375.000,00 €** (trescentos setenta e cinco mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de **6.000 €**.

2.- Programas II e III: 175.000 € (cento setenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000 €. en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €.

QUINTA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

16(421).- RESOLUCIÓN DA CESIÓN EN USO DAS INSTALACIÓNS DO IME Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA O CEFORE (CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS). EXPTE. 20722/240.

Dáse conta do informe-proposta do 11/05/21, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- LRXSP (Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Reximen Xurídico do Sector Público).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

INFORME- PROPOSTA

Antecedentes:

Primeiro.- Pola Concelleira Delegada de Patrimonio resolveuse en data 24-3-2021: *PRIMEIRO.- Incoar expediente de resolución da cesión en uso das instalacións do Instituto Municipal de Educación (IME) efectuada mediante convenio de data xullo do 1989 á Xunta de Galicia (Consellería de Educación) para Centro de Formación e Recursos de Vigo (CEFORE-VIGO), por causa de interes público municipal, ó resultar necesarias para a creación dunha Escola Infantil Municipal (0-3 anos). SEGUNDO.- Conceder á Xunta de Galicia (Consellería de Educación) e o Centro de Formación e Recursos de Vigo (CEFORE-VIGO), o prazo de 15 días a contar dende a notificación do presente acordo de incoacción co fin de que teñan vista do expediente e poidan formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estimen por convenientes.*

Resolución que foi notificada ó Centro de Formación e Recursos de Vigo (CEFORE-VIGO) en data 24/3/2021 e á Xunta de Galicia (Consellería de Educación) o 25-3-2021, e sen que conste que teñan presentado alegacións ó expediente ningunha delas no prazo que lle foi outorgado ó efecto.

Segundo.- En xuño de 1989 asinouuse entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo un convenio de colaboración, en materia educativa, para a posta en funcionamento dun centro de formación continuada do profesorado de niveis non universitarios.

Por medio do mesmo, o Concello poñía a disposición da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por un periodo mínimo de cinco anos, as instalacións do Instituto Municipal de Educación para a ubicación do devandito Centro de formación. (Clausula segunda), asumindo, entre outros, os gastos de mantemento e conservación como propietario do edificio (clausula cuarta). A Xunta, pola súa parte, faríase cargo dos de auga, luz e teléfono, e así mesmo aportaría dotación económica suficiente para o desempeño da actividade formativa (clausulas quinta e sexta).

Terceiro.- Pola Concellería de Educación solicitouse á recuperación da posesión dos espazos que ocupa na actualidade o CEFORE-VIGO no IME, ao ter proxectado a *creación dunha Escola Infantil Municipal (0-3 anos) nas instalacións do Instituto Municipal de Educación (IME), que posibilitaría poder atender satisfactoriamente nunha zona de ubicación próxima ao Casco Vello, e inicialmente de xeito transitorio ao alumnado e familias afectadas polo traslado de EIM Santa Marta e a posteriori con vocación de continuidade deste equipamento*

educativo municipal (...). Motivado pola incompatibilidade da execución das obras de adaptación e acondicionamento das instalacións do IME para albergar esta Escola Infantil Municipal, resulta inviable a actual ocupación das instalacións do IME por parte do Centro de Formación e Recursos de Vigo (CEFORE-VIGO), dependente da Administración Autonómica, xa que resulta razoable e xustificada a necesidade de recuperar por parte do Concello de Vigo o uso das citadas instalacións municipais dado que sen dúbida algunha o interese público o require.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O Instituto Municipal de Educación (IME) consta de alta no Ep. I Inmubles, do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, co núm de propiedade 113, e natureza xurídica de ben de dominio público, destinado ó servizo público de educación.

En dito edificio, o CEFORE ven ocupando de xeito exclusivo os seguintes espazos e superficies, segundo informa o Servizo de Educación en data 15/3/2021:

RELACIÓN DE ESPAZOS E SUPERFICIES DO IME SEGUNDO PLANOS ADXUNTOS DE USO EXCLUSIVO POLO CEFORE-VIGO

PRANTA SOTO:

- *1 Laboratorio de Fotografía.*

PRANTA BAIXA:

- *1 Biblioteca.*
- *1 Almacén colindante coa Biblioteca.*

- *PRANTA 1ª:*

- *1 Despacho.*

- *PRANTA 2ª:*

- *1 Despacho Seminario nº 9 Grupo asesores/as de formación.*
- *1 Despacho Seminario nº 10 Oficiña Administrativa.*
- *1 Despacho Seminario nº 11 Dirección Cefore.*
- *1 Almacén.*
- *Galería.*
- *1 Seminario nº 12 Grupo asesores/as de formación.*
- *1 Seminario nº 13 Grupo asesores/as de formación.*
- *1 Seminario nº 14 Sala de Informática.*
- *1 Seminario nº 15 Grupo asesores/as de formación.*
- *1 Seminario nº 16 Grupo asesores/as de formación.*

Segundo.- A natureza xurídica demanial do inmovible municipal pola súa adicación o servizo educativo (IME), atópase suxeto aos principios e réximen xurídico de aplicación os bens de



Concello de Vigo

dominio público (art. 5 e 6 LPAP). Neste senso, o uso privativo ou especial dos bens demaniais atopase suxeto o necesario título habilitante que permita a súa utilización por terceiros, como acontece coa ocupación polo CEFORE das instalacións no edificio municipal (art. 86 LPAP), e que no presente caso resulta do convenio celebrado entre ambas administracións no ano 1989, autorizando a cesión de uso polo Concello a favor da Xunta de Galicia das instalacións do IME para súa adicación á centro de formación e recursos, durante todos estes anos, e no que xa se ten cumprido en exceso o prazo de cesión inicial dos 5 anos establecido no convenio.

A LPAP na regulación da utilización do dominio público en reximen de autorización administrativa, establece en relación ás mesmas a potestade de revocación unilateral pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interés público, sin xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interés público ou menoscaben o uso xeral.(art.92.4)

Terceiro.- No presente caso, tendo en conta que a Concellería de Educación ten proxectada a creación dunha escola infantil Municipal (0-3 anos) nas instalacións do Instituto Municipal de Educación, e que a mesma resulta incompatible, como así poñese de manifesto por dita concellería, coa actual ocupación das instalacións do IME por parte do Centro de Formación e Recursos de Vigo (CEFORE-VIGO), resulta necesario neste intre e unha vez ten transcurrido o prazo mínimo dos cinco anos convenidos na posta a disposición da Xunta de Galicia de ditas instalacións para centro de formación, acordar a resolución de dita cesión en uso, con efectos do 31 de xullo do 2021, por causa sobrevida de interes público municipal ó resultar necesarios ao servizo municipal de educación os espazos cedidos para adicalos a escola infantil.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, consonte ao previsto na Lei de Bases e na Disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público.

Por tódolo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Declarar resolta, con efecto do 31/07/2021, a cesión en uso das instalacións do Instituto Municipal de Educación (IME) efectuada mediante convenio de data xullo do 1989 á Xunta de Galicia (Consellería de Educación) para Centro de Formación e Recursos de Vigo (CEFORE-VIGO), por causa de interes público municipal, ó resultar necesarias para a creación dunha Escola Infantil Municipal (0-3 anos).

SEGUNDO.- Comunicar á Xunta de Galicia (Consellería de Educación) e o Centro de Formación e Recursos de Vigo (CEFORE-VIGO), que unha vez cumprida a data de extinción da cesión (31/7/2021), deberá de proceder ó desaloxo das instalacións que ven

ocupándose polo CEFORE no edificio do IME, sito no Camiño Chouzo nº 2 de Vigo, e a súa posta a disposición da Concellería de Educación.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(422).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DOS TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DO AUDITORIO MUNICIPAL DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 3833/330.

Visto o informe xurídico do 10/05/21 e o informe de fiscalización do 11/05/21, dáse conta do informe-proposta do 27/04/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 5 de setembro de 2019 acordou (expte 2319-330):

“Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) por un prezo total de 208.783,08 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.235,08 euros euros e coas seguintes condicións:

a) Propón unha porcentaxe de desconto do 17,93% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I (FEC) do PCAP.

b) Propón o incremento da experiencia mínima esixida no apartado 16.B.1.a das FEC para o/a xefe/a de sala en servizos de traballos técnicos similares de 9 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas

particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

2. Con data 21 de outubro de 2019, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil *SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U* cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 1 de novembro de 2019 (cláusula 4) .
3. Por escrito de entrada no Rexistro Xeral, nº 210067954 de data 23 de abril, D. Pablo Soliño Gándara en nome e representación da mercantil *SOLIMUSIC EVENTS S.L.U.* presta a súa conformidade á primeira prórroga do do contrato, cunha duración de un ano con inicio o 1 de novembro de 2021.
4. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 21 de abril, dispoñendo se proceda a instruír a primeira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.
5. Esta xefatura, como responsable do contrato, informa que a empresa *SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U* ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

- 1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.
- 2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
- 3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 5 de setembro de 2019, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 1 de novembro de 2019, prevéndose a posibilidade tres prórrogas dun ano cada unha delas.
- 4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 21 de abril de 2021 autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de servizos de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio Municipal do Concello (expediente 2319/3300), polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de novembro de 2021 ao 31 de outubro de 2022, polo importe total de **104.391,54 € (cento catro mil trescentos noventa e un euros con cincoenta e catro céntimos)**, ive engadido.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **104.391,54 € (cento catro mil trescentos noventa e un euros con cincoenta e catro céntimos)**, ive engadido. **a favor de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U (CIF.- B27793728)**, con cargo á partida 3331.227.99.07 “Xestión Auditorio Casa do Concello”, do cal corresponden:

- **Ano 2021:** 22.000 €, período do 1 de novembro ao 31 de decembro.
- **Ano 2022:** 82.391,54 €, período do 01 de xaneiro ao 31 de outubro.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(423).- APROBAR O PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE”. EXPTE. 4880/443.

Visto o informe de fiscalización do 13/05/21, dáse conta do informe-proposta do 13/05/21, asinado pola técnica de Xestión de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 15.05.2020 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de mellora da accesibilidade peonil na confluencia da rua Talude coa rúa Urzaiz a favor da empresa SOLTEC INGENIEROS S.L..



Concello de Vigo

II.- A empresa SOLTEC INGENIEROS S.L. presentou borrador de proxecto de "HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE", para a fase de supervisión, redactado polo Enxeñeiro industrial D. Daniel Prieto Renda.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 15.12.2020 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 16.12.2020 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- Posteriormente presentase proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE" redactado polo Enxeñeiro industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL SETECENTOS SETE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (713.707,97 €).

A actuación se desenrola na rúa Talude e levarase a cabo unha renovación completa da rúa coas seguintes características:

- Na ordenación do entorno, manterase o único acceso e saída de tráfico rodado existente. Executarase a renovación íntegra dos firmes nunha única plataforma de 8 m de ancho, con acceso exclusivo aos garaxes dos residentes, e enfocada a mellorar o tránsito de peóns favorecendo a creación de itinerarios continuos e seguros.
- O proxecto inclúe unha superficie de terreo 71,97 m², pertencente ao colexio Mariano, adxacente á rúa Talude, cualificado no vixente planeamento xeral como vial, cuxa doazón foi ofrecida, para a mellora da rúa, pola Congregación Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor e pola Fundación Educativa Franciscanas Ana Mogas, titulares da mesma; doazón que foi aceptada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de marzo de 2021 e formalizada en escritura pública de data 7 de maio de 2021, autorizada pola notaría de Vigo, dona Margarita Colunga Fidalgo, co número 363 de orde do seu protocolo. O proxecto recolle tamén a reconstrución do muro de peche do colexio, que xunto coa inclusión do terreo doado no proxecto de humanización da rúa constitúe o modo da doazón. A devandita superficie cedida gratuitamente permite un incremento da sección da vía en 1,8 metros.
- Mellorarase a accesibilidade mediante a renovación íntegra das escaleiras de conexión existentes coa rúa Urzaiz ca súa adaptación á Orden VIV/561/2010, así como a integración dunha escaleira mecánica ao aire libre cun sentido de marcha ascendente dende a rúa Urzaiz.
- As escaleiras cubriranse por una pérgola metálica acristalada en todo o seu tramo que terá de iluminación funcional e decorativa.
- Coa intención de dotar a rúa Talude dun espazo propio de estancia e de comunicación, incorpórase mobiliario urbano como bancos e zonas axardinadas, dotando ao espazo dunha imaxe máis moderna e saneada.

- Incorporárase una nova rede de rego para a xardinería que garanta un consumo eficiente da auga.
- Coa intención de incrementar a seguridade dos espazos adoptando medidas adecuadas de deseño, de reducir o gasto de enerxía e promover a eficiencia enerxética levarase a cabo a substitución das luminarias existentes por outras LED que cumpren os criterios de eficiencia enerxética demandadas polas esixencias actuais de aforro e sostenibilidades.
- Levarase a cabo a renovación íntegra da rede unitaria de saneamento e pluviais, así como a renovación e mallado da rede de abastecemento.
O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SETE (7) MESES.

VI.- A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 11.05.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“As obras propostas no aspecto urbanístico están axeitadas as ordenanzas e tratase de obras de mantemento e renovación de viais existentes, xerando unha ampliación do espazo mediante unha cesión de terreo por parte do Colexio Mariano ao Concello de Vigo, tal como consta no Anexo nº 18 da memoria do proxecto, polo que se considera que as mesmas, tanto dende o aspecto da lexislación urbanística actual, e lexislación sectorial, son obras específicas tendentes a súa conservación e mantemento.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos



Concello de Vigo

especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE”, redactado polo Enxeñeiro industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL SETECENTOS SETE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (713.707,97 €) e sinatura dixital de data 2 de maio de 2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(424).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2021-2023. EXPTE. 71/142.

Visto o informe xurídico do 05/05/21 e o informe de fiscalización do 11/05/21, dáse conta do informe-proposta do 04/05/21, asinado polo tesoureiro municipal e responsable superior Contable e Orzamentario (Resolución 16/05/18) e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

Por Resolución dos Sra/s. Concelleiras/os Delegada/o de Xestión Municipal e Orzamentos e Facenda de 16 de maio de 2018, encomendouse a redacción dun Plan Estratéxico de Subvencións e de abordar os traballos dun proxecto de Ordenanza de Subvencións, que agora teñen a súa regulación na Base 38 das de Execución do Orzamento.

En relación ao Plan Estratéxico de Subvencións (PES), o artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, fixa como un dos principios que debe respectar na súa actuación calquera Administración pública, o da planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas.

O Tribunal de Contas no seu Informe de fiscalización dos plans estratéxicos de subvencións da área político-administrativa do Estado, aprobado polo Pleno do Tribunal de Contas o 30 de outubro de 2014 e que foi elevado ás Cortes Xerais o 15 de marzo de 2017, recomendou «aprobar anualmente normas para a elaboración dos PES e para determinar o contido dos informes de seguimento dos mesmos, que poderían coadjuvar aos xestores públicos na execución da política subvencional». A Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas, en relación co informe anterior, aprobou a Resolución de 28 de marzo de 2017, na que asumía o citado informe, instaba o Goberno a iniciar a implantación da planificación estratéxica de subvencións e acordaba que se establecesen os protocolos necesarios para garantir a publicidade dos plans estratéxicos de subvencións (PES), onde se recollen, entre outros contidos, as normas para a elaboración dos PES

Do mesmo xeito, o artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), establece que os órganos das Administracións públicas deben concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

A regulación dos plans estratéxicos de subvencións desenvolveuse no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (RXS). O Tribunal de Contas emitiu informes sobre este contido nos plans estratéxicos de subvencións da área político-administrativa do Estado.

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das mesmas e demais axudas públicas, introduce un novo párrafo no artigo 13 do Regulamento Xeral de Subvencións, no que sinala que os plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións deben publicarse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

O artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que as Administracións Públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que se determine por cada Administración competente.

O artigo 8 da LXS, foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do RXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para súa probación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. De acordo co previsto no artigo 12.3 do RXS, os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en



Concello de Vigo

práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

En base ao anterior, o contido do PES é simplemente estimativo das liñas de subvención que se conteñen nos créditos iniciais do Orzamento, non vinculando en ningún caso aos órganos competentes para a concesión de subvencións á apertura de novas liñas ou á non efectiva convocatoria das previstas, en función das circunstancias, condicionado en todo caso ás correspondentes consignacións orzamentarias á estabilidade orzamentaria.

Por outra banda, o artigo 14 do RXS sinala que anualmente se realizará a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible.

Esta necesidade de actualización anual, así como a súa vinculación ao Orzamento de cada exercicio, aconsellan incorporar o Plan Anual de Subvencións e os Plans Estratéxicos como un anexo ao Orzamento.

A Base 38 das de Execución do Orzamento, fai un desenvolvemento do proceso completo do procedemento de outorgamento, supostos de concesión directa, requisitos que deben cumprir os beneficiarios, fiscalización, xustificación, publicidade e control. As Bases de Execución están reguladas no artigo 165 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, que indica que "contarán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos...".

O plan estratéxico deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se formulen deberán estar recollidas no Plan estratéxico de subvencións municipais, por iso, propónse a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións que figura a continuación.

Proposta á Xunta de Goberno Local

Unha vez presentado ao grupo técnico de traballo, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local; aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2021-2023.

PRIMEIRO: aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2021-2023

Índice de contido

I.- INTRODUCCIÓN.....	1
II.- CONSIDERACIÓNS XERAIS.....	3
III.- CONTEXTO E MARCO NORMATIVO.....	4
Ámbito funcional excluído.....	6
IV.- CONTIDO DO PLAN.....	6

V.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A SÚA APROBACIÓN.....	8
VI.- ÁMBITO SUBXECTIVO.....	9
VII.- ÁMBITO TEMPORAL.....	9
VIII.- ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN.....	9
Visión.....	9
Obxectivos.....	10
Principios xerais.....	11
IX.-LIÑAS ESTRATÉXICAS.....	12
X.- BENEFICIARIOS.....	17
XI.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.....	17
Fins da axuda subvencional.....	17
Procedementos na concesión de subvencións.....	18
XII.- EFECTOS E PRAZOS.....	18
Efectos.....	18
XIII.- CUSTES E FINANCIAMENTO.....	19
Custes previsibles.....	19
Financiamento.....	20
XIV.- CONTROL, SEGUIMENTO E TRANSPARENCIA.....	20
Transparencia.....	22

I.- INTRODUCCIÓN

A Constitución española define a España como un Estado social de Dereito que recoñece unha serie de dereitos para os cidadáns de grande transcendencia para a consecución do Estado de Benestar -protección e progreso social, educación, xuventude, saúde, deporte, vivenda digna, cultura, asociacionismo, progreso económico, etc- e tamén atribúe competencias ás distintas Administracións para realizar actuacións de interese xeral.

A Lei de Bases de Réxime Local reflicte as competencias que teñen os Concellos no contexto do Estado, sempre co obxectivo de satisfacer as necesidades das persoas que residen no termo municipal. A estes efectos, atribúense aos concellos unha serie de competencias obrigatorias e outras que dependen do número de habitantes censados. Así mesmo, a LBRL tamén contempla a posibilidade de delegación de competencias por parte doutras Administracións ou da lexislación sectorial, incluso o exercicio de competencias distintas das propias ou das delegadas baixo determinados supostos.

Así, a actividade municipal debe dirixirse a exercitar as competencias atribuídas para facer efectivos os dereitos dos cidadáns e acadar a satisfacción das necesidades colectivas dos seus habitantes. O Goberno de Vigo ten, entre os seus obxectivos, a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na nosa cidade e, polo tanto, da infancia, da moci-



Concello de Vigo

dade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo. Na consecución destes obxectivos están implicadas todas as áreas do Goberno, dende a Alcaldía ata cada unha das Concellerías delegadas: Política Social, Educación, Xuventude, Emprego, Comercio, Igualdade, Deportes, Cultura, Transportes, Urbanismo, Medio Ambiente, Parques e Xardíns, Fomento, Patrimonio e Facenda.

A actividade das Administracións Públicas para desenvolver as súas políticas públicas pode realizarse directamente ou ben alentando a súa realización, por parte de persoas ou colectivos, de actividades de interese xeral ou que sirvan para acadar obxectivos dignos de tutela. Neste último modo de actuación teñen un protagonismo especial as subvencións, como ferramentas que permiten orientar a actividade das persoas ou dos colectivos, así como a consecución dos obxectivos por quen pode estar en mellor disposición de acadalos ou por quen pode axilizar a súa consecución, evitando ademais cargas administrativas tanto para o Concello como para os propios cidadáns.

As subvencións incluídas neste ámbito son aquelas que se definen como disposicións dinerarias, con cargo aos orzamentos públicos, que se destinan a que un particular realice actividades de interese xeral. En definitiva, deben darse tres elementos para considerar que existe unha subvención. En primeiro lugar, tratarse dunha disposición de diñeiro. En segundo lugar, non se trata dun pago dun ben ou dun servizo senón da vinculación á consecución dun obxectivo, en terceiro lugar, se dirixa a fomentar unha actividade pública ou de interese social, así como a promoción dunha finalidade pública.

A utilización de diñeiro público e a súa importancia para a sociedade fai que teñan que terse en conta distintos aspectos que van dende a transparencia e bo goberno á debida xustificación e control dos empregos dados aos fondos públicos, pasando polo cumprimento dos requisitos fixados pola lexislación orzamentaria que se aplica ás Administracións Públicas e que, ademais das normas de carácter orzamentario e de regulación das contas públicas, comprenden –fundamentalmente– a Lei estatal de subvencións, a Lei autonómica e a Ordenanza respectiva, no seu caso. Todo elo, eso si, sempre dentro das marxes que determina o Orzamento.

Así, presentan unha vertente administrativa, outra de gasto público e, quizás a máis percibida polos cidadáns, de incentivo para realizar algunhas actividades ou, simplemente, de fonte de financiamento de actividades. Sen embargo, esta última perspectiva non pode esquecer as demais, é por iso, que é preciso planificar o emprego do diñeiro público pero, igualmente, establecer os criterios xerais de solicitude, xustificación, execución e control das subvencións. Todo isto, ademais, garantindo a publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade xunto coa eficiencia na asignación dos recursos públicos e a eficacia na consecución dos obxectivos de interese xeral.

II.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico.

Na Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, faise constar que unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro ás demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Desde unha perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, por tanto, deben axustarse ás directrices da política orzamentaria, actualmente orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e crecemento económico.

Un dos principios que rexen na Lei Xeral de Subvencións, tanto na exposición de motivos como no seu articulado (art. 3, 18, 20.), inspirados na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, é o de transparencia. Con este obxecto, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan, e, á vez, a lei establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redundará de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional, facendo posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas ou unidades funcionais de gasto evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

A lei establece un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte adecuado ao nivel de recursos investidos poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes, ou, no seu caso, elimínalas.

Desde a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e mesmo un procedemento de colaboración entre a Administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Existe unha gran diversidade de subvencións de distinta natureza, que se conceden mediante procedementos complexos, e, por tanto, deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

A mellora da xestión e o seguimento das subvencións, a corrección das insuficiencias normativas e o control das condutas fraudulentas que se poden dar neste ámbito son esenciais para conseguir asignacións eficaces e eficientes desde esta modalidade de gasto e facer compatible a crecente importancia das políticas de subvencións coa actual orientación da política orzamentaria, fundamentada no cumprimento do principio de estabilidade orzamen-



Concello de Vigo

taria e sustentabilidade financeira, principio de plurianualidade, principio de transparencia, principio de eficiencia na asignación dos recursos públicos e principio de responsabilidade, todo elo, enmarcado dentro dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

III.- CONTEXTO E MARCO NORMATIVO

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de planificación da actividade subvencional de carácter programático, que non teñen rango normativo por si so, senón que este carácter será o das Bases e a Convocatoria, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a administración.

O Plan Estratéxico de Subvencións configúrase, pois, como o instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

O establecemento efectivo das subvencións previstas no Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación da Ordenanza que conteñan as bases reguladoras e convocatoria da súa concesión.

Normativa que regula o Plan Estratéxico de Subvencións

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei Orgánica 3/2007, de 27 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro de 2003, Xeneral de Subvencións (RXS).
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e publicidade das subvencións e demais axudas públicas (BDNS).
- Orde EHA/875/2007, de 29 de marzo, pola que se determina o contido e especificacións técnicas da información a subministrar á Base de Datos Nacional de Subvencións regulada no Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ordenanza Xeral de Subvencións a partires da súa aprobación.
- Bases de Execución do Orzamento.

A xustificación da realización do Plan Estratéxico de Subvencións ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral, na exposición de motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro de Subvencións, en diante LXS, e de forma específica no mandato establecido no artigo 8, precepto básico, da citada norma e nos artigos 10 ao 15, non básicos, do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en diante RXS.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que ten carácter básico, dispón que as Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Así mesmo, a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, de 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas relativos ás políticas públicas que estean previstas en Normas legais ou regulamentarias, determina que terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que recollan o contido previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003.

O ámbito e estrutura do plan hai que acomodala ao desenvolvemento dos artigos 10 a 15 do RXS, aínda sen ter o carácter de básicos, trazan a estrutura do mesmo.

Elaborarase un plan estratéxico para cada unha das Áreas de Goberno coas unidades funcionais, que terá o contido mínimo que se reflicte no PES.

Segundo o artigo 11 do citado Regulamento Xeral da LXS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria determínense para cada exercicio. Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Os recursos asignados ao Plan estratéxico de subvencións están condicionados ou limitados aos asignados aos distintos programas orzamentarios, que á súa vez, en cumprimento do previsto no artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (en diante LOEPSF) estes están condicionados co límite máximo de gasto financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto que virá determinada pola TRCPIB ou calquera indicar que a substitúa.

No escenario orzamentario vixente, similar ao de anos precedentes, hai que partir da situación actual, tendo en conta que os recursos son limitados e o crecemento do gasto, con independencia do crecemento dos recursos, está determinado pola variación da taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. En ese contexto, o crecemento dos recursos destinados as políticas de fomento, salvo que se altere, dentro das posibilidades legais que permite o gasto voluntario a estrutura económica do gasto, quedaría supeditada á variación da TRCPIB ou o axuste de outras políticas de gasto.

As unidades funcionais ás que se destinan as subvencións, constitúen o ámbito das delegacións vixentes, sendo competencia de cada unidade, o impulso do procedemento administrativo, correspondendo a competencia para aprobar as Bases, a convocatoria anual, o outorgamento e o control das mesmas, ao órgano que teña atribuída a competencia orixinaria ou quen a ostente por delegación daquel.



Concello de Vigo

Ámbito funcional excluído

Non forman parte do plan estratéxico, as transferencias correntes de funcionamento que se establecen no orzamento anual a favor de:

- Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Subvención a destinatarios non identificables: Subvención ao transporte urbano tramitadas a través da prestadora do servizo público ou a través dun centro de compensación. O importe subvencionado apróbase no proceso de aprobación da prestación patrimonial.
- Subvencións a outras administracións en aplicación de convenios ou normas que a impoñan.
- Transferencias ao Consorcio da Zona Franca de Vigo en execución de convenios vixentes.
- Prestacións asistenciais que non teñen carácter de subvencións, amparadas na regulación vixente.
- Transferencias aos Grupos Políticos Municipais, segundo os acordos adoptados polo Pleno da Corporación.
- Transferencias ás Entidades Urbanísticas de Conservación, previo acordo adoptado polo órgano competente en materia de autorización do gasto.
- Transferencias de financiamento: Entidade Menor de Bembrive, Mancomunidade ou Área Metropolitana, Fundacións ou outras entidades sectorizadas pola Intervención Xeral do Estado (IGAE), Fundacións ou outras entidades dependentes por control efectivo polas que está obrigado a remitir información ao MINHAC.

Cando se realicen transferencias a suxeitos non contemplados no plan estratéxico destinadas a financiar a concesión de subvencións e axudas públicas, en cumprimento do previsto no artigo 12.2 do RXS, deberase acordar o réxime de seguimento que permita ao órgano financiador efectuar a avaliación de aplicación dos fondos achegados.

Nestes casos, tramitarase o preceptivo convenio ou nas achegas á Mancomunidade ou Área Metropolitana, estarase aos acordos adoptados que vinculan ao Concello, que ademais deberán ter o acordo do órgano competente na materia sobre a autorización do gasto da Entidade. No convenio que se aprobe ao respecto, ou no acordo que se adopte, deberá reflectirse o tipo de control sobre a aplicación dos fondos achegados, ou se fose o caso, cando se trate de transferencias de financiamento, hai que establecer que non serán obxecto de control. Nestes últimos, están as transferencias a Entidade Menor de Bembrive, Mancomunidade de Vigo e Fundacións que non formen parte do Grupo de Consolidación Concello de Vigo, que quedarán sometidos ao Plan de Auditoría e Control Financeiro que desenvolva a Intervención Xeral.

IV.- CONTIDO DO PLAN

A regulación do contido está taxada no artigo 12 do RXS.

1º.- Os Plans estratéxicos terán o seguinte contido:

- a) **Obxectivos estratéxicos**, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan, que teñen que estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten ao mercado, deberanse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.
- b) **Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación**. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:
 1. Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.
 2. Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
 3. Prazo necesario para a súa consecución.
 4. Custes previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros organismos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.
 5. Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para pór en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión a que se fai referencia no artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.
- c) **Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan**. A estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.
- d) **Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores** nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

2º.- En aplicación do previsto no artigo 12 do RXS, o contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custes de realización e as súas fontes de financiamento nos seguintes casos:



Concello de Vigo

- a) **As subvencións que se concedan de forma directa**, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións.
- b) **As subvencións que, de maneira motivada, se determinen en atención a súa escaza relevancia económica ou social como instrumento de intervención pública.**

3º.- Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

O presente Plan estratéxico foi elaborado coa participación de todas as Áreas e Servizos Municipais, responsables da xestión de subvencións no Concello de Vigo.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo e dos seus entes dependentes para o período 2021-2023 reflíctense no Anexo denominado, "Plan Estratéxico de Subvencións Período 2021-2023", clasificadas por servizos xestores dentro de cada Área Política das subvencións, no que, para cada unha delas especificase:

- Obxectivos estratéxicos.
- Áreas de competencia afectadas.
- Obxecto e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
- Ámbito temporal / Prazo necesario para a súa consecución.
- Custes Previsibles e fontes de financiamento.
- Plan de acción.
- Réxime de Seguimento e Avaliación.
- Réxime / Modalidade de concesión.
- Beneficiarios / Destinatarios.
- Previsión de actuacións para a efectiva igualdade de xénero.
- Aplicación orzamentaria na que se prevé a consignación do crédito correspondente.

Se o Servizo xestor pola singularidade da subvención, estima ou considera necesario engadir algunha outra especificación, poderá facelo.

V.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A SÚA APROBACIÓN

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, por delegación do Alcalde (Resolución do 18 de xuño de 2019) é a Xunta de Goberno Local, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, de acordo co previsto no apartado g) e m) do artigo 127 da Lei de Bases de Réxime Local.

O Plan Estratéxico de Subvencións, así como o plan anual, formará parte da documentación do Orzamento anual, como anexo ao mesmo, e publicarase no portal de transparencia do Concello.

O plan anual de subvencións, reflectirá, axustándose ao Plan Estratéxico de Subvencións, as aplicacións asociadas a cada subvención, as subvencións nominativas o importe e a xustificación do carácter.

As unidades funcionais do gasto, xustificarán en cada caso e segundo exista ou non homogeneidade nas subvencións nominativas, o criterio que motiva a súa condición. A documentación que remitirán anualmente no plan de subvencións será coherente co PES.

Nos casos de dotacións nas que non se teña previsto unha convocatoria en réxime de concorrencia, deberá quedar xustificada na documentación de formación do Orzamento anual a tramitación de concesión directa, quedando delimitada aos supostos que regula o artigo 22.2.c) da LXS.

VI.- ÁMBITO SUBXECTIVO

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo, inclúe tanto as subvencións concedidas directamente polo Concello a través das súas distintas unidades funcionais de gasto (Programas orzamentarios), como as concedidas polas súas entidades dependentes, neste caso o Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

VII.- ÁMBITO TEMPORAL

O presente Plan terá unha vixencia de tres anualidades, abarcando, por tanto, o período 2021-2023, dende o 1 de xaneiro do ano 2021 até o 31 de decembro do ano 2023, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención teñan unha vixencia inferior.

Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias poderán modificarse, substituírse por outras ou eliminarse liñas de subvencións.

Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos investidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

Se con ocasión das modificacións orzamentarias pretendécese introducir algunha liña de subvención non prevista no PES, deberá previa ou simultaneamente modificarse este.

Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente.



Concello de Vigo

VIII.- ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN

Visión

Trátase de conseguir a satisfacción das necesidades colectivas e de interese público a través da colaboración cos principais axentes privados presentes nos distintos ámbitos como a acción social, educación, cultura, deporte, as asociacións e outros ámbitos.

De xeito particular, a garantía das necesidades básicas dos cidadáns que precisan axuda nos momentos de dificultade económica fai que se preste especial atención a situacións como a inclusión social ou o favorecemento do emprego.

Por outra banda, o artigo 15 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, regula o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, informará, con carácter transversal, a actuación de todos os Poderes Públicos. As Administracións públicas integraran, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e presupostación das políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades.

O PES, debe velar pola igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos.

Obxectivos

Enténdese por subvención, a efectos deste Plan, toda achega dineraria realizada polo Concello, Organismos Autónomos ou outros entes dependentes, a favor de persoas públicas ou privadas ou entes sen personalidade xurídica e que cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceron.
- c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, de interese social ou de promoción dunha finalidade pública.
- d) Que non este excluída do ámbito funcional.

•Obxectivos prioritarios

Son obxectivos prioritarios aqueles que buscan o cumprimento dunha finalidade pública relacionada coas competencias locais, destacando os seguintes:

- a) O fomento de todo tipo de actividades de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública, sempre sen ánimo de lucro, colaborando no desenvolvemento e fomento de actividades de escaso rendemento económico.
- b) O de potenciar a creación de redes asociativas e de participación dos cidadáns na actuación municipal.

•Obxectivos Xerais.

Son obxectivos do Plan estratéxico e das diferentes liñas de axudas e subvencións do Concello de Vigo e os seus entes dependentes para o período 2021-2023, os seguintes:

- a) Dar cumprimento ao mandato legal recollido no art. 8.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, que obriga aos Concellos que previamente á concesión de subvencións, procederase a aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico.
- b) Establecer e normalizar, para o conxunto das diversas e diferentes liñas e programas de axuda e subvencións do Concello e dos seus Entes dependentes, un conxunto de principios e bases de execución comúns ás mesmas.
- c) Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.
- d) Regular, con carácter xeral, o réxime ao que ha de axustarse a concesión e xustificación das subvencións a tramitar polo Concello conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- e) Ter un seguimento dos seus resultados, axustando os recursos anuais aos fins conseguidos en procura da máxima eficiencia.

Principios xerais

- a) **Legalidade:** A súa finalidade é da axustar todo o procedemento ao bloque normativo de aplicación, tanto no que se refire ás subvencións como ás regras de sustentabilidade e estabilidade do gasto público.
- b) **Publicidade:** A finalidade é garantir a publicidade da convocatoria e das subvencións concedidas, iso sen prexuízo da posible concesión directa, de conformidade co establecido respecto diso na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nas Bases de Execución do orzamento do Concello e demais normativa de aplicación.
- c) **Libre concorrència:** O devandito principio materialízase na determinación dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios, non restrinxindo o acceso a quen se atopen en igualdade de condicións, garantindo a concorrència e igualdade na distribución de



Concello de Vigo

fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar coas dispoñibilidades orzamentarias.

- d) **Obxectividade:** A concesión de subvencións realizarase conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- e) **Transparencia, igualdade e non discriminación na asignación dos recursos públicos.** Materialízase coa observancia dos principios de concorrencia, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.
- f) **Principios de eficacia e eficiencia:** Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e eficiencia na asignación de recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación aos proxectos mais eficientes, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.
- g) **Principio de control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes** aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

IX.-LIÑAS ESTRATÉXICAS

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no Plan Estratéxico son as que a continuación se detallan sintetizadas segundo o obxectivo que se trata de acadar:

1. Atención ás persoas con necesidades especiais en orde a evitar a exclusión social e ausencia de cobertura das necesidades vitais esenciais.

- 1.1. Alimentación, vivenda, pobreza enerxética.
- 1.2. Axuda no fogar.
- 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias.
- 1.4. Axuda humanitaria.
- 1.5. Cooperación.
- 1.6. Situacións de emerxencia.
- 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia.
- 1.8. Persoas sen fogar.

2. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais.

- 2.1. Infancia.
- 2.2. Menores.

- 2.3. Xuventude.
- 2.4. Parados.
- 2.5. Vítimas da violencia de xénero.
- 2.6. Emprendedores e emprendedoras.
- 2.7. Maiores e atención necesaria para o pleno desenvolvemento vital.
- 2.8. Transporte e mobilidade urbana.
- 2.9. Vivenda.

3. Promoción da igualdade real de oportunidades.

- 3.1. Educación infantil.
- 3.2. Educación de idiomas.
- 3.3. Material necesario para cursar estudos.
- 3.4. Estudos complementarios.
- 3.5. Conciliación da vida escolar coas necesidades vitais e familiares.

4. Fomento de actividades sociais.

- 4.1. Cultura.
- 4.2. Actividades de carácter social.
- 4.3. Actividades de alta participación de persoas.
- 4.4. Hábitos saudables.
- 4.5. Deporte.
- 4.6. Eventos de interese municipal.
- 4.7. Actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc.
- 4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero.
- 4.9. Actividades de defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras.
- 4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico.
- 4.11. Actividades de defensa dos sectores económicos da cidade.
- 4.12. Emprendemento e proxectos empresariais innovadores.
- 4.13. Economía social, economía circular e cooperativismo.
- 4.14. Atención ás necesidades das organizacións sen ánimo de lucro.



Concello de Vigo

4.15. Voluntariado.

5. Fomento da protección do entorno e da cidade.

- 5.1. Patrimonio histórico, cultural, artístico, etc.
- 5.2. Montes, praias e medio ambiente.
- 5.3. Espazos de uso público.
- 5.4. Conservación de bens.
- 5.5. Mobilidade.
- 5.6. Protección e promoción do entorno e da cidade.
- 5.7. Cuidade activa y saudable
- 5.8. Eventos que promocionen a cidade.
- 5.9. Paisaxe urbano.
- 5.10. Premios, concursos, trofeos e recoñecementos.
- 5.11. Rehabilitación urbana, accesibilidade e sustentabilidade
- 5.12. Atención ás necesidades dos barrios e parroquias.

O detalle de cada unha delas atópase no Anexo ao Plan Estratéxico de Subvencións Período 2021-2023, que conformarán en cada caso, o Plan Estratéxico de cada unha das unidades funcionais, e que deberán especificar co detalle necesario o contido específico do PES. Os Plans de cada unidade funcional teñen a agregación ou desagregación por cada unha das liñas estratéxicas.

Áreas de responsabilidade política

•Área de Alcaldía.

Convenios puntuais non imputables a outra área polo seu carácter transversal.

Convocatorias de axudas de carácter transversal.

•Área de Urbanismo.

Axudas para melloras accesibilidade a edificios.

Achega ao desenvolvemento de rehabilitación da Zona vella.

•Área de Política de Benestar Social.

Protección e Salvagarda da infancia e familia.

Promoción do Benestar das persoas maiores e das familias cuidadoras.

Promoción da inclusión social.

Prestacións económicas para apoio a persoas e familias sen recursos económicos básicos.

Prevenición, promoción e sensibilización social.

Integración de persoas e colectivos.

Colaboración con organizacións non gobernamentais para esta finalidade.

Comedores sociais.

Plans de cooperación con organizacións de loita contra a drogadicción.

Fondos de emerxencia a familias e persoas.

Bolsas de comedor e bolsas para libros para a sustentabilidade familiar.

Outras cuxo fomento sexa a cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano a sectores en situacións de risco de exclusión social.

•Área de Cultura e Emprego

Convenios de promoción e difusión da cultura.

Achegas ás funcións cuxo obxecto social é a expansión e fomento da cultura.

Convenios de promoción de espazos culturais de interese público.

Subvencións nominativas a eventos culturais relevantes.

Subvencións nominativas a suxeitos polo desenvolvemento cultural.

Promoción de Empresas.

Cooperación para a creación de emprego.

Asesoramento a Pequenas e Medianas Empresas.

Viveiros de empresas.

Desenvolvemento promocional de eventos xeradores de emprego.



Concello de Vigo

Cooperación ao Desenvolvemento.

Plans de emprego.

Fomento da formación e das prácticas formativas.

Fomento dos intereses económicos da localidade que contribúan á activación da economía local.

- **Area Participación cidadá e Festas**

Fomento e Desenvolvemento da Actividade de Representación Social e Sindical.

Promoción das actividades realizadas polo Movemento Asociativo Veciñal.

Axuda para o mantemento e funcionamento dos centros asociativos veciñais.

Cooperación no desenvolvemento dos festexos populares das distintas zonas, parroquias e das festas monográficas.

Convenios para desenvolvemento de festas do Entroido e outras que non corresponden a festas especiais.

- **Area de Turismo e Xuventude.**

Promoción da Cidade no seu entorno máis próximo pero tamén a nivel autonómico, estatal e internacional.

Promoción das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade.

Convenios de subvencións nominativas.

Promoción da participación da Mocidade.

Fomento do funcionamento de espazos de dinamización infantil.

- **Área de Deportes.**

Promoción do deporte base como forma de integración e de realización de estilo de vida saudable.

Colaborar cos equipos de elite como forma de promocionar a cidade.

Convenios para eventos nacionais e internacionais.

Cooperar con deportistas individuais de elite en eventos internacionais.

Colaboración en melloras de instalacións deportivas.

Transferencias a fundacións colaboradoras co deporte base.

•Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais

Dinamización do Comercio e a Hostalaría.

Fomento das actividades de distritos e Festas especiais.

Promoción e Convenios para desenvolvemento de festas especiais, Reconquista de Vigo, Nadal...

Convenios relacionados coa Igrexa

•Área de Educación .

Bolsas de estudos internacionais.

Convenios con asociacións de pais e nais para a realización de actividades de interese público e o funcionamento educativo.

Convenios subvencións nominativas.

Axudas a estudantes de todos os niveis e grados do sistema educativo, especialmente os oficiais, para a realización de actividades educativas, culturais ou de mobilidade.

•Área de Igualdade e Normalización lingüística.

Fomento da Igualdade de Xénero.

Prevenición e atención á vítimas de violencia de xénero

Fomento do asociacionismo feminino.

Promoción na normalización lingüística do Galego.

•Área de Transportes e Proxectos Estatais Europeos.

Estas quedarían excluídas por estar aprobada a porcentaxe ou contía en función do custe da prestación patrimonial aprobada cada ano, fixándose pola Xunta de Goberno a subvención por uso a estes colectivos.



Concello de Vigo

X.- BENEFICIARIOS

O Concello de Vigo concederá subvencións a favor de persoas ou entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa ou entidade que haxa de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitima a súa concesión.

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

Os beneficiarios da axuda quedarán sometidos ao control e seguimento que lle sexan aplicables polas normas que regulan os procedementos de fiscalización e as que estableza o Plan Estratéxico de Subvencións en relación coas funcións de control e seguimento.

XI.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O Concello de Vigo e os seus entes dependentes, concederán subvencións, nos termos da normativa vixente en materia de subvencións, mediante convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, ou excepcionalmente, a través de concesión directa, a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamento que se atopen na situación que motiva a subvención.

Fins da axuda subvencional

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo aos Orzamentos Xerais do Concello, deberá perseguir algún dos seguintes fins:

- Fomentar unha actividade de interese social e a súa execución por particulares ou colectivos.
- Cofinanciar aos distintos axentes implicados na consecución de obxectivos de interese xeral e municipal, debendo estar no ámbito territorial.
- Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.
- Colaborar coas asociacións cuxo obxecto sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños no ámbito territorial.

- Coadxugar á integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, as subvencións teñen que financiar finalidades que se correspondan con actividades do ámbito de competencias locais.

Procedementos na concesión de subvencións

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento coa tramitación de convenio.
- Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública coa tramitación dun convenio.
- Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Vigo por unha norma de rango legal. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Con carácter xeral, as subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva; e tamén, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

As subvencións que se concedan de forma directa de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións, e aquelas que de maneira motivada se outorguen en atención a súa escasa relevancia económica ou social como instrumento de intervención pública, o contido do plan poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento, entendendo por estas últimas, a/ as aplicacións orzamentarias que financian a mesma.

Nas correspondentes bases da convocatoria da subvención, deberá recollerse o procedemento adecuado a cada unha das liñas de subvención que se regulen.

XII.- EFECTOS E PRAZOS.

Efectos

O Plan estratéxico pretende canalizar un conxunto de actividades que permitan ofrecer aos diferentes sectores sociais do municipio a posibilidade de desenvolver proxectos que lles conduzan á satisfacción de necesidades de todo tipo: sociais, profesionais, de emprego, de lecer, etc.

A actividade subvencional pretende:



Concello de Vigo

- a) Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre esta entidade local e os particulares para a xestión de actividades de interese público.
- b) Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade da cidade nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promocionar a inclusión social mediante axudas económicas a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.
- c) Fomentar e impulsar a consecución do obxectivo de igualdade de xénero.

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

Así mesmo, deberanse ter en conta accións tendentes ao fomento de calquera actividade de interese xeral, para o que se poderán canalizar fondos que cada ano se asignen no Orzamento Municipal con destino a estas subvencións.

Prazos de desenvolvemento da actividade e xustificación

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución de desenvolvemento das actuacións subvencionadas anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural, sen prexuízo de que os programas ou plans poidan ter un carácter plurianual.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou pola modificación do período elixible, deberase recoller nas correspondentes bases das subvencións/convocatoria, convenio se fose nominativa ou de concesión directa por razóns de interese público, cultural ou deportivo, a obriga de dar cumprimento anual aos requisitos que establece a lexislación vixente.

As bases da convocatoria deberán fixar o prazo de xustificación, que estará sometido ás normas que fixen as Bases de Execución ou calquera acordo que estas referencien. No caso do Concello de Vigo, serán as operacións de peche, aínda que o prazo máximo de rendición regúlase nas Bases de Execución do Orzamento. As unidades funcionais de tramitación deste gasto, terán coñecemento do devandito prazo coa aprobación do Orzamento anual.

En todo caso, o prazo de xustificación non porá en perigo o cumprimento dos prazos de peche do exercicio, aqueles xustificantes non imputados ao ano, poderán conformar base documental xustificativa para o ano seguinte.

A unidade funcional de tramitación, verificará, previa remisión ao servizo de fiscalización, que a documentación acreditativa da aplicación da subvención, axústase inequivocamente á finalidade da mesma, e ven acreditado o cumprimento dos fins perseguidos.

XIII.- CUSTES E FINANCIAMENTO

Custes previsibles

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan Estratéxico, requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano e a aprobación previa das bases e da convocatoria en caso de concorrencia competitiva.

Nos casos específicos, requirirá a aprobación dos convenios reguladores da súa concesión, tanto para as nominativas como para a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e de cumprimento da regra de gasto.

Os custes da acción subvencional, limítanse á cantidade que anualmente se fixe no orzamento xeral do Concello de Vigo ou do seu Organismo Autónomo. No suposto de que a proposta de outorgamento conteña un gasto plurianual, e o compromiso futuro sexa superior a contía que reflicte o orzamento anual vixente, requirirá a autorización previa da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante ao nivel que fixen as Bases de Execución, coa excepción das previstas nominativamente no orzamento, que están fóra da bolsa de vinculación xurídica, polo que non poderán adquirirse compromisos de gasto superiores ao seu importe.

As subvencións previstas nominativamente no Orzamento aprobado, non poderán ter outra finalidade obxectiva nin subxectiva que a aprobada polo Pleno, de non ter esa aplicación, o Pleno será o órgano que teña a competencia para alterar a finalidade, agás que as Bases de Execución reflicten esta delegación na Xunta de Goberno Local.

Financiamento

As Subvencións as que fai referencia este Plan Estratéxico fináncianse con cargo aos créditos correspondentes do orzamento municipal, consignados para o período 2021-2023 nas aplicacións orzamentarias que se especifican no mesmo.

Con carácter xeral, o financiamento é co superávit ordinario, determinado pola diferenza entre os recursos e os empregos ordinarios non financeiros. Só naqueles supostos nos que o Concello recibise fondos finalistas para un programa determinado que leve asociado a convocatoria de subvencións a colectivos concretos, terá a condición de recurso afectado e a súa tramitación quedará condicionada ao previsto polo axente financiador.



Concello de Vigo

XIV.- CONTROL, SEGUIMENTO E TRANSPARENCIA

O control do gasto subvencional será anual, en dúas liñas:

•Control económico - financeiro

Encomendado á Intervención Xeral do Concello de Vigo, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente e cos procedementos que por parte da Intervención Xeral se determinen.

Este control exercerase ao menos respecto dos beneficiarios e das entidades colaboradoras se fose o caso.

O control financeiro de subvencións terá como obxecto verificar:

- a) A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.
- b) O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das súas obrigas na xestión e aplicación da subvención.
- c) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras (conta xustificativa: memoria, documentos da relación de gastos e ingresos de carácter público ou privado que xustifican a aplicación da subvención).
- d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios e entidades colaboradoras, foron financiadas coa subvención.
- e) A adecuada e correcto financiamento das actividades subvencionadas, nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 19 da LXS.
- f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, goce ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

•Control e seguimento do Plan.

Este Plan Estratéxico debe ser revisado ao obxecto de:

- a) Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidesen perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.
- b) Actualizar os importes daquelas que se manteñan.

- c) Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.
- d) Axuste en relación cos obxectivos de desenvolvemento sostible

Este seguimento realizarase anualmente polo Comité de seguimento ao que se encomende o control do Plan, que deberá reunir o requisito de transversalidade, que emitirá informe sobre os extremos anteriores con fundamento na memoria que remitan os servizos xestores das axudas.

Cada unha das unidades funcionais xestoras das Subvencións, deberá remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

- 1) Información de cada liña e tipo de subvención, que recollerán as subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas nos procedementos de reintegro se houberse anticipos.
- 2) O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución. Para cada liña de subvención deberanse determinar os indicadores de cumprimento dos seus obxectivos.
- 3) Os custos efectivos en relación aos previsibles do seu plan de acción e dos seus indicadores cuantificables.
- 4) Desviación entre o custe efectivo e o previsto por incumprimentos na súa execución ou pola execución de custes non elixibles.
- 5) Impacto e efectos sobre a realidade na que se pretendeu incidir.
- 6) Repercusións orzamentarias e financeiras que se derivan da aplicación do Plan.
- 7) Conclusións ou valoración global.
- 8) Suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.
- 9) O informe deberá conter pronunciamento claro sobre o cumprimento dos obxectivos.

A información enviada será a que se terá en conta para a formación do Orzamento anual e conformará o Plan anual de Subvencións e será coherente co Plan Estratéxico vixente.

En coherencia co anterior, o Comité de seguimento do Plan, dentro do primeiro semestre do ano, remitirá a información á persoa que sexa titular da Concellería de Facenda, de non ser esta a competente para o seguimento do Plan, ao Sr/Sra Concelleira/o Delegada/o de Orzamentos aos efectos da súa inclusión no proxecto orzamentario do ano seguinte en relación coas aplicacións orzamentarias, co PES e con Plan Anual de Subvencións, que de non haber modificacións, atenderá aos obxectivos, tipos de concesión e contías aprobadas no Plan Estratéxico de Subvencións.

Aos efectos do seguimento do Plan, créase un comité integrado por un representante da Intervención Xeral que leve a cabo o control e fiscalización deste tipo de gastos, un repre-



Concello de Vigo

sentante do servizo técnico da dirección orzamentaria, un representante do servizo de Contabilidade, tres representantes dos servizos xestores, preferentemente daqueles que teñen un maior volume de subvencións cuxos beneficiarios non sexan outras administracións públicas e un representante do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

A proposta que se formule, conterá esta composición, e os membros quedarán a criterio dos titulares ou responsables dos servizos referenciados (intervención, Dirección Superior Contable e Orzamentaria). En canto aos representantes das áreas ou servizos xestores, por contía (Emprego, Deportes e Cultura) e representante do OA Xerencia Municipal de Urbanismo).

Transparencia

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

En aras a dar cumprimento ao previsto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, darase publicidade no portal de transparencia do Concello de todas as subvencións concedidas, en cada unha das súas liñas estratéxica, programas de axuda e convenios que regulen liñas de subvención.

Igualmente, darase publicidade no mesmo portal ás convocatorias, sen prexuízo da publicación na Base Nacional de Subvencións de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Se algunha subvención outorgada, por razón de contía non estivese contida no PES, será igualmente publicada no portal de transparencia.

O contido mínimo da publicación da axuda será: importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios.

A tales efectos, o Servizo que se designe ditará as instrucións oportunas co fin de establecer o procedemento mediante o cal os centros xestores das subvencións remitan a información ao devandito servizo do control e seguimento do plan.

Os informes remitidos polas unidades funcionais xestoras das accións de fomento relativos á memoria xustificativa coas especificacións contidas no epígrafe de control e seguimento do PES, terán a súa publicidade no portal de transparencia do Concello de Vigo, manténdose a mesma ata os informes do ano seguinte.

SEGUNDO: Aprobar o Anexo ao Plan Estratéxico de Subvencións, período 2021-2023. Aprobar os Plans Estratéxicos de Subvencións de cada unha das Áreas ou Servizo co seguinte detalle por servizos ou áreas coas seguintes contías, e cuxo desenvolvemento forma parte do Plan Estratéxico de cada Servizo ou área:

Áreas/Servios	2021	2022	2023
Área Social ¹	833.010,00	833.010,00	833.010,00
Igualdade	427.300,00	427.300,00	427.300,00
Comercio	125.000,00	125.000,00	125.000,00
Cultura	1.304.700,00	1.281.700,00	1.281.700,00
Deportes	1.872.500,00	1.872.500,00	1.872.500,00
Educación ²	1.331.039,31	1.331.039,31	1.331.039,31
Emprego	1.846.000,00	1.846.000,00	1.846.000,00
Festas	683.100,00	683.100,00	683.100,00
Normalización lingüística			
Participación Cidadá	472.600,00	472.600,00	472.600,00
Turismo	37.500,00		
Urbanismo	1.317.668,00	1.317.668,00	1.317.668,00
Xuventude	77.000,00	77.000,00	77.000,00

En cada caso, o PES está a reflectir o contido que regula o artigo 12 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

TERCEIRO.- Coa finalidade de incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública, o artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno obriga ás Administracións Públicas, obriga a publicar os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixan obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución, entre eles os PES. O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas modificou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, engadindo un segundo parágrafo no artigo 13 no que sinala ao Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) como o sitio web de publicación dos plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións. En consecuencia, o PES deberá ser obxecto de publicidade no sitio web do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de Transparencia do Concello de Vigo e calquera outro medio que se considere oportuno.

CUARTO.- A regulación contida nas Bases de Execución do Orzamento anual, manterá a súa vixencia, de xurdir contradicións entre as mesmas e o PES, por ter este último un carácter obrigatorio e específico, o PES terá carácter preferente na súa aplicación.

1 En aplicación do artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, quedan fora do PES: Becas de comedor e libros: 1.280.000 euros, axudas alugueiros vivenda, alimentos e carencia enerxética: 526.150 euros, axudas a familias e fondo de emerxencia por deshaucios: 1.125.000 euros, convenio xantar na casa: 128.500 euros, cofinanciamento escolas infantís e centros de día Consorcio Galego de Igualdade: 350.000 euros, mellora de fogares: 70.000 euros.

2 A maior contía está asociada a organismos públicos e FOANPA (Consorcio Galego de Igualdade: 205.000 euros, UVIGO: 350.000 euros, UNED: 200.000 euros, FOANPA: 606.039 euros).



Concello de Vigo

QUINTO.- O comité de seguimento quedará conformado polos delegados que designen os responsables dos servizos referenciados (intervención, Dirección Superior Contable e Orzamentaria) e o representante do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo. En canto aos representantes das áreas ou servizos xestores, por contía, sempre que os beneficiarios non sexan outra administración Pública, a representación no Comité correspondería aos responsables dos Servizos de Emprego, Deportes e Cultura.

ANEXOS: Plans Estratéxicos de cada Área ou Servizo.

Os PES que forman parte do Expediente e da súa aprobación correspóndese cos programas.

Número de Plans Estratéxicos: 3 de Urbanismo, programa 1510.

Número de Plans Estratéxicos: 6 de Benestar Social, programa 2310.

Número de Plans Estratéxicos: 5 de Igualdade, programa 2311.

Número de Plans Estratéxicos: 7 de Emprego, programa 2410.

Número de Plans Estratéxicos: 4 de Educación, programa 3230.

Número de Plans Estratéxicos: 2 de Cultura, programa 3330.

Número de Plans Estratéxicos: 3 de Xuventude, programa 3370.

Número de Plans Estratéxicos: 8 de Festas, programa 3380.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Comercio e Festas tradicionais, programa 4310 relacionado co 3380.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Turismo, programa 4320

Número de Plans Estratéxicos: 8 de Deportes, programa 3420.

Número de Plans Estratéxicos: 3 de Participación Cidadá, programa 9240.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(425).- CONTRATO AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA O SUBMINISTRO DE BASES XURÍDICAS PARA O PERÍODO MARZO 2021-FEBREIRO 2022. EXPTE. 5315/550.

Visto o informe de fiscalización do 14/05/21, dáse conta do informe-proposta do 10/05/21, asinado polo vogal do Tribunal Económico-Administrativo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL)

ANTECEDENTES

O obxecto deste contrato é CONTRATO Ó ABEIRO DA DISPOSICION ADICIONAL NOVENA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA O SUMINISTRO DE BASES XURIDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓNS PARA O PERIODO MARZO 2021-FEBREIRO 2022. Con el preténdense cubrir as necesidades recollidas no informe de necesidade e idoneidade de contratar, con data do 15 de marzo de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público establece o seguinte:

Disposición adicional novena. Normas especiales para la contratación del acceso a bases de datos y la suscripción a publicaciones.

1. La suscripción a revistas y otras publicaciones, cualquiera que sea su soporte, así como la contratación del acceso a la información contenida en bases de datos especializadas, y en la medida en que resulten imprescindibles, la contratación de los servicios necesarios para la suscripción o la contratación citadas anteriormente, podrán efectuarse, cualquiera que sea su cuantía siempre que no tengan el carácter de contratos sujetos a regulación armonizada, de acuerdo con las normas establecidas en esta Ley para los contratos menores y con sujeción a las condiciones generales que apliquen los proveedores, incluyendo las referidas a las fórmulas de pago. El abono del precio, en estos casos, se hará en la forma prevista en las condiciones que rijan estos contratos, siendo admisible el pago con anterioridad a la entrega o realización de la prestación, siempre que ello responda a los usos habituales del mercado.

2. Cuando los contratos a que se refiere el apartado anterior se celebren por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, las entidades del sector público contratantes tendrán la consideración de consumidores, a los efectos previstos en la legislación de servicios de la sociedad de la información y comercio electrónico.

Segundo.- A Administración municipal carece de medios para a execución directa deste contrato.

Terceiro.- O prezo deste contrato é de 19.601,93 euros, (Base 16.199,94 € máis 21% IVE 3.401,99 €). Tramítase como contrato menor, pois segundo a D.A. 9 LCSP

“1. La suscripción a revistas y otras publicaciones, cualquiera que sea su soporte, así como la contratación del acceso a la información contenida en bases de datos especializadas, y en la medida en que resulten imprescindibles, la contratación de los servicios necesarios para la suscripción o la contratación citadas anteriormente, podrán efectuarse, cualquiera



Concello de Vigo

que sea su cuantía siempre que no tengan el carácter de contratos sujetos a regulación armonizada, de acuerdo con las normas establecidas en esta Ley para los contratos menores y con sujeción a las condiciones generales que apliquen los proveedores, incluyendo las referidas a las fórmulas de pago. El abono del precio, en estos casos, se hará en la forma prevista en las condiciones que rijan estos contratos, siendo admisible el pago con anterioridad a la entrega o realización de la prestación, siempre que ello responda a los usos habituales del mercado.

2. Cuando los contratos a que se refiere el apartado anterior se celebren por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, las entidades del sector público contratantes tendrán la consideración de consumidores, a los efectos previstos en la legislación de servicios de la sociedad de la información y comercio electrónico.”

Cuarto.- O prazo de execución deste contrato é de 12 meses, e non poderá ser obxecto de prórroga, en cumprimento do disposto no artigo 29.8 LCSP, que determina que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

Quinto.- Con esta contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación .

Sexto.- Dada a literalidade do precepto en virtude do cal se produce a contratación, non se considera relevante a aplicación de límite cuantitativo algún canto ós contratos menores de servizos suscritos polo adxudicatario, EDITORIAL ARANZADI, S.A., NIF. A-81962201, con esta Administración.

Sétimo.- Para acreditar a idoneidade para contratar do contratista proposto, consta no expediente unha declaración responsable por el asinada, así como os certificados acreditativos de que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- A competencia para acordar esta contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2.ª LCSP); no entanto, por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 foi delegada nos/as concelleiros/as delegados/as da área.

Noveno.- O abaixo asinante subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30 de xaneiro de 2020, e no Plan de Integridade na Contratación.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, competente segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda.4 da Lei 9/2017, previa remisión á Intervención Xeral ós efectos oportunos, a adopción do seguinte,

PROPOSTA

1. Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª do RDLex 3/Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP) para a suscripción a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período marzo de 2021 a febreiro de 2022, có

tratamento de contrato menor de servizos, de conformidade co previsto na DA 9ª LCSP, para o contrato ó que se refire a oferta adxunta.

2. Autorizar e comprometer o gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe de 19.601,93 euros para CONTRATO Ó ABEIRO DA DISPOSICION ADICIONAL NOVENA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA O SUMINISTRO DE BASES XURIDICAS PARA O PERIODO MARZO 2021-FEBREIRO 2022. a favor da empresa EDITORIAL ARANZADI, S.A., NIF. A-81962201, con cargo á/s aplicación/s orzamentaria/s:

Programa 9200	Económica 2200100	Proxecto	Importe 19.601,93	Descrición BASES DE DATOS, LIBROS E OUTRAS PUBLICACIÓNS
------------------	----------------------	----------	----------------------	--

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(426).- REINTEGRO PARCIAL DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO CONCEDIDA Á FUNDACIÓN VIGO CONVENCION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES Á PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CÍES PATRIMONIO HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2020. EXPTE. 7814/104.

Visto o informe xurídico do 15/02/21 e o informe de fiscalización do 11/05/21, dáse conta do informe-proposta do 12/02/21, asinado pola xefa de Turismo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (LXS)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria (LXP)
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL)
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEP).



Concello de Vigo

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- Real Decreto 939/2005, 29 de xullo Regulamento Xeral de Recadación.
- Estatutos Fundación "VIGO CONVENTION BUREAU"
- Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación
- Instrución 1/2019, Secretaría de Goberno Local: funcionamento do rexistro electrónico de data 21.02.2019

ANTECEDENTES

En data 15.09.2020 a Fundación Convention Bureau solicita sinatura de Convenio Illas Cíes 2020 previsto no presuposto achegando o seguinte:

- Memoria do programa a desenvolver ao abeiro do Convenio
- Acta de aprobación do convenio de data 19.12.2019.
- Certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia, do Estado e coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Memoria xustificativa do convenio de data 23.09.2020.
- Proxecto de convenio de data 23.09.2020.

Con data 29.10.2020 a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria, acordou concederlle a transferencia de financiamento articulado mediante convenio de colaboración coa Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade"- ano 2020, por importe de 250.000€.(Expte 7738-104)

Con data 03.11.2020 se firma o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes a presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2020. Dito Convenio prevé, na cláusula quinta, un primeiro pago de 125.000€ (cento vinte e cinco mil euros), correspondente ao 50% do importe do convenio, que farase efectivo á firma do convenio, (Expte 7766-104)

Con data 03.11.2020 a Fundación Vigo Convention Bureau, presenta na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a primeira memoria parcial xustificativa de actuación do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes a presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2020. No mesmo escrito adxuntan certificados de estar ao corrente de pago cos distintos organismos públicos. Así mesmo a Fundación Vigo Convention Bureau achega petición do segundo pago do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes a presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2020. O Convenio prevé, na cláusula quinta, un segundo pago de 62.500€

(sesenta e dous mil quinientos euros), correspondente ao 25% do importe do convenio, que solicitan coa presentación da primeira memoria parcial.(expte.7760-104)

Con data 03.12.2020 a Fundación Vigo Convention Bureau, presenta na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo , a segunda memoria parcial xustificativa de actuación do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes a presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2020. No mesmo escrito adxuntan certificados de estar ao corrente de pago cos distintos organismos públicos. Así mesmo a Fundación Vigo Convention Bureau achega petición do terceiro pago do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes a presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2020. O Convenio prevé, na cláusula quinta, un terceiro pago de 62.500€ (sesenta e dous mil quinientos euros), correspondente ao 25% do importe do convenio, que farase efectivo na primeira quincena de decembro, que solicitan coa presentación da segunda memoria parcial.

Con data 22.12.2020 a Fundación Vigo Convention Bureau, presenta na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a terceira memoria parcial xustificativa de actuación e xustificación económica do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes a presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2020. Examinadas a xustificacións achegadas e unha vez executados os pagos de acordo co disposto na cláusula quinta por un importe total de 250.000€ a Fundación Vigo Convention Bureau presenta a xustificación económica final por un total de 187.500€ restando por executar o importe de 62.500€, polo que o informe da mesma data conclúe que compre o reintegro parcial por dito importe resultante da diferenza entre o cobrado e o finalmente xustificado.

Con data 23.12.20 a xefa do Servizo de Turismo emite informe concluíndo que resulta procedente a revogación parcial da transferencia outorgada e requirir o reintegro parcial de 62.500€, resultante da diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo e o finalmente xustificado, ao que se engadirán os xuros de mora dende o momento do pago da transferencia ata a data do acordo que adopte a Xunta de Goberno Local

En data 26.01.21 a Fundación Vigo Convention Bureau presenta escrito na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Doc.Nº 210012647) no que informa :

- 1.- A memoria económica presentada o 22 de decembro de 2020, infórmase da non execución do 25% do convenio, o que se traduce na cantidade orzamentaria de 62.500 €, e se detalla que as accións non executadas pertencen á partida orzamentaria: “B-1.8 - Accións de divulgación, promoción e edición de materiais”.
- 2.- A execución das accións recollidas na partida B-1.8 non foi posible por estar prevista a súa celebración en espazos públicos e coa participación da cidadanía, debido ás restricións xeradas polo Covid-19. Especificamente estas accións recollidas no Anexo I do convenio presentado o 15 de setembro de 2020 refírense a:



Concello de Vigo

- Evento con 10 artistas urbanos e participación cidadá na praia de Samil.
- Evento de 10 proxectos audiovisuais e fotográficos nas Illas Cíes."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego e ten como obxecto o desenvolvemento da economía social de Galicia mediante a potenciación e o desenvolvemento das infraestruturas turísticas e os servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión e captación de congresos e viaxes de incentivos para a cidade de Vigo.

Concretamente o artigo 2 da Lei 12/2006, do 1 de decembro define as fundacións de interese galego como aquelas organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñan afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e desenvolven principalmente as súas actividades e teñan o seu domicilio no territorio da comunidade autónoma.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do sector público, se ben referido ao sector público estatal determina que a fundación do sector público forma parte do sector público institucional e no mesmo senso o artigo 2 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaría

Respecto ao réxime local aplicable as fundacións a Lei 7/85, do 2 de abril, é escasa en canto a regulación das personificacións instrumentais locais, como son, os organismos autónomos e sociedades públicas de capital íntegramente local como forma de xestión directa dos servizos públicos e respecto as fundacións unicamente faise referencia na Disposición adicional novena relativa ao redimensionamiento do sector público local na redacción conferida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sostenibilidade de administración local << 1. *Las Entidades Locales del artículo 3.1 de esta Ley y los organismos autónomos de ellas dependientes no podrán adquirir, constituir o participar en la constitución, directa o indirectamente, de nuevos organismos, entidades, sociedades, consorcios, fundaciones, unidades y demás entes durante el tiempo de vigencia de su plan económico-financiero o de su plan de ajuste.>> e apartado 3 << Los organismos, entidades, sociedades, consorcios, fundaciones, unidades y demás entes que estén adscritos, vinculados o sean dependientes, a efectos del Sistema Europeo de Cuentas, a cualquiera de las Entidades Locales del artículo 3.1 de esta Ley o de sus organismos autónomos, no podrán constituir, participar en la constitución ni adquirir nuevos entes de cualquier tipología, independientemente de su clasificación sectorial en términos de contabilidad nacional.*

4. Aquellos organismos, entidades, sociedades, consorcios, fundaciones, unidades y demás entes que a la entrada en vigor de esta Ley no estén en situación de superávit, equilibrio o resultados positivos de explotación, estuvieran controlados exclusivamente por unidades adscritas, vinculadas o dependientes, a efectos del Sistema Europeo de Cuentas, de cualquiera de las Entidades Locales del artículo 3.1 de esta Ley, o de sus organismos autóno-

mos deberán estar adscritos, vinculados o dependientes directamente a las Entidades Locales del artículo 3.1 de esta Ley, o bien ser disueltos, en ambos casos, en el plazo de tres meses desde la entrada en vigor de esta Ley e iniciar, si se disuelve, el proceso de liquidación en el plazo de tres meses a contar desde la fecha de disolución. De no hacerlo, dichas entidades quedarán automáticamente disueltas transcurridos seis meses desde la entrada en vigor de esta Ley.>>

Cabe sinalar que no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autónoma y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas consta como Fundación da Administración Pública a Fundación Convention Bureau (*) AA PP - 0 1 / 1 2 / 2 0 1 8

Asemade conforme o acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma e conforme o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor.

SEGUNDO.- A cláusula primeira do convenio determina como obxecto a instrumentalización dunha transferencia de financiación para a execución do proxecto “ILLAS CIES PATRIMONIO DA HUMANIDADE 2020” aprobado polo Padroado da FVCB en sesión de data 19 de decembro de 2019 por importe de 250.000 euros prevista na aplicación orzamentaria 4320 4800000 consistente na execución das accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2020.

Neste punto cómpre distinguir entre *entre transferencia e subvención*. No ámbito da contabilidade pública establécese unha diferenciación entre os conceptos de subvención e transferencia Así, as transferencias son entregas dinerarias a outra entidade sen contrapartida directa por parte do beneficiario, para financiar operacións ou actividades non singularizadas.

As subvencións constitúen tamén entregas dinerarias ou en especie dunha entidade a outra sen contrapartida directa por parte do beneficiario. Con todo, neste caso han de destinarse a un fin, a un propósito, a unha actividade ou a un proxecto específico, coa obrigação por parte do beneficiario de cumprir as condicións e requisitos que se estableceron ou, en caso contrario, proceder ao seu reintegro. Con carácter xeral, as subvencións outorgadas polas Administracións Públicas réxense polo réxime xurídico establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en todo o que constituía lexislación básica do Estado, e polas normas das que, nesta materia, dispoña a Comunidade Autónoma.

Por tanto, a regra xeral é que toda entrega dineraria dunha entidade a outra sen contrapartida directa por parte do beneficiario que deba destinarse a unha finalidade específica, hase de axustar á normativa propia en materia de subvencións. Con todo, o apartado 2 do artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións - precepto que é lexislación básica- establece o seguinte: *“Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta Lei as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas, e as que se realicen entre os distintos axentes dunha Administración cuxos orzamentos se integren nos Orzamentos Xerais da Administración á que pertencen, tanto se se destinan a financiar globalmente a súa actividade como á realización de*



Concello de Vigo

actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teña atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

E o artigo 38 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia dispón que <<.. no tienen la consideración de subvenciones las aportaciones dinerarias nominativas a favor de los organismos y de las entidades vinculadas o dependientes de la Administración de la comunidad autónoma destinadas a financiar global o parcialmente su actividad con carácter indiferenciada>>

Neste senso no orzamento municipal do ano 2020 consta na aplicación orzamentaria 4320 4800000 transferencia en concepto CONVENIO XESTIÓN ILLAS CÍES P.H.N por importe de 250.000,00 euros. Consta no expediente de aprobación do presuposto do Concello informe do servizo de turismo de data 04.10.2020 << Que de acordo co disposto no informe de data 9 de febreiro 2018 (Expte.6936-104) ata o ano 2017, a xestión da colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, viñan desenvolvéndose de acordo co establecido no art. 26,1 de Lei 9/2007 de subvencións de Galicia por unha subvención nominativa, enmarcado nun convenio de colaboración, no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención.>>

Respecto ao alcance do artigo 2.2 da LXG cabe sinalar que en Informe da Intervención Xeral do Estado de data 4 de maio de 2007 (Boletín informativo da IGAE n.º 93, año 2007) determina << Así , el artículo 2.2 establece dos tipos de figuras que no tienen la consideración de subvención pública. La primera se refiere a las aportaciones dinerarias realizadas entre diferentes Administraciones Públicas cuando dichas aportaciones tengan por objeto financiar globalmente la actividad de la Administración destinataria. La segunda se refiere, por su parte, a las aportaciones dinerarias que se realicen entre distintos agentes de una misma Administración cuyos presupuestos estén integrados en los Presupuestos Generales de la Administración que se trate, independientemente de que se destinen a financiar globalmente la actividad o una actuación concreta, siempre que no resulte de una convocatoria pública.

O convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2020, recolle na cláusula sétima a xustificación do convenio no seguinte senso:

“1.-A FVCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a transferencia de financiamento. A tal efecto deberá presentar:

a) *Memoria parcial de actuación*, xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente transferencia, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2020 dentro do programa obxecto do primeiro pago, debe presentarse coa solicitude do segundo pago.

A memoria parcial de actuación xustificativa do segundo pago, deberán entregarse xunto coa solicitude do terceiro pago.

A memoria parcial de actuación xustificativa de terceiro pago deberá entregarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2020.

As memorias parciais de actuación deberán conter os datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) *Memoria parcial económica*, xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2020 deberá presentarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2020.

A memoria económica final deberán conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación

2.- A FVCB deberá achegar electrónicamente conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as xustificacións, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

De acordo coas bases de execución presupostaria, segundo o previsto na base 40 relativa ao convenios recolle "Os convenios que regulen gastos que teñan a consideración de subvencións ou transferencias, a súa xustificación someterase á presentación de documentación e xustificantes esixidos con carácter xeral para o réxime de subvencións, quedando sometido o mesmo ao contido do previsto no artigo 65 e 67 do Real Decreto 887/2006, á Lei 38/2003, a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, a Ordenanza de Subvencións si está aprobada, a Base 38a das de Execución do Orzamento e ao PES.

- Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Concretamente o artigo 37 da LXS determina << *También procederá el reintegro de las cantidades percibidas y la exigencia del interés de demora correspondiente desde el momento del pago de la subvención hasta la fecha en que se acuerde la procedencia del reintegro, o la fecha en que el deudor ingrese el reintegro si es anterior a ésta, en los siguientes casos:*

1. *b) Incumplimiento total o parcial del objetivo, de la actividad, del proyecto o la no adopción del comportamiento que fundamentan la concesión de la subvención.*

(...)

2. *Quando el cumplimiento por el beneficiario o, en su caso, entidad colaboradora se **aproxime de modo significativo al cumplimiento total** y se acredite por éstos una actuación inequívocamente tendente a la satisfacción de sus compromisos, la canti-*



Concello de Vigo

dad a reintegrar vendrá determinada por la aplicación de los criterios enunciados en el párrafo n) del apartado 3 del artículo 17 de esta ley o, en su caso, las establecidas en la normativa autonómica reguladora de la subvención. (...)

Así mesmo o artigo 91 do Regulamento da LXS aprobado mediante RD 887/2006 do 21 de xullo establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O artigo 38.1 da LXS establece << As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobro o previsto para o efecto na L47/2003 de 26 de novembro LXO >>

O interese de mora é aplicable segundo o previsto no artigo 38,2 da LXS é o establecido nas leis de Orzamentos do Estado: 3,75% (L.3/2017 PXE e L6/2018 PXE)

O artigo 17 da LXS relativo as Bases reguladoras da concesión das subvencións establecen que las bases de la concesión concretará los criterios de graduación de los posibles incumplimientos de condiciones impostas con motivo de la concesión de la subvención, criterios que *deberán responder ao principio de proporcionalidade. (...)*

Neste senso a entidade manifesta que a execución das accións recollidas na partida B-1.8 non foi posible por estar prevista a súa celebración en espazos públicos e coa participación da cidadanía, debido ás restricións xeradas polo Covid-19. Especificamente estas accións recollidas no Anexo I do convenio presentado o 15 de setembro de 2020 refírense a:

- Evento con 10 artistas urbanos e participación cidadá na praia de Samil.
- Evento de 10 proxectos audiovisuais e fotográficos nas Illas Cíes.

Xa que, con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia. Por Resolución desta Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimasen necesarias. Realizada a reunión constitutiva do Comité na mesma data, propuxéronse unha serie de medidas destinadas a minimizar o risco de contaxio do coronavirus COVID-19, e a protección da poboación e dos empregados municipais, partindo das recomendacións efectuadas polas autoridades administrativas sanitarias. Por sendas Resolucións desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020 adoptáronse acordos de modificación do primeiro paquete de medidas, e de aprobación dun segundo paquete de medidas, que contemplaba, no seu apartado segundo o establecemento do sistema atención presencial na Casa do Concello con cita previa limitado a unha serie de oficinas.

O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activaba o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Posteriormente por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prorrogado por Acordo dos Congressos dos Deputados de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, prorrogado polo Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo Real Decreto 487/2020, do 10 de abril, polo Real Decreto 492/2020 do 24 de abril, Real Decreto 514/2020, do 8 de maio, Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, e polo Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se establecía a duración de o dito estado de alarma ata o día 21 de xuño, no marco do Plan de desescalada fixado polo Goberno do Estado.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño do 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, e unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, establecéronse as medidas precisas para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, modificada por Orde do 15 de agosto, e do 10 de setembro de 2020, sen perxuízo das modificacións introducidas por sucesivas Ordes no Anexo .

Á vista da evolución da pandemia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, por Orde do

14 outubro de 2020 da Consellería de Sanidade se estableceron medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Con posterioridade foi dictada, nova Orde do 21 outubro de 2020 da Consellería de Sanidade se establece unha medida de prevención específica como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. Con posterioridade á dita Orde, fóronse dictando novas Ordes, por parte da Consellería de Sanidade, establecendo medidas de prevención específicas, en relación coas que se ditaron as instrucións precisas por parte desta Alcaldía para instar ás persoas titulares das distintas Concellerías que conforman o goberno municipal á adopción, no ámbito das súas respectivas competencias, das medidas necesarias para o cumprimento das mesmas.

Por Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2., con efectos ata ás 00:00 horas do día 9 de novembro de 2020, sen prexuízo das prórrogas que poidan establecerse. Por Resolución do 29 de outubro de 2020, do Congreso dos Deputados, ordenouse a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

O artigo 40 da LXS referente aos obrigados a reintegro recolle que os beneficiarios e entidades colaboradoras, nos casos contemplados no artigo 37 de esta ley, deberán reintegrar a totalidade ou parte das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora, sin prexuízo do disposto no parágrafo b) do apartado 5 do artigo 31 esta ley no ámbito estatal.



Concello de Vigo

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co seguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Turismo.

Mediante orde de inicio de expediente 7814-104, asinada pola concelleira de Turismo e Xuventude, procedeuse ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada á Fundación Vigo Convention Bureau.

Mediante notificación asinada pola xefa do servizo de Turismo de data 05.02.21, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar alegacións e documentación que considerase oportuna.

Con data 11.02.21 a FVCB achega escrito asinado polo xerente da fundación no que manifesta:

"En resposta ao contido do informe a Fundación Vigo Convention Bureau fai constar o seguinte:

1a.- A non presentación de alegacións.

2a.- Solicita indicacións para proceder ao reintegro da cantidade requirida".

Examinados os expedientes nº7738-104 de solicitude da axuda e de anticipo do 50%, o expediente nº 7766-104 de primeiro pago e o expediente nº7760-104 de segundo pago, e o expte 7784-104 de terceiro pago e expediente nº7738-104 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que logo da xustificación final, resulta procedente a incoación de expediente de REINTEGRO PARCIAL pola diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo e o finalmente xustificado, por importe de **62.500 € e de 565,06€** correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data prevista da adopción do acordo de procedencia do reintegro en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo estimación que se achega na seguinte táboa.

Fª Inicio	Fª Vencimiento	Período	Tipo	Principal	Intereses
20 noviembre 2020	15 febrero 2021	88 días	3,75%	62.500€	565,06€
Importe total					
63.065,06€					

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal ; previa a conformidade da Concelleira de Turismo e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19.06.2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO.- Requirir á FUNDACION VIGO CONVENTION BUREAU, (NIF G-27722883) o reintegro parcial da cantidade de 63.065,06€ que se corresponde coa diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo da axuda concedida e o finalmente xustificado por importe de 62.500€ ao que se engaden 565,06€ correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago ata a data da adopción do presente acordo; dacordo co disposto na regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

SEGUNDO.- Dar conta á entidade do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Deberá efectuar o aboamento nos prazos indicados (art. 62.2 LXT):



Concello de Vigo

Se recibe a notificación da resolución entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se recibe a notificación da resolución entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(427).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE VERÁN XOVE 2021. EXPTE. 9231/336.

Visto o informe xurídico do 10/05/21 e o informe de fiscalización do 13/05/21, dáse conta do informe-proposta do 10/05/21, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- O Concello de Vigo, a través do seu programa Verán Xove 2021, pon en marcha os campamentos urbanos e actividades estivais, co obxecto de ofertar un tempo de lecer educativo dentro da propia cidade.

Ademais, preténdese favorecer o emprego e a participación xuvenil, así como facilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das mulleres e dos homes da cidade de Vigo.

2.- A programación Verán Xove 2021 está composta por:

I.- Actividades de Campamentos urbanos (para nados/as entre o ano 2017 e 2004).

II.- Por todo elo, e segundo o programa elaborado, para os meses de xuño, xullo, agosto está previsto que a Concellería de Xuventude oferte un total de 2.388 prazas en campamentos urbanos, (expedientes contratación nº: 9198-336/9197-336/9219-336/9229-336).

TÁBOA I: PROGRAMA VERÁN XOVE 2021

ACTIVIDADE	DATAS	ANO NACE- MENTO	Nº PRA- ZAS	PREZO
CAMPAMENTO VIGO-ZOO	✓ Quenda 1: 28/06-09/07 ✓ Quenda 2: 12/07-23/07. ✓ Quenda 3: 26/07-06/08 ✓ Quenda 4: 9/08- 20/08	2009-2015	208	45,00 €

VERÁN EN SAMIL	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Quenda 1: 28/06-09/07 ✓ Quenda 2: 12/07-23/07. ✓ Quenda 3: 26/07-06/08 ✓ Quenda 4: 9/08-20/08 	2009-2017	200	45,00 €
VERÁN EN INGLÉS	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Quenda 1: 5 /07-16/07. ✓ Quenda 2: 19/07-30/07 	2009-2013	100	45,00 €
VERÁN EN NAVIA	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Quenda 1: 28/06-09/07 ✓ Quenda 2: 12/07-23/07 ✓ Quenda 3: 26/07-06/08 	2009-2017	195	45,00 €
VERÁN VIGOSÓNICO EN	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Quenda 1: 28/06-09/07 ✓ Quenda 2: 12/07-23/07 ✓ Quenda 3: 26/07-06/08 	2009-2017	195	45,00 €
VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Quenda 1: 5/07-16/07. ✓ Quenda 2: 19/07-30/07 	2009-2017	60	Gratuíto
VERÁN EN COIA	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Quenda 1: 5/07-16/07. ✓ Quenda 2: 19/07-30/07 	2009-2017	60	Gratuíto
VERÁN MARIÑEIRO	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Quenda 1: 28/06-09/07 ✓ Quenda 2: 12/07-23/07. ✓ Quenda 3: 26/07-06/08 ✓ Quenda 4: 9/08-20/08 	2009-2015	200	45 €



Concello de Vigo

VERÁN NÁUTICO NA ETEA	✓ Quenda 1: 28/06-09/07 ✓ Quenda 2: 12/07-23/07. ✓ Quenda 3: 26/07-06/08 ✓ Quenda 4: 9/08-20/08	2004-2013	320	45 €
VERÁN NÁUTICO EN BOUZAS	✓ Quenda 1: 28/06-09/07 ✓ Quenda 2: 12/07-23/07. ✓ Quenda 3: 26/07-06/08 ✓ Quenda 4: 9/08-20/08	2004-2013	200	45 €
CAMPAMENTO URBANO NAS TRAVESAS	✓ 02/08-13/08	2007-2013	450	Gratuito
Total prazas campamentos Xuventude			2188	

III.- Os prezos establecidos para cada unha das actividades que desenvolverá a Concellería de Xuventude terán a condición de prezos públicos, segundo o recollido na ordenanza nº 42 , publicada no BOP do 29 de novembro de 2018, sobre a participación noutras actividades ou programas do Concello en contía variable segundo cada actividade , os cales figuran na Táboa I, sen que estes superen en ningún caso o custe unitario do programa ou servizo , segundo figura na Táboa II.

TÁBOA II: CUSTE REAL DOS CAMPAMENTOS

ACTIVIDADE	Nº PRAZAS	PREZO ADXUDICACIÓN/ LICITACIÓN	IMPORTE PRAZA
CAMPAMENTO EN VIGOZOO (lote 10) CONTRATO MODIFICADO****	208	36.997,06 €	177,87 €
VERÁN EN SAMIL (lote 4)**	200	18.568,00 €	92,84 €
VERÁN EN ALCABRE (lote 5)**	200	18.568,00 €	92,84 €
VERÁN EN INGLÉS (lote 9)**	100	11.588,14 €	115,88 €
VERÁN EN NAVIA (lote 6)**	195	16.912,00 €	86,72 €
VERÁN EN VIGOSÓNICO (lote 7)**	195	17.590,00 €	90,20 €
VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE *	60	5.767,50 € *	96,12 €

VERÁN en COIA*	60	5.767,50 € *	96,12 €
VERÁN MARIÑEIRO (lote 3)***	200	23.126,45 €	115,63 €
VERÁN NÁUTICO na ETEA (lote 2)***	320	33.942,70 €	106,07 €
VERÁN NÁUTICO EN BOUZAS (lote 1)***	200	23.126,45 €	115,63 €
CAMPAMENTO URBANO NAS TRAVESAS *****	450	15.000,00 €	33,33 €

* Prezo prorrateado de un mes do contrato anual de xestión do Servizo de Dinamización Infantil.

** Contratos relacionados co expediente 9197-336

*** Contratos relacionados co expediente 9219-336

**** Contrato relacionado co expediente 9198-336

***** Contrato relacionado co expediente 9229-336

IV. Así mesmo é necesario establecer as bases reguladoras do programa para o outorgamento das prazas para participar nas distintas actividades:

BASES DE CONVOCATORIA, PROCEDEMENTO DE INSCRIPCIÓN, PROTOCOLO ACTUACIÓN E PROGRAMA DE ACTIVIDADES.-

As actividades de Verán Xove 2021 van dirixidas á poboación infantil e xuvenil da cidade de Vigo, sendo requirimento imprescindible estar empadroad/a no Concello de Vigo.

1. REXISTRO DE SOLICITANTES, SOLICITUDE TELEMÁTICA DE PARTICIPANTES E PRIMEIRA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

a) Rexistro de solicitantes e solicitude telemática de participantes.

Prazo: ata o 4 de xuño

Solicitantes: Serán solicitantes das actividades ofertadas nos Campamentos Urbanos do Concello de Vigo, o/a pai/nai/titor/titora. Cada solicitante pode incorporar na mesma solicitude un/unha ou máis fillos/as ou titorados/as.

Rexistro de solicitantes. As prazas para a participación no programa serán outorgadas por sorteo. Para poder realizar as solicitudes de prazas nos Campamentos urbanos do Concello de Vigo é preciso previamente darse de alta como solicitante, inscribir ás/lós menores e solicitar as actividades, na Área Privada da páxina web **veran.xuventudevigo.org**.

Unha vez realizada a alta, asignarase o número de solicitude que permitirá identificar á persoa solicitante e que será empregado no momento do sorteo. Este número aparecerá na pantalla do terminal ao finalizar o proceso de rexistro, na súa área privada e, ademais, seralle remitido ao correo electrónico (no caso de telo aportado).



Concello de Vigo

Só poderá haber un/unha pai/nai/titor/titora solicitante por rapaz/rapaza, sendo excluídos do proceso no caso de que haxa máis dunha solicitude para un mesmo rapaz ou rapaza. Cada solicitante só poderá inscribir aos seus fillos/as, titorados/as.

Participantes: serán participantes nos Campamentos Urbanos do Concello de Vigo os rapaces e as rapazas de Vigo nados/as entre os anos 2004 e 2017. Cada participante só poderá participar nun campamento.

Solicitude telemática. Na área privada da web, cada solicitante pode introducir os datos de un/unha ou máis participantes para os/as que se solicita praza, indicando as preferencias de actividades e quendas. Estes datos poderanse modificar ata o momento no que se peche o proceso de "Rexistro de solicitantes e solicitude telemática", sendo válida unicamente a última modificación efectuada.

Anularanse as solicitudes con datos incorrectos ou incompletos, así como aquelas que no momento da formalización da inscrición da praza non concorde co reflectido na solicitude.

Solicitude múltiple. Unha mesma persoa poderá solicitar praza para máis de un/unha fillo/a ou titorado/a, coas mesmas ou distintas preferencias, sendo cada solicitude tratada unha a continuación da outra no proceso de adxudicación.

As institucións que realicen acollemento residencial de menores en situación de tutela ou garda administrativa asimiláranse como caso de solicitude múltiple.

Actividades e quendas escollidas: un máximo de 3, por orde de preferencia.

Seguimento da solicitude. Deberase visualizar o estado da solicitude de cada participante na área privada. Os estados posibles son: "solicitude realizada" (agardando adxudicación de praza), "pendente formalización" (unha vez adxudicada pero sen pechar o proceso de formalización da praza); "praza formalizada" (unha vez adxudicada e formalizada a praza) ou "baixa" (por ter sido excluído, por renunciar, por non ter formalizado a praza ou por non ter atendido á corrección de erros).

b) Primeira adxudicación de prazas.

Listado definitivo de solicitudes. Con antelación ao acto do sorteo publicarase o listado definitivo de solicitudes na páxina web de xuventudevigo.org, indicando número de solicitude e preferencias escollidas. Deste listado quedarán excluídas as solicitudes con datos incorrectos ou incompletos, así como nas que se detecte que dúas persoas solicitantes inclúen ao mesmo rapaz ou rapaza en distintas solicitudes. O soporte dixital deste listado definitivo será o empregado no proceso de adxudicación.

Método de adxudicación de prazas: por sorteo entre todos os números de solicitude admitidos.

Acto do sorteo: por motivo da situación actual ocasionada pola crise sanitaria COVID-19, realizarase sen asistencia de público o día **7 de xuño ás 11:00 h.** Neste sorteo determinarase unicamente o primeiro número de inicio do proceso. Na sesión estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do mesmo.

Proceso de adxudicación: unha vez rematado o acto de sorteo, a Concellería de Xuventude iniciará a adxudicación de participantes a actividades e quendas. A partir do número de solicitude resultante do sorteo, seguindo a orde do "Listado definitivo de solicitudes" ata o final do mesmo, e proseguindo dende o primeiro número do listado ata

chegar ao número de solicitude previo ao sorteado, procederase do seguinte xeito para cada caso:

- a) **Primeira opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicáraselle; de non habela, pasarase á segunda opción.
- b) **Segunda opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicáraselle; de non habela, pasarase á terceira e última opción.
- c) **Terceira opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicáraselle; no caso de non habela, o/a participante queda sen praza neste primeiro proceso de adxudicación, optando automaticamente ás prazas dispoñibles na segunda adxudicación.

Nos casos de solicitude múltiple, aplicaráselle o procedemento descrito a cada unha das persoas participantes asociados á mesma.

Ao concluír o proceso quedarán adxudicadas as prazas dos campamentos dando lugar ao Primeiro listado de adxudicación de prazas por campamentos. **Publicarase o 7 xuño** na web xuventudevigo.org

Lista de agarda. As solicitudes non atendidas pasarán a formar parte dun listado de solicitudes pendentes de adxudicación ou lista de agarda. O citado listado conterá os mesmos campos que o listado definitivo de solicitudes, e será o empregado para o proceso da segunda adxudicación de prazas.

2. FORMALIZACIÓN DA INSCRIPCIÓN, ADXUDICACIÓN DEFINITIVA, CORRECCIÓN DE ERROS NA DOCUMENTACIÓN E EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES.

2.1 Formalización da inscrición da praza para solicitudes admitidas.

Prazo: ata o 12 de xuño

Vía telemática: a través da área privada da web. Non se admitirá documentación por correo electrónico.

Documentación a presentar:

- Fotocopia do libro de familia, no caso de non ter DNI o/a menor.
- O pago dos campamentos só se poderá realizar de maneira electrónica.

2.2 Adxudicación definitiva e corrección de erros na documentación.

Se no proceso de comprobación se detecta a ausencia dalgún documento ou algún outro erro, requiríraselle ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para que no prazo de 10 días (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e informaráselle de que, no caso de non facelo, entenderase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Unha vez comprobada toda a documentación, coa correspondente corrección de erros se fose o caso, a praza quedará asignada definitivamente. Na área privada da web o estado da persoa participante pasará a ser "praza formalizada".



Concello de Vigo

2.3 Exclusión de solicitudes.

Son motivos de exclusión automática do procedemento de adxudicación definitiva de prazas:

- Renunciar á praza adxudicada a través da área privada da web.
- Non ter realizado o correspondente pagamento, se a actividade así o require. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave e debidamente acreditada co correspondente xustificante médico (enfermidade, accidente...)
- Non presentar toda a documentación requirida ou non corrixir os erros no prazo sinalado.
- Falsear datos no formulario de rexistro.

Na área privada da web o estado da persoa participante pasará a ser “baixa”.

3. SEGUNDA ADXUDICACIÓN, FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN PARA PRAZAS VACANTES, ADXUDICACIÓN DEFINITIVA E EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES.

3.1 Segunda adxudicación de prazas.

Listado definitivo de vacantes por campamentos (14 de xuño). A partir do listado provisional de prazas vacantes por campamentos, e unha vez completado o proceso da primeira adxudicación, elaborárase o listado definitivo de prazas vacantes por campamentos, incluíndo as prazas procedentes da exclusión de solicitudes. Publicarase o mesmo na web.

Método de adxudicación de prazas: O día 15 de xuño será a adxudicación directa entre as persoas participantes recollidas na lista de agarda seguindo o mesmo método da primeira adxudicación.

3.2 Formalización da inscrición de prazas vacantes, adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes

Prazo: ata o 19 de xuño.

Lugar e documentación a presentar: igual que para a primeira adxudicación

Corrección de erros (21 de xuño): seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación. Se no proceso de comprobación se detecta a ausencia dalgún documento ou algún outro erro, requiriráselle ao solicitante.

Exclusión de solicitudes: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

Adxudicación definitiva: unha vez entregada correctamente a documentación considerase a adxudicación como definitiva.

Exclusión de solicitudes: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

Devolución da cota de inscrición

Se, unha vez obtida a praza e realizado o pagamento correspondente, a/o menor non pode asistir ao campamento, só terá dereito á devolución da cantidade aboada no caso de que se xustifique documentalmente e polos seguintes motivos :

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico).
- Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar xustificación do motivo).

No caso de non prestación do servizo por causas non imputadas á persoa interesada ou anulación da actividade pola administración a solicitude de devolución da cota presentárase unha vez comunicadas as causas de non prestación do servizo e no prazo de 20 días naturais dende a comunicación e poderá presentarse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP.

PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN CON MOTIVO DO COVID-19 E OBRIGAS PARA PARTICIPAR NOS CAMPAMENTOS .

• Protocolo de recepción e despedida de menores:

- Declaración responsable de proxenitores/titores onde garantan que a saúde do neno/a durante os 14 días previos á entrada no campamento foi a axeitada e non sufriu nin tose, nin febre, nin cansazo ou falta de aire; así como que non estivo en contacto con ninguén con dita sintomatoloxía. Trataríase dunha medida ao inicio do campamento que se cotexaría o 1º día de actividade.
- Medidas para a entrada de cada día:
- Confirmar que non se identificou ningunha situación que contraveña a Declaración responsable.
- Toma da temperatura con termómetro sen contacto, se a situación nese momento o require.
- Desinfección de mans e/ou calzado, se procede.
- No caso de empregar o servizo friameira, depositarase a mochila/nevera da comida no espazo de comedor onde se vai realizar o servizo.

• Medidas para a saída de cada día:

- Informar á persoa que recolle aos menores se houbo algunha incidencia.
- Desinfección de mans.

• Medidas de seguridade durante as actividades:

- Acción formativa “Normas do campamento seguro” a celebrar o primeiro día, onde se incluírá ao repertorio habitual un apartado de “Medidas de seguridade ante Covid-19”, no que se indicarán as seguintes medidas:
- Contextualización das medidas (en función da fase da crise sanitaria).
- Lavado das mans antes da merenda e, se procede, da comida.
- Lavado das mans despois de ir ao baño e despois de actividades que puidera supor o contacto con superficies “con risco” (xogo libre, actividades en instalacións comúns etc).
- Separación dos grupos maior ao que sería o habitual (con maior ou menor intensidade en función da fase da crise sanitaria).
- Criterios de comportamento ante: a) tose/estorudo, b) contacto das mans con ollos/nariz/boca, c) relación con compañeiros/as de grupo (distancia de seguridade) , d) relación con terceiros (distancia de seguridade).



Concello de Vigo

- **Espazo de actividade permanente:**
 - Por grupo, no que estarán depositadas as mochilas e un kit de material exclusivo e desinfectado ao inicio da quenda (lapis, pinturas, gomas, tixeiras, papel, etc). Estes espazos estarán o máis ventilados posible.
- **Espazos de actividade compartidos:**
 - Unha vez realizada unha actividade non se poderá realizar outra actividade ata o seguinte día, para que haxa tempo para hixienizar por parte do servizo de limpeza. Espazos de xogo libre (na zona de entrada ou no interior da instalación), separaranse os grupos para que non se mesturen.
- **Materiais de actividade compartidos** (material deportivo, de xogos, etc):
 - Unha vez realizada unha actividade, o monitor/a designado/a procederá á súa desinfección cos produtos homologados correspondentes, non podendo ser empregado por outro grupo ata que se realice. Haberá unha ficha de seguimento de desinfeccións de materiais compartidos.
- **Servizo Friameira (opcional).** Para a prestación deste servizo, habilitaríase un espazo exclusivo, no que se colocarían mesas corridas con mantel de un só uso. A disposición de cadeiras sería alterna e de xeito que non coincida con outra enfronte. Cada mañá, os/as usuarios/as do servizo colocarían nas cadeiras habilitadas a súa correspondente mochila/neveira coa comida (a poder ser que non requira uso de neveira externa para non ter que manipular recipientes) .
 - O Concello de Vigo facilitará aos participantes o primeiro día de campamento unha pequena bolsa/neveira para que traian a merenda.
 - Sobre as 14:00 iníciarase o servizo previo lavado de mans. En ningún momento poderase compartir comida entre usuarios. En caso de necesidade, poderase empregar un microondas, que será xestionado co apoio dun monitor/ra. Ao rematar de comer, cada usuario/a botará no lixo os residuos, recollerá a mochila/neveira e procederá a lavar as mans. En todo momento os usuarios/as estarán atendidos por un número suficiente de monitores que garanta que efectúen a comida correctamente e coas garantías de hixiene e distanciamento procedentes.
- **As persoas participantes nos campamentos están obrigadas a:**
 - Non acudir á actividade si durante os 14 días previos á entrada ao campamento padeceu tose, febre, cansazo o falta de aire. Ademais de non haber estado en contacto con ninguén con dita sintomatoloxía
 - Incorporarse á actividade nos prazos e horarios establecidos.
 - Acudir á actividade cumprindo con todas as medidas ditadas polas autoridades sanitarias, debendo traer mascareilla si nese momento considérase necesaria a súa utilización.
 - A non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable da actividade.
 - A identificarse para a recollida das/os menores á finalización diaria do campamento. Sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran como autorizados/as na solicitude.
 - A respectar as normas establecidas polos equipos de monitorado de cada campamento, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolva.
 - A non transferir a praza asignada.

Todas as cuestións que podan derivarse da interpretación destas bases serán resoltas polo Servizo de Xuventude.

As persoas solicitantes autorizan expresamente ao Servizo de Xuventude a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas. Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a Concellería de Xuventude publicará na súa páxina web oficial a relación dos/as adxudicatarios/as, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as adxudicatarios/as e da súa publicación na citada páxina web.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos mesmos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión. Non en tanto, e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, respectarase o carácter confidencial da información dos/as beneficiarios/as á que se teña acceso como consecuencia da concesión das prazas, non podendo utilizala con finalidade distinta á establecida nas bases reguladoras desta convocatoria.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases desta convocatoria.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

CAMPAMENTO EN VIGOZOO: 4 quendas de 10 días/52 participantes

Actividades:

Excursión ao Parque Forestal da Madroa.

Xogos de auga.

Obradoiros medioambientais e de familias animais de VigoZoo

Visita guiada polo Zoo

Obradoiros artísticos.

Viaxeiros/reporteiros VigoZoo

Festa de despedida.

Horario: 7:45 a 15:30 h

Lugar: VigoZoo

Ano nacemento: 2009-2015

Quendas	Datas	Prezo
1 ^a	28/06-09/07	45,00 €
2 ^a	12/07-23/07	45,00 €
3 ^a	26/07-06/08	45,00 €
4 ^a	09/08-20/08	45,00 €

VERÁN EN SAMIL: 4 quendas/50 participantes

Actividades: Obradoiros, animacións, contacontos.

Xincana xogos tradicionais



Concello de Vigo

Baño e xogos de auga e area

Escultura e murais, obradoiros

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo de friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h

Ano nacemento: 2009-2017

Lugar: Complexo Deportivo de Samil

Quendas	Datas	Prezo
1ª	28/06-09/07	45,00 €
2ª	12/07-23/07	45,00 €
3ª	26/07-06/08	45,00 €
4ª	09/08-20/08	45,00 €

VERÁN EN ALCABRE: 4 quendas/50 participantes

Actividades: Xogos de presentación, día da escultura de area, xogos de auga.

Xincanas

Baile e música.

Obradoiros

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo de friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h

Ano nacemento: 2009-2017

Lugar: Colexio Javier Sensat

Quendas	Datas	Prezo
1ª	28/06-09/07	45,00 €
2ª	12/07-23/07	45,00 €
3ª	26/07-06/08	45,00 €
4ª	09/08-20/08	45,00 €

VERÁN EN INGLÉS: 2 quendas/50 participantes

Actividades: Xogos narrativos de improvisación e dinámicas de grupo teatrais

Baile, manualidades.

Inglés nas redes sociais.

Aula matinal de reforzo escolar de inglés.

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Ano nacemento: 2009-2013

Lugar: Colexio Dr. Fleming

Quendas	Datas	Prezo
1ª	12/07-23/07	45,00 €
2ª	26/07-06/08	45,00 €

VERÁN EN NAVIA: 3 quendas/65 participantes

Actividades: Obradoiros de horta urbana, de comida sudable, Obradoiro 3Rs (Reducir-Reutilizar-Reciclar)

Obradoiro Aves, Obradoiro Anfibios, Obradoiro Insectos e microfauna

Visita zonas verdes Navia

Horario: 7:45:ha 15:15 h.de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h.

Ano nacemento: 2009-2017

Lugar: Pavillón de Navia

Quendas	Datas	Prezo
1 ^a	28/06-09/07	45,00 €
2 ^a	12/07-23/07	45,00 €
3 ^a	26/07-06/08	45,00 €

VERÁN EN VIGOSÓNICO: 3 quendas/65 participantes

Actividades: obradoiros de : Pintura, Fotografía, Percusión , Circo, Escultura, Ilustración, Xollería ,Arte urbano, Caracterización

Xogos musicais,Espectáculos, Minishow, Minidisco.

Horario: 7:45h. a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Ano nacemento: 2009-2017

Lugar: VigoSónico

Quendas	Datas	Prezo
1 ^a	28/06-09/07	45,00 €
2 ^a	12/07-23/07	45,00 €
3 ^a	26/07-06/08	45,00 €

VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE: 2 quendas /30 participantes

Actividades: obradoiros, xogos predeportivos sen contacto, xogos de auga, festas temáticas, saídas a pé.

Horario: 7:45:h a 15:00h a venres. Aula matinal de 8 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h.

Ano nacemento: 2009-2017

Lugar: Casa da Xuventude

Quenda	Datas	Prezo
S		
1 ^a	Do 5 ao 16 de xullo	Gratuíto*
2 ^a	Do 19 ao 30 de xullo	Gratuíto*

VERÁN en COIA: 2 quendas/30 participantes

Actividades: obradoiros, xogos pre-deportivos sen contacto, xogos de pistas, xincanas, festas temáticas, saídas á praia...

Horario: : 7:45:h a 15:00h a venres. Aula matinal de 8 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Ano nacemento: 2009-2017

Lugar: Pavillón de Coia

Quendas	Datas	Prezo
1 ^a	Do 5 ao 16 de xullo	Gratuíto*
2 ^a	Do 19 ao 30 de xullo	Gratuíto*



Concello de Vigo

VERÁN MARIÑEIRO: 4 quendas/50 participantes

Actividades: Actividades de navegación en piragua e en embarcacións tradicionais, coñecemento do patrimonio cultural marítimo, coñecemento da beiramar e dos recursos que ofrece, xogos.

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Ano nacemento: 2009-2015

Lugar: Pavillón e praia de Bouzas

Quendas	Datas	Prezo
1 ^a	28/06-09/07	45,00 €
2 ^a	12/07-23/07	45,00 €
3 ^a	26/07-06/08	45,00 €
4 ^a	09/08-20/08	45,00 €

VERÁN NÁUTICO na ETEA: 4 quendas/80 participantes

Actividades: náuticas (kaiak, windsurf, vela lixeira, deportes de arrastre...) e terrestres (xogos, saídas culturais, obradoiros...).

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Ano nacemento: 2004-2013

Lugar: pavillón e praia da ETEA

Quendas	Datas	Prezo
1 ^a	28/06-09/07	45,00 €
2 ^a	12/07-23/07	45,00 €
3 ^a	26/07-06/08	45,00 €
4 ^a	09/08-20/08	45,00 €

VERÁN NÁUTICO en BOUZAS:: 4 quendas/50 participantes

Actividades: náuticas (kaiak, windsurf, vela lixeira, deportes de arrastre...) e terrestres (xogos, obradoiros...).

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Ano nacemento: 2004-2013

Lugar: Pavillón e praia de Bouzas

Quendas	Datas	Prezo
1 ^a	28/06-09/07	45,00 €
2 ^a	12/07-23/07	45,00 €
3 ^a	26/07-06/08	45,00 €
4 ^a	09/08-20/08	45,00 €

CAMPAMENTO URBANO NAS TRAVESAS 450 participantes

Actividades: O Circo do Urbano: Un campamento para a ilusión. Propoñemos

unha aventura divertida co circo do Campamento Urbano que nos axude a ser máis amigos e amigas, solidarios e solidarias, a portarnos ben e ser mellores persoas e cidadáns/ás e a xogar de maneira san e segura.

Horario: 8:00 a 15:00 de luns a venres. Agás días excursión de todo o día. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h.

Ano nacemento: 2007-2013

Lugar: Complexo deportivo das Travesas

Quenda	Datas	Prezo
1 ^a	Do 2 ao 13 de agosto	Gratuíto

Por todo elo, e en base ao anteriormente exposto, formúlase **á Xunta de Goberno Local a seguinte**

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o programa de Actividades de Verán Xove 2021 recollido no informe previo da Xefa do Servizo de Xuventude, consistente en 2.388 prazas de campamentos da Concellería de Xuventude para nenos e nenas nado/as entre os anos 2004 e 2017.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante de conformidade co recollido na Táboa I.

Terceiro.- Aprobar as bases que regularan o procedemento de inscrición e solicitude de participantes, así como a adxudicación de prazas de campamentos de conformidade co recollido no informe previo a esta proposta”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de aprobación do Proxecto de “Humanización da Praza Francisco Fernández del Riego”. Expte. 4713/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos



Concello de Vigo

membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

23(428).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”. EXPTE. 4713/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 18/05/21, dáse conta do informe-proposta do 14/05/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En data 22/04/2021 a Xunta de Goberno Local aprobou o o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”, redactado polo Arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS DOCE MIL CENTO DEZANOVE EUROS CON UN CÉNTIMOS (2.312.119,01 €) e data abril de 2021 e con sinatura dixital de 16/04/2021.

II.- Detectado un erro no orzamento base de licitación, procédese a súa corrección, levando a cabo, así mesmo, unha reformulación da memoria e anexos do proxecto. O importe final do orzamento base de licitación, unha vez corrixido o erro inicial é de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (2.320.000,00 €), coa conseguinte nova presentación do proxecto polo seu redactor, o Arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite o 12/05/2021 e con sinatura dixital de datas 15/03, 16/04 e 12/05/2021.

III.- O proxecto comprende as obras de humanización da Praza Francisco Fernández del Riego:

- A intervención que se pretende acometer ten como concepto converter este ámbito en nexo de unión entre O Castro, Gran Vía, Praza España e Calle Venezuela, todo iso apoiado por dúas pérgolas que servirán de espazos de luz e sombra con áreas de descanso para os usuarios. Ditas estruturas albergarán un espazo sostible con zonas verdes, incorporación do actual vial norte e sur como zona peonil ampliando a súa superficie en mais dun 30% e un aumento das zonas verdes.
- Preténdese un entorno sostible acorde cos estándares de criterio e deseño actuais.

➤ Ademais contéplase, unha nova pavimentación da praza, a renovación das redes de sumidoiros, de abastecemento de auga, de alumado público, electricidade, comunicacións e da rede de gas. Así como a colocación de novo mobiliario urbano.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) meses.

IV.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asistencia Municipal emite en data 13/05/2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente no que expón o seguinte:

“(…)

A Praza Francisco Fernández del Riego, no tramo obxecto do presente proxecto, está indicada como solo urbano consolidado no planeamento actualmente vixente do concello de Vigo (PXOU 93) e cumpre os requisitos para considerarse incluída en dita clasificación (existencia de zonas reservadas ao tráfico peonil, firmes adecuados, existencia de servizos de abastecemento, saneamento e recollida de augas pluviais, electrificación, gas e telecomunicacións).

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Xa que a contía do proxecto é superior a 500.000,00 euros, polo tanto, este informe ten carácter preceptivo. Art. 235 da lei 9/2017.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de



Concello de Vigo

Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO", cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (2.320.000,00 €) de data 12/05/2021 e e con sinatura dixital de datas 15/03, 16/04 e 12/05/2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(429).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez